

O SENTIDIÑO TRAIADOR

Estamos diante dunha nova derrota electoral do arco da esquerda progresista e nacionalista en Galiza. Negativa nas súas consecuencias, por máis que nalgúns sectores se poida dicir que o ocorrido no pasado 18 'muda a nosa historia'. Para quen leva participando nos procesos socio-políticos desde os pasados anos 70, o anterior é máis difícil de soste.

A nosa é unha sociedade cun gravísimo problema demográfico con graves consecuencias en canto ao desenvolvemento educativo e non menos graves para o conxunto da sociedade galega: cunha poboación envellecida (case 800.000 persoas de máis de 65 anos); con menores expectativas en canto á transformación social, dados os índices relativos de calidade de vida actual ('con todo, nunca se viviu mellor' óese dicir entre os maiores); da Terra marcharon por riba de 150.000 mozos e mozas nos últimos vinte anos, co que isto significa de perda social e colectiva; e as crianzas non abundan.

Como contrapartida, aí temos a fortuna electoral dos conservadores do PP de Galicia. Aínda investindo menos en total, pódese atender 'razoablemente' a educación desde o punto de vista comparativo, tal como as estatísticas veñen poñendo de relevo, no sentir sociolóxico. Poida que sexa por isto que tampouco os programas electorais destas pasadas autonómicas fixeron cuestión notable da educación de todos e todas, de non ser na letra máis miúda do BNG e de Sumar.

A reclamación da gratuidade xeral dos libros de texto e a matriculación gratuíta no inicio dos estudos universitarios foron case os asuntos 'estrela'. Mentres, a cuestión da galeguización educativa foi salientada groseiramente polo PP como 'imposición', aproveitando a non modulación e carencia de explicación didáctica (pedagogía política) de por parte neste caso do BNG.

Mentres, numerosos asuntos seguen quedando ao pairo: o papel social do ensino privado, singularmente no sector do ensino privado de elite (con consistencia sociolóxica evidente), que non contribúe a unha vida colectiva de cooperación social; a parcial desconsideración da educación nas contornas rurais; a elaboración, experimentación e revisión reflexiva de plans e orientacións curriculares; o apoio á acción didáctica mediante servizos de creación de recursos e materiais didácticos, sendo substituído polos 'paquetes dixitais (ou non)' elaborados empresarialmente e desde o exterior da sociedade galega; unha máis adecuada profesionalización e formación inicial e en servizo dos e das profesionais e técnicas da educación; os programas de incorporación socio-cultural e lingüística dos fillos e fillas da crecente poboación migrante, deixando de afrontar situacións que son ocasión de desigualdade e de desintegración social con efectos (senón inmediatos) que se poderán percibir máis adiante; a disposición equilibrada e elevada do ben da educación para todos e todas; a mellor atención formativa do alumnado universitario, por exemplo, na grande área das ciencias sociais.

Tamén desde a Consellería de Educación gustan de falar do *sentidiño*, na vez de xerar procesos de debate, de elaboración, de contraste e de esixencia (crítica), participados e sen dúbida en escenarios ordenados, acompañando os programas de acción. No seu lugar, o *sentidiño* traizóanos colectivamente. Galiza vai deixando de ser unha nación cívica e consciente mentres vai adquirindo trazos de 'sociedade austríaca conservadora' e vai ensumíndose nos seus horizontes de transformación, que son os horizontes propios dunha sociedade dinámica, complexa, integradora democraticamente, consciente de si e aberta ao mundo, a que deberíamos construír. Un reto para toda a sociedade; un reto para unha máis asisada cooperación entre os sectores políticos de esquerda e nacionalistas, de mans dadas e aprendendo e constatando (máis alá das dificultades) o mellor de cada casa, para mellor garantía de avance social.

Un camiño por andar. ■

(Escrito e aprobado o 25.II.2024)

SUM

Interxeracionalidade



6 O tema: *Interxeracionalidade*

8 Resumos / Resúmenes / Abstracts

12 *Interxeracionalidade como recurso educativo*

M^a del Carmen Gutiérrez Moar

16 *Proxecto de mediación interxeracional*

Alba Moraña Boullosa, Silvia María Montes Castro, Beatriz Pereira Montes e Adriana Pérez Martínez

19 *Betanzos Radio Interxeracional: unha experiencia de inclusión socioeducativa*

Sergio Pascual Espinilla e Lucía Abarrategui Amado

23 *20 anos das Xornadas Interxeracionais de Cabreiros. Un proxecto interxeracional compartido*

Xosé Manuel Felpeto Carballeira, Xesús Rodríguez Rodríguez, Laura Cabarcos Camba, Marta María López Pardo e M^a Carmen Guizán Souto

26 *O Pobo Escola (CDR O Viso): A comunidade como potenciadora da interxeracionalidade*

Equipo Educativo CDR O Viso

29 «Fálame da emigración»: o valor da experiencia nos centros educativos de secundaria

Ana Doval, Sabela Couceiro, Julián Ferrer, Delfina Ruibal e Teresa Bellón

32 *As Xornadas Interxeracionais de Dinamización do Medio Rural Follas de Vida*

María Esther Pérez Enríquez

36 *LIXG: avoas e avós, o elo co pasado*

Pilar Sampedro

39 *Para sabermos algo máis...*

Lucía Abarrategui Amado

42 **Entrevista**

Conversa con Mariano Sánchez

Lucía Abarrategui Amado

46 **Lingua**

Aquí tamén se fala: unha experiencia de dinamización lingüística en contexto urbano

Alberto Pombo

50 **Experiencias**

20 anos de xogos interxeracionais en Ourense

Millán Brea Castro

52 **Experiencias**

Tempo de nada ou como caen as follas e non caen os froitos. Pensares dende a experiencia....

Celso Fernández Sanmartín

68 **Experiencias**

QUEN SON? Experiencia interxeracional para achegar o alzhéimer aos nenos/as

María Esther Trashorras de la Fuente

56 **Educación no rural**

Aula Promociona. Polo éxito educativo do alumnado xitano

Noelia Da Rocha Calvo

REVISTA
GALEGA
DE EDUCACIÓN

Num. 88
abril 2024

D.L.: C-22/1986
ISSN: 1132-8932

Dirección

Uxía Bolaño Amigo (Profesora de Conservatorio)
Ana Parada Gañete (Orientadora de Secundaria)

Consello de Redacción

Noelia Antelo Blanco (Mestra de Educación Infantil)
Xosé Armas Castro (Profesor de Universidade)
Marcos Chavarría Teixeira (Profesor de Secundaria)
Antía Cores Torres (Mestra de Educación Primaria)
Xesús Ferreiro Núñez (Profesor de Universidade)
Silvia López Gómez (Profesora de Universidade)
Xesús Rodríguez Rodríguez (Profesor de Universidade)
Pilar Sampedro Martínez (Mestra)
Sara Varela Rama (Mestra de Educación Infantil)

Supervisión lingüística

Xesús Portas Ferro (Mestre)
Francisco Veiga García (Profesor de Secundaria)

Supervisión de estilo: Ana M^a Pose Blanco (Profesora de Secundaria)

Tratamento dos textos en inglés: Rebeca García Murias (Investigadora)

Maquetaxe: Raquel Boo

Imaxe da portada: Raquel Boo

Impresión: Gráficas Garabal S. L.

Lugar de edición: Nova Escola Galega
(Rúa Luís Freire, 5 baixo, 15706 Santiago)

Redacción: rge.redaccion@neg.gal

Publicidade: rge.publicidade@neg.gal

Subscripcións: rge.subscripcions@neg.gal

ario

Coa colaboración da:



59 Outras escolas

A investigación em programas Erasmus+ como objeto intergeracional

Paula Quadros-Flores, Daniela Mascarenhas, Maria Inês Pinho, Laura Martinez e Karolina dobi Barisiki

62 Novas tecnoloxías

CYBERTOWN 2D: Xogo dixital sobre Ciberseguridade

Alberto Pampín Pérez

64 Investigación

A radio escolar: unha oportunidade para a interxeracionalidade

Lucía Abarrategui Amado

67 Investigación

Análise do currículo oculto sobre o medio rural en libros de texto en Galicia

David García Romero, Jesús García Álvarez e Aurelio Prado

71 Luísa Villalta: a vida non era suficiente

María López Sánchez

74 Xoguetainas e Brinquetainas

DIVERSIXOGO, un proxecto da vida no CEE María Mariño

María Belén Pereiro Rozas

76 Familias

Un proxecto de país

Fernando Lacaci Batres

78 Día Escolar pola Nonviolencia e a Paz

Grupo de Traballo Educadoras/es pola Paz. Nova Escola Galega

80 Panoraula

Xosé Ramos Rodríguez e Xosé Manuel Malheiro Gutiérrez

88 Panoraula Dixital

Ana Rodríguez Guimeráns e Antía Cores Torres

90 Recensións

Docentes de infantil. Luthiers del futuro

Por ACR

91 Recensións

O emperador de Portugalia.

Por Miguel Vázquez Freire

93 Normas xerais de publicación / Normas generales de publicación / General publication rules

A Revista Galega de Educación (RGE) é desde 1986 unha publicación pedagóxica de carácter teórico-práctico, tamén atenta á actualidade educativa, escrita en galego e dirixida ao profesorado dos diferentes niveis educativos.

De periodicidade cuatrimestral, a revista admite e presenta traballos orixinais de investigación, temáticas monográficas, experiencias de aula, textos de ensaio, reportaxes, entrevistas, notas bibliográficas e de actualidade. Os traballos de investigación e os que compoñen as temáticas monográficas son avaliados de modo anónimo por revisores externos especializados.

A *Revista Galega de Educación* é un proxecto editorial do Movemento de Renovación Pedagóxica Nova Escola Galega que só é posible co traballo altruísta das persoas que forman parte, respectivamente, dos seus Consellos de Redacción, Editorial e Científico. Trátase dun proxecto pedagóxico aberto á participación activa de toda a comunidade educativa galega.

INDEXADA EN:

- Erih Plus
- Circ
- Carhus Plus
- Latindex Catalogo
- Latindex Directorio
- Miar
- Dialnet
- Rebium
- Qualis (B1)

Consello Editorial

Eva Barreira Cerqueiras (Profesora de Universidade)
Francisco Xosé Candia Durán (Profesor de Universidade)
M^a Victoria Carrera Fernández (Profesora de Universidade)
Montserrat Castro Rodríguez (Profesora de Universidade)
Xosé Manuel Cid Fernández (Profesor de Universidade)
Antón Costa Rico (Profesor de Universidade)
Jennifer Fernández Rodríguez (Orientadora educativa)
Valentina Formoso Gosende (Profesora de Secundaria)
Jorge García García (Mestre)
Rebeca García Murias (Profesora de Universidade)
Emilio González Legaspi (Orientador de Secundaria)
M^a Luz Iglesias López (Mestra)
Xosé María Lores Pérez (Profesor de Secundaria)
Xosé Manuel Malheiro Gutiérrez (Profesor de Universidade)

Mario Outeiro Iglesias (Profesor de Secundaria)
M^a José Pampín García (Profesora de Secundaria)
Miguel Pardellas Santiago (Educador Ambiental)
Xesús Portas Ferro (Mestre)
Ana M^a Pose Blanco (Profesora de Secundaria)
Xosé Ramos Rodríguez (Profesor de Universidade)
Laura Rego Agraso (Profesora de Universidade)
Ana Rodríguez Guimeráns (Investigadora)
Alexandre Sotelino Losada (Profesor de Universidade)
Yésica Teixeira Boo (Profesora de Universidade)
Laura Varela Crespo (Profesora de Universidade)
Miguel Vázquez Freire (Profesor de Secundaria)
Francisco Veiga García (Profesor de Secundaria)
Esther Vila Couñago (Profesora de Universidade)

Comité Científico

Joxé Mari Auzmendi (Dtor. *Hik Has*)
Jaume M. Bonafé (Univ. de Valencia)
Jaume Carbonell (Exdirector de *Cuadernos de Pedagogía*)
Giancarlo Cavinato (MCE, Italia)
Xavier Besalú Costa (Dtor. de *Perspectiva Escolar/UB*)
Tânia Maria Braga (Univ. Federal do Paraná, Brasil)
Moacir Gadotti (Univ. de São Paulo)
Francesc Imbernon (Consello de Dirección de *Guix/UB*)
Philippe Meirieu (Univ. de Lyon-2, Francia)
Francesco Tonucci (Istituto de Psicologia do CNR, Roma)
Antoni Zabala (Presidente de *Graó/UB*)
Philippe Watrelot (IUFM, París)

INTERXERACIONALIDADE



O aumento da expectativa de vida supón un logro, mais tamén implica un dos maiores retos do noso século. Un reto que se tornará maior se atendemos ás proxeccións demográficas contempladas recentemente en diferentes estudos cun horizonte de cincuenta anos. Esta situación está suscitando o pulo dun concepto de avellentamento orientado a enfocar a vellez a través das súas potencialidades. Polo tanto, o avellentamento activo atinxe toda a sociedade e propón unha resposta a cuestións como a exclusión social.

Unha das vías para a promoción do avellentamento activo na escola é a mobilización do contacto entre xeracións xa que os Programas Interxeracionais son medios para potenciar a calidade de vida no plano individual, mais tamén para contribuír coa cohesión social. Trátase de proxectos que dende a súa planificación procuran o encontro entre persoas de distintas idades e promoven as relacións entre elas. Nese cruzamento de relacións e tempos, débúxase un escenario propicio para a reciprocidade e a implicación comunitaria que traemos a este número conscientes da importancia destes elementos no plano educativo.

Neste monográfico ofrecemos diferentes reflexións e achegas en relación ao significado da interxeracionalidade e as súas implicacións na práctica escolar e social. Para iso, o primeiro dos artigos —a xeito de contextualización— achega unha reflexión sobre o sentido da Interxeracionalidade como recurso educativo; posteriormente recóllense diferentes experiencias que estiveron caracterizadas pola presenza da interxeracionalidade e que exemplifican as súas achegas na vida dos suxeitos e para os colectivos que participaron nas mesmas. Estas achegas complementáanse coa entrevista ao profesor Mariano Sánchez, director da Cátedra Macrosad de Estudos Interxeracionais da Universidade de Granada, que reflexiona sobre a educación dende unha perspectiva interxeracional e analiza os elementos para poñer en práctica un proxecto destas características. O monográfico recolle, igualmente, as valoracións derivadas da realización dalgúns encontros realizados en Galicia que tiveron como principal referencia a interxeracionalidade.

A sección sobre literatura realiza un pequeno percorrido por obras da literatura infantil e xuvenil galega que presentan unha forte pegada da relación entre avós e avoas con netos/as, e a sección «Outras escolas» recolle unha experiencia Erasmus+ sobre o tema realizada en Portugal. Complementábase o monográfico cunha achega na sección de investigación sobre a radio escolar: unha oportunidade para a interxeracionalidade.

Finalmente, ofrecemos algunhas referencias bibliográficas que permitirán ás persoas interesadas profundar no sentido e significado da interxeracionalidade no día de hoxe.

Lucía Barrategui Amado
Xesús Rodríguez Rodríguez
Coordinadores do monográfico

Resumos Resúmenes Abstracts

01.

M^a DEL CARMEN GUTIÉRREZ MOAR

GAL/ INTERXERACIONALIDADE COMO RECURSO EDUCATIVO

As relacións interxeracionais son beneficiosas para calquera grupo etario, porque é un proceso de relación e de retroalimentación constantes xa que cruzan as barreiras idadistas, da xuvenofobia ou do adultocentrismo, facilitando a cohesión social e o desenvolvemento persoal e comunitario. É un recurso válido para desenvolver procesos de ensino-aprendizaxe, formais e non formais, centrados na educación e a aprendizaxe ao longo da vida, a innovación e o emprendemento se cremos nas súas posibilidades.

- Avellentamento, sociedades lonxevas, solidariedade interxeracional e interxeracionalidade

CAS/ INTERGENERACIONALIDAD COMO RECURSO EDUCATIVO

Las relaciones intergeneracionales son beneficiosas para cualquier grupo etario, porque es un proceso de relación y de retroalimentación constantes ya que cruzan las barreras edadistas, de la juvenofobia o del adultocentrismo, facilitando la cohesión social y el desarrollo personal y comunitario. Es un recurso válido para desarrollar procesos de enseñanza-aprendizaje, formales y no formales, centrados en la educación y el aprendizaje a lo largo de la vida, la innovación y el emprendimiento si creemos en sus posibilidades.

- Envejecimiento, sociedades longevas, solidaridad intergeneracional e intergeneracionalidad

ENG/ INTERGENERATIONALITY AS AN EDUCATIONAL RESOURCE

Intergenerational relationships are beneficial for any age group, because it is a process of constant relationship and feedback as they cross age barriers,

02.

ALBA MORAÑA BOULLOSA
SILVIA MARÍA MONTES CASTRO
BEATRIZ PEREIRA MONTES
ADRIANA PÉREZ MARTÍNEZ

GAL/ PROXECTO DE MEDIACIÓN INTERXERACIONAL

Nos seguintes apartados inclúese unha descrición do proceso de deseño e execución dun proxecto de mediación interxeracional entre alumnado do Colexio Lar e persoas adultas maiores de Atendo, engarzado na programación do módulo de Mediación Comunitaria do CFGS de Integración Social.

- Interxeracional, mediación comunitaria, programación didáctica

CAS/ PROYECTO DE MEDIACIÓN INTERGENERACIONAL

En los siguientes apartados se incluye una descripción del proceso de diseño e implementación de un proyecto de mediación intergeneracional entre alumnado del Colegio Lar y personas adultas mayores de Atendo, integrado en la programación del módulo de Mediación Comunitaria del CFGS de Integración Social.

- Intergeneracional, mediación comunitaria, programación didáctica

ENG/ INTERGENERATIONAL MEDIATION PROJECT

The following sections include a description of the design and implementation process of an intergenerational mediation project between students from Colegio Lar and older adults from Atendo, integrated into the didactic programming of the Community Mediation module of the CFGS for Social Integration.

- Intergenerational, community mediation, didactic programming

03.

SERGIO PASCUAL ESPINILLA
LUCÍA ABARRATEGUI AMADO

GAL/ BETANZOS RADIO INTERXERACIONAL: UNHA EXPERIENCIA DE INCLUSIÓN SOCIOEDUCATIVA

Betanzos Radio é unha actividade destinada á creación comunitaria de podcast. Na súa andaina, dende o 2014 ao 2017, pasou de ser un programa destinado ás persoas maiores a converterse nunha actividade interxeracional, o que nos permite analizar a súa evolución a nivel de impacto individual e na comunidade. Os contidos resultantes da experiencia foron amosados ao público en Veladas de Radioteatro.

- Interxeracional, envellecemento activo, inclusión socioeducativa

CAS/ BETANZOS RADIO INTERGENERACIONAL: UNA EXPERIENCIA DE INCLUSIÓN SOCIOEDUCATIVA

Betanzos Radio es una actividad dirigida a la creación comunitaria de podcasts. En su recorrido, de 2014 a 2017, pasó de ser un programa dirigido a personas mayores a convertirse en una actividad intergeneracional, lo que nos permite analizar su evolución a nivel de impacto individual y comunitario. Los contenidos resultantes de la experiencia se compartieron con el público en Veladas de Radioteatro.

- Intergeneracional, envejecimiento activo, inclusión socioeducativa

ENG/ BETANZOS INTERGENERATIONAL RADIO: AN EXPERIENCE IN SOCIO-EDUCATIONAL INCLUSION

Betanzos Radio is an activity aimed at the community creation of podcasts. In its journey from 2014 to 2017 it went from being a program aimed at the elderly to become an intergenerational activity, which allows us to analyze its evolution at the level of individual and community impact. The resulting contents of the experience were shared with the public in Radio Theater Evenings.

- Intergenerational, active aging, socio-educational inclusion



04.

XOSÉ MANUEL FELPETO CARBALLEIRA
XESÚS RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ
LAURA CABARCOS CAMBA
MARTA MARÍA LÓPEZ PARDO
M^a CARMEN GUIZÁN SOUTO

GAL/ 20 ANOS DAS XORNADAS INTERXERACIONAIS DE CABREIROS. UN PROXECTO INTERXERACIONAL COMPARTIDO

O artigo recolle a experiencia das Xornadas Interxeracionais Rurais de Cabreiros, que dende hai 20 anos supón un proxecto de dinamización da vida comunitaria dunha parroquia. No texto móstrase o sentido e propósito do proxecto e descríbense as principais iniciativas e recursos producidos como resultado da realización deste proxecto.

- Dinamización comunitaria, Cabreiros, interxeracionalidade

CAS/ 20 AÑOS DE LAS JORNADAS INTERGENERACIONALES DE CABREIROS. UN PROYECTO INTERGENERACIONAL COMPARTIDO

El artículo recoge la experiencia de las Jornadas Intergeneracionales Rurales de Cabreiros, que desde hace 20 años supone un proyecto para dinamizar la vida comunitaria de una parroquia. El texto muestra el significado y propósito del proyecto y describe las principales iniciativas y recursos producidos como resultado de la realización de este proyecto.

- Dinamización comunitaria, Cabreiros, interxeracionalidad

ENG/ 20 YEARS OF THE CABREIROS INTERGENERATIONAL CONFERENCE. A SHARED INTERGENERATIONAL PROJECT

The article reports the experience of the Rural Intergenerational Days of Cabreiros, which for 20 years has been a project to energize the community life of a parish. The text shows the meaning and purpose of the project and describes the main initiatives and resources produced as a result of this project.

- Community revitalization, Cabreiros, intergenerationality



05.

EQUIPO EDUCATIVO CDR O VISO

GAL/ O POBO ESCOLA (CDR O VISO): A COMUNIDADE COMO POTENCIADORA DA INTERXERACIONALIDADE

O Centro de Desenvolvemento Rural O Viso (A Limia) naceu para acompañar a xente do medio rural limiao en procesos de desenvolvemento que asumen o desafío de facer crecer a toda persoa e a todos. Acolle distintas prácticas interxeracionais. Unha delas é o Pobo Escola (Lodoselo- Sarreaus), na que veciñas e veciños maiores e escolares aprenden a través das ensinanzas que se agochan na memoria do pobo.

- Educación comunitaria, aprendizaxe ao longo da vida, interxeracional

CAS/ EL POBO ESCOLA (CDR O VISO): LA COMUNIDAD COMO POTENCIADORA DE LA INTERGENERACIONALIDAD

El Centro de Desenvolvemento Rural O Viso (A Limia) nació para acompañar a la gente del medio rural limiao en procesos de desarrollo que asumen el desafío de hacer crecer a toda persona y a todos. Acoge distintas prácticas intergeneracionales. Una de ellas es el Pobo Escola (Lodoselo- Sarreaus) en el que vecinas y vecinos mayores y escolares aprenden a través de las enseñanzas que se esconden en la memoria del pueblo.

- Educación comunitaria, aprendizaje a lo largo de la vida, intergeneracional

ENG/ THE POBO ESCOLA (CDR O VISO): COMMUNITY AS AN ENHANCER OF INTERGENERATIONALITY

The Centro de Desenvolvemento Rural O Viso (A Limia) was created to accompany the population of rural Limiao in development processes that take on the challenge of making each person and all people. It embraces different intergenerational practices. One of them is the Pobo Escola (Lodoselo - Sarreaus) in which elderly residents and schoolchildren learn through the teachings that are hidden in the memory of the town.

- Community education, lifelong learning, intergenerational

06.

ANA DOVAL
SABELA COUCEIRO
JULIÁN FERRER
DELFINA RUIBAL
TERESA BELLÓN

GAL/«FÁLAME DA EMIGRACIÓN»: O VALOR DA EXPERIENCIA NOS CENTROS EDUCATIVOS DE SECUNDARIA

«Fálame da emigración» é un programa interxeracional de Afundación, a Obra Social de ABANCA, que vencia o alumnado de secundaria e bacharelato con persoas maiores cunha historia de vida na emigración. Coñecer a emigración galega do século XX contada polos seus protagonistas, promover relacións entre mocidade e maiores, baseadas no entendemento e o respecto mutuos, e reflexionar sobre os fenómenos migratorios actuais son os seus obxectivos principais.

- Emigración galega, diálogo interxeracional, estereotipos, educación secundaria

CAS/«FÁLAME DA EMIGRACIÓN»: EL VALOR DE LA EXPERIENCIA EN LOS CENTROS EDUCATIVOS DE SECUNDARIA

«Fálame da emigración» es un programa intergeneracional de Afundación, la Obra Social de ABANCA, que vincula a alumnado de secundaria y bachillerato con personas mayores con una historia de vida en la emigración. Conocer la emigración gallega del siglo XX contada por sus protagonistas, promover relaciones entre jóvenes y mayores, basadas en el entendimiento y el respeto mutuos, y reflexionar sobre los fenómenos migratorios actuales son sus objetivos principales.

- Emigración gallega, diálogo intergeneracional, estereotipos, educación secundaria

ENG/ «FÁLAME DA EMIGRACIÓN»: EL VALOR DE LA EXPERIENCIA EN LOS CENTROS EDUCATIVOS DE SECUNDARIA

«Fálame da emigración» is an intergenerational program by Afundación, ABANCA's Social and Cultural Entity, that brings together secondary school students and elderly people who lived as migrants at some point in their lives. Its main goals are learning about the Galician migration process during the 20th century from its very own protagonists, encouraging young people and adults to relate according to mutual understanding and respect, and reflecting on current migratory phenomena.

- Galician migration, intergenerational dialogue, stereotypes, secondary education

07.

MARÍA ESTHER PÉREZ ENRÍQUEZ

GAL/ AS XORNADAS INTERXERACIONAIS DE DINAMIZACIÓN DO MEDIO RURAL FOLLAS DE VIDA

Follas de Vida é o nome das xornadas interxeracionais de dinamización do medio rural, celebradas no Concello de San Amaro (Ourense), pensadas para compartir momentos entre as persoas maiores do Fogar Residencial e os nenos e nenas do Colexio Eulogio Gómez Franqueira. Comezaron a súa andaina no curso 2016-2017, aínda que a situación de emerxencia sanitaria ocasionada pola Covid-19 paralizou a iniciativa, que pouco a pouco parece que volve e retomarse e a coller impulso.

- Interxeracionalidade, envellecemento, rural.

CAS/ LAS JORNADAS INTERGENERACIONALES DE DINAMIZACIÓN DEL MEDIO RURAL FOLLAS DE VIDA

Follas de Vida es el nombre de las jornadas intergeneracionales de dinamización del medio rural, celebradas en el Ayuntamiento de San Amaro (Ourense), pensadas para compartir momentos entre las personas mayores del Centro Residencial y los niños y niñas del Colegio Eulogio Gómez Franqueira. Comenzaron a realizarse en el curso 2016-2017, aunque la situación de emergencia sanitaria ocasionada por el Covid-19 paralizó la iniciativa, que poco a poco parece que vuelve a retomarse y a coger impulso.

- Intergeneracionalidad, envejecimiento, rural

ENG/ THE INTERGENERATIONAL JOURNEYS ON THE DYNAMIZATION OF THE RURAL ENVIRONMENT FOLLAS DE VIDA

Follas de Vida is the name of the intergenerational journeys to revitalize the rural environment, held at the San Amaro City Hall (Ourense), designed to share moments between the elderly of the Residential Center and the boys and girls of the Eulogio Gómez Franqueira School. They began to be carried out in the 2016-2017 academic year, although the health emergency situation caused by Covid-19 paralyzed the initiative, which little by little seems to be picking up again and gaining momentum.

- Intergenerationality, aging, rural



08.

PILAR SAMPEDRO

GAL/ LIXG: AVOAS E AVÓS, O ELO CO PASADO

Neste artigo realízase un pequeno percorrido por obras da literatura infantil e xuvenil galega que presentan unha forte pegada da relación entre avós e avoas con netos/as. A través das historias observamos a presenza dos afectos, os cuidados, a enfermidade (especialmente as relacionadas coa memoria) e a aparición da morte.

Unha cata bibliográfica que demostra que esta é unha temática moi presente e que pode ser abordada desde diferentes puntos de vista.

- Lectura, literatura infantil galega, literatura xuvenil galega, relacións interxeracionais, enfermidade, morte.

CAS/ LIXG: ABUELAS Y ABUELOS, EL VÍNCULO CON EL PASADO

En este artículo se realiza un pequeño recorrido por obras de literatura infantil y juvenil gallega que presentan la relación entre abuelos/as y nietas/os. A través de estos libros observamos la presencia de los afectos, los cuidados, la enfermedad (especialmente de las relacionadas con la memoria) y la aparición de la muerte.

Una cata bibliográfica que demuestra la abundante presencia de esta temática, que puede ser abordada desde diferentes puntos de vista.

- Lectura, literatura infantil gallega, literatura juvenil gallega, relaciones intergeneracionales, enfermedad, muerte

ENG/ LIXG: GRANDPARENTS, THE LINK WITH THE PAST

In this article we make a small tour through Galician children's and young people's literature works that present the relationship between grandparents and grandchildren. Through these books we observe the presence of affection, care, illness (especially those related to memory) and the appearance of death.

A bibliographic tasting that demonstrates the abundant presence of this theme, which can be approached from different points of view.

- Reading, Galician children's literature, Galician youth literature, intergenerational relationships, sickness, death

09.

LUCÍA ABARRATEGUI AMADO
XÉSÚS RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ

GAL/ PARA SABERMOS ALGO MÁIS...

Neste apartado ofrecemos unha escolma sintética de recursos que poden ser de utilidade para traballar na aula dende un enfoque interxeracional. Unhas liñas que pretenden fornecer un pouco de luz nun eido, o campo interxeracional, no que hai diversas prácticas pero moitas delas non gozan de divulgación.

- Educación interxeracional, recursos educativos

CAS/ PARA SABER ALGO MÁIS...

En este apartado ofrecemos unha breve selección de recursos que pueden ser de utilidad para trabajar en el aula desde un enfoque intergeneracional. Unas líneas que pretenden aportar un poco de luz en un ámbito, el campo intergeneracional, en el que hay diversas prácticas pero muchas de ellas no gozan de divulgación.

- Educación intergeneracional, recursos educativos





ENG/ FOR FURTHER KNOWLEDGE

In this appliance we offer a short selection of resources that can be useful for working in the classroom from an intergenerational approach. These lines are intended to bring some light in an area, the intergenerational field, in which there are various practices but many of them are not disclosed.

- Intergenerational education, educational resources

PUBLICIDADE

A palabra experta na análise da experiencia lectora





Interxeracionalidade como recurso educativo

Enlazar xeracións para aprender a ser e estar nunha sociedade para todos e todas

M^a del Carmen Gutiérrez Moar

Profesora Contratada Doutora da Universidade de Santiago de Compostela (USC)

mdelcarmen.gutierrez@usc.es


Se miramos a pirámide poboacional vemos que España é un dos países máis envellecidos da Unión Europea, sendo Galicia a segunda comunidade autónoma máis avellentada en España. Ambas presentan unha pirámide investida e regresiva, cunha base máis estreita que a zona central, feito indicativo dun aumento significativo da porcentaxe de persoas maiores.

É esta proxección demográfica onde se esconde o segredo da lonxevidade? A resposta desde a Universidade de Murcia (2012) indicaba que, se logramos «manter en hora o noso reloxo biolóxico con hábitos fixos, garantirase unha vida moito máis lonxeva e de maior calidade» (benestar). O aumento da lonxevidade contribúe decisivamente á expansión do sobreenvellecemento poboacional e á feminización da vellez, porque presentan maior esperanza de vida (Pérez e Abellán, 2010). Esta sociedade ademais de lonxeva caracterízase segundo Barone (2021) por ser dixital, global, desigual e interconectada polo que a información e o coñecemento democratizáronse e as oportunidades de cambio e transformación multiplicáronse. As mudanzas xéstanse desde dous enfoques: a defensa dos deseños centrados na persoa e a interxeracionalidade, porque son as vías óptimas para aproveitar as sinerxías colectivas.

Neste sentido, a vellez (Gutiérrez, 2010) e o envellecemento activo, saudable e exitoso (Alvarado e Salazar, 2014; Petretto et. al.,

REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932
Páx. 12 - 15



Conectando vivencias e experiencias

2016) experimentan unha metamorfose paradigmática ao estaren centrados nunha perspectiva do desenvolvemento humano e do ciclo vital para coñecer o individuo de forma holística, diversa e inclusiva xunto aos conceptos de educación e aprendizaxe ao longo da vida (Diz, 2021).

Gañamos anos á vida, pero a ciencia pregúntase como o envellecemento pode ser máis sostible para reorganizar as sociedades e os sistemas de convivencia entre xeracións? Desde que en 1923 Ortega y Gasset publicase a idea das

xeracións, o concepto modificouse notablemente (Caballero e Baigorri, 2013) (Ver Táboa 1), polo que na actualidade fálase de «constelacións xeracionais cruzadas». Ao vivir nun mundo cosmopolita e globalizado, a experiencia/vivencia da xeración global segue marcada por profundos contrastes e liñas divisorias, pero tamén por unha visión máis positiva que nos fala da presenza da solidariedade interxeracional unida á creación de lazos afectivo-emotivos e comunitarios que axudarán a reequilibrar as disparidades e semellanzas desde a corresponsabilidade

e a reciprocidade das súas accións (Díaz, López e Roncallo, 2017; Gutiérrez, 2021). Búscase que os seres humanos sexan considerados membros dunha comunidade onde os dereitos fundamentais se atribúan ás persoas sen distinción de nacionalidade, raza, sexo, etnia ou idade (Millán, 2013). Crearemos así unha «aldea cosmopolita e globalizada» onde a diversidade xeracional (Ver Táboa 2) convive nun mesmo tempo e lugar supoñendo un reto, posto que todas as persoas forman parte desta aldea e deberían representar o conxunto da sociedade (sociedade para todas as idades) para lograr que sexa máis xusta, libre e igualitaria (Santos Rego, 2013).

Unha sociedade multixeracional crea un escenario para a convivencia, cooperación, colaboración e a transferencia de coñecementos e aprendizaxes ao permitir a eliminación de barreiras idadistas, de xuvenofobia ou de adultocentrismo. Todos viven o mesmo momento, pero de diferentes xeitos. Só creando espazos e tempos onde os grupos entren en contacto para aprender a convivir e a entenderse poderemos dar valor ao prefixo inter- pasando da simple interacción a unha relación construtiva para (re)facerse xuntos (Sáez, 2009).

Táboa 1: Aceptións do termo xeración

ACEPCIÓNS	SIGNIFICADO
Sentido demográfico	Todos/as os/as nados nun mesmo ano ou intervalo de anos. Cohorte como variable estatística.
Sentido histórico	Cohorte ou grupo social vinculado á estrutura e/ou estratificación social.
Sentido sociolóxico	Posición de descendencia (fillos/as, pais e avós) familiar e outros graos de parentesco, sucesión biolóxica e vínculos socioculturais.
Sentido relacional	Unión da posición de descendencia familiar-parental (fillos/as, pais e avós) xunto á posición na esfera social (nenos/as, mozos/as, adultos e persoas maiores).

Fonte: Adaptado de Beltrán e Rivas (2013, p. 308) e Sáez (2009, p. 5).

Táboa 2: Caracterización dos grupos xeracionais

GRUPO XERACIONAL	MARCO TEMPORAL EN ESPAÑA	CARACTERÍSTICAS
Nenos da posguerra Silent Generation	1930-1948	Superan os 70 anos e creceron trala Guerra Civil. Son traballadores, austeros, sacrificados e realistas.
Baby Boomers	1949-1968	Naceron en plena ditadura franquista, viviron a loita polos valores sociais e beneficiáronse da entrada de España na Unión Europea. Son traballadores e posúen sólidos principios e valores.
Xeración X	1969-1980	Xeración esforzada e loitadora que protagonizou unha época de transición e de cambio á democracia. Viviron grandes avances tecnolóxicos e empregaron os primeiros videoxogos e ordenadores.
Millennials Xeración Nini Xeración Y	1981-1993	Sobradamente preparados académica e tecnoloxicamente, gústalles estar informados, ser exixentes e con alta fidelidade ás marcas, pero viviron en primeira persoa a gran crise económica do século XX.
Xeración Z Centennials	1995-1997 e 2010-2012	Xeración nada no novo milenio. Fortes relacións con Internet e as redes sociais. Son nativos dixitais e sempre están conectados. Caracterízanse por ser autodidactas, visuais, tolerantes e colaborativos.
Xeración Alpha	2013-actualidade	Nados na era dixital. Desfrutan consumindo e creando contidos en plataformas dixitais. Fascinaos a tecnoloxía interactiva. Son emprendedores, autosuficientes, educados/as, preparados e teñen menos contactos interpersoais cara a cara.
Xeración de Cristal	2013-actualidade	Xoves nados na tecnoloxía do século XXI. Presentan unha suposta fragilidade e debilidade ao se enfrontaren aos problemas da vida adulta. Son sensibles, creativos, moi intuitivos, empáticos, espirituais e sensibles co medio ambiente.
OUTRAS XERACIÓNS		
Xeración Perennials	Maiores de 55 anos	A xeración sen idade. Son curiosos, creativos, flexibles e con gran adaptación aos cambios.
Xeración de Ferro	Maiores de 100 anos	Experimentan en primeira persoa a resiliencia. Desafiaron as regras do que se esperaba e superaron adversidades para chegar a ter unha vida plena.

Fonte: Elaboración propia a partir de <https://www.enterat.com/actualidad/generaciones-anos-edad-nombres.php>; Gascó (2022) e Gutiérrez y Gómez (2022).

Esta coexistencia é chamada Pedagogía da Alteridade (Ortega, 2012) xa que unha parte do eu se constrúe desde o nós ao crear proxectos formativos asentados en valores como democracia, solidariedade, xustiza ou equidade.

Defender un enfoque interxeracional a través de accións/ actividades, prácticas, programas e intercambios implica entender que o ser humano é interxeracional na medida en que: por unha parte, o desen-

volvemento humano non ten fin e, por outra, o inter- implica, desde formulacións pedagóxicas, o intercambio de recursos, ensinanzas e aprendizaxes para lograr beneficios individuais, grupais e sociocomunitarios.

Este traballo titúlase: Interxeracionalidade como recurso educativo. Entrando na área dos recursos educativos e materiais didácticos gústame a idea de Rodríguez et al. (2021, p. 15) cando afirman a necesidade de

ampliar a mirada deste concepto cara a «obxectos, materiais, lugares e accións que teñen o potencial de sustentar procesos de desenvolvemento socioeducativo desde unha dimensión máis pedagóxica» dada a profundidade de tempos e escenarios formativos. Precisamente isto é o que ocorre cando planificamos o interxeracional, pois facilitamos a construción e intercambio de saberes (coñecementos, habilidades, destrezas, actitudes, valores e normas) de

quen participa no proceso, os medios e instrumentos poden responder a múltiples formatos, os recursos están ao servizo dun programa ou unha programación e/ou poden non ter intencionalidade didáctica, pero adquirena desde o uso e a utilidade que os profesionais ou equipos multiprofesionais lles asignan (Rodríguez Rodríguez, 2010). Esta consideración final introdúcenos na Pedagogía Mesoaxiolóxica, é dicir, xeramos coñecemento teórico, tecnolóxico e práctico da educación para valorar como educativo calquera medio/instrumento/recurso que empreguemos para crear procesos de intervención pedagóxica ou educar (Tourinán, 2016). Deste xeito, conformamos actuacións técnico-profesionais mediadas polos instrumentos-recursos cos que se intervén en cada acción. Educamos a partir de coñecementos e experiencias previas xunto á creación de métodos e metodoloxías de ensino-aprendizaxe adaptados desde o coñecemento da educación e das áreas culturais.

Para configurar a interxeracionalidade en si mesma e como recurso educativo, que pasos previos temos que dar a nivel socioeducativo? A resposta está no que defende Fandiño (2023, p. 17), isto é, «adquirir unha cultura do envellecemento desde a máis tenra infancia [...] para aprender a envellecer». ■

REFERENCIAS

- ALVARADO GARCÍA, A. M. e SALAZAR MAYA, Á. M. (2014). Análisis del concepto de envejecimiento. *Gerokomos*, 25(2), 57-62.
- BARONE, E. (2021). Hacia una sociedad longeva sostenible: Instrumentalizando la intergeneracionalidad y el diseño centrado en la persona. *Esic Market Economics and Business Journal*, 52(2), 427-449.
- BELTRÁN, A. J. e RIVAS, A. (2013). Intergeneracionalidad y multigeneracionalidad en el envejecimiento y la vejez. *Tabula Rasa*, 18, 303-320.
- CABALLERO GUIASADO, M. e BAIGORRI AGOIZ, A. (2013). ¿Es operativo el concepto de generación? *Aposta. Revista de Ciencias Sociales*, 56, 1-45.
- Centro Internacional sobre el Envejecimiento (CENIE, 2023). *Guía para la Intergeneracionalidad: Convertir los retos de las sociedades longevas en oportunidades*. Autor.
- DÍAZ SARMIENTO, C.; LÓPEZ LAMBRANO, M. e RONCALLO LAFONT, L. (2017). Entendiendo las generaciones. Una revisión del concepto, clasificación y características distintivas de los Baby Boomers, X y Millennials *CLIO América*, 11(22), 188-204.
- DÍZ LÓPEZ, M. J. (2021). El aprendizaje a lo largo de la vida nexo entre las políticas sociales y de educación y formación en la Unión Europea. En J. M. Tourinán López e M. E. Oliveira Oliveira (Coords.), *Pedagogía Mesoaxiológica y Construcción de Ámbitos de Educación: La Función de Educar* (pp. 471-482). Red Internacional de Pedagogía Mesoaxiológica (RIPEME-2021).
- FANDIÑO, X. (2023). Aprendiendo a envejecer sin manual de instrucciones. En J. Mª FAILDE GARRIDO; M. D. DAPIA CONDE e M. Á. VÁZQUEZ VÁZQUEZ (Eds.) *Libro de Actas del 32 Congreso Anual Internacional de Xeriatría e Xerontología da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatría (SGXX). Atención Xerontolóxica e Xeriatría: Idadismo e Principios Éticos* (pp. 17-21). Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatría (SGXX).
- GASCÓ, D. (2022). Se está muriendo la generación de hierro, para darle paso a la generación de cristal. Texto online. https://es.linkedin.com/posts/david-gasco%C3%B3-76bb643b_se_est%C3%A1-muriendo-la-generaci%C3%B3n-de-hierro-activity-6934913962031374336-XUPc?trk=public_profile_like_view
- GUTIÉRREZ MOAR, Mª. C. (2010). Vellez. En J. A. CARIDE GÓMEZ e F. TRILLO ALONSO (Dir.) *Diccionario Galego de Pedagogía. Guías A-Z* (pp. 562-564). Xunta de Galicia e Editorial Galaxia.
- GUTIÉRREZ MOAR, M. C. (2021). A interxeracionalidade no rural: Cabreiros a escena. En J. Rodríguez Rodríguez e X. M. Felpeto Carballeira (Coords.) *Cabreiros, 15 anos de dinamización comunitaria: Olladas e recursos interxeracionais no rural* (pp. 23-30). Tórculo Comunicación Gráfica.
- GUTIÉRREZ, M. C. e GÓMEZ, M. C. (2022). Alfabetización emocional para el talento senior: Olvidada pero emergente. En M. Valcarce Fernández; Mª del R. Castro González e Mª J. Díz López (Coords.) *Poboación Produtiva Maior: A formación e a Orientación na Empregabilidade e Mobilización do Talento Senior fronte ao Idadismo no Emprego*. Actas do 21 Congreso Internacional de Galicia e Norte de Portugal de Formación para o Traballo (pp. 360-373) Campus na Nube.
- MILLÁN ACEVEDO, N. (2013). Una doctrina cosmopolita para un mundo interdependiente. *Revista Electrónica de Estudios Internacionales (REEI)*, 25, 1-24.
- ORTEGA VALENCIA, P. (2012). Pedagogía y alteridad. *Una Pedagogía del Nos-Otros Revista Virtual Universidad Católica del Norte*, 35, 128-146.
- PÉREZ DÍAZ, J. e ABELLÁN GARCÍA, A. (2010). Sociedades longevas un desafío para el siglo XXI. *Lychnos*, 2, 46-52.
- PETRETTOA, D. R.; PILI, R.; GAVIANO, L.; MATOS LÓPEZ, C. e ZUDDAS C. (2016). Envejecimiento activo y de éxito o saludable: Una breve historia de modelos conceptuales. *Revista Española de Geriatría y Gerontología*, 51(4), 229-241.
- RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, J. (2010). La educación en los escenarios comunitarios. Implicaciones para los materiales didácticos. En M. Area; A. Parcerisa e J. Rodríguez (Coords.) *Materiales y recursos didácticos en contextos comunitarios* (pp. 31-47). Graó.
- RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, J.; BRAGA GARCÍA, T. M. F.; MUÑOZ MORENO J. L. e ÁLVAREZ SEOANE, C. D. (2021). Recursos educativos y materiales didácticos en contextos sociocomunitarios. *Pedagogía Social. Revista Interuniversitaria*, 39, 15-17.
- SÁEZ CARRERAS, J. (2009). La intergeneracionalidad o la potencialidad de un concepto inexplorado. *Espai Social*, 9, 4-7.
- SÁNCHEZ MARTÍNEZ, M. (2007) (Dir.) *Programas Intergeneracionales. Hacia una sociedad para todas las edades*. Colección Estudios Sociales, 23. Fundación «La Caixa».
- SÁNCHEZ MARTÍNEZ, M. (2009). La necesidad de los programas intergeneracionales. *Ayer, hoy, mañana. Espai Social*, 9, 8-12.
- SANTOS REGO, M. A. (2013) (Coord.) *Cosmopolitismo y Educación. Aprender y trabajar en un mundo sin fronteras*. Brief.
- TOURINÁN, J. M. (2016). *Pedagogía Mesoaxiológica y Concepto de Educación*. Andavira Editora SL [2ª Edición].
- Universidad de Murcia (2012). *El secreto de la longevidad se esconde en la rutina*. Autor. Texto online. <https://edit.um.es/campusdigital/el-secreto-de-la-longevidad-se-esconde-en-la-rutina/>



Proxecto de mediación interxeracional

Alba Moraña Boullosa

Colexio Lar (Mos)
alba.morana@colegiolar.es

Silvia María Montes Castro

coordinacioncentros@atendo.es

Beatriz Pereira Montes

equiposupervisioncdvigo@atendo.es

Adriana Pérez Martínez

adrianaperez92.ap@gmail.com

Atendo (Vigo)

CONTEXTO DO CENTRO E DA EXPERIENCIA

O proxecto de Mediación Interxeracional xurdiu do encontro fortuíto nun congreso sobre interxeracionalidade de dúas profesionais inxeridas que buscaban vías de colaboración para superar os límites tradicionais das actuacións conxuntas entre a escola e as entidades que traballan con persoas maiores de 65 anos, baseadas en encontros puntuais e intercambios de experiencias. Queríamos facer un proxecto que fose a máis lonxe e que permitise derrubar os muros que separan as escolas e os centros de día, ligando esta acción directamente co currículo educativo e, por tanto, xerando tamén un vínculo de colaboración habitual.

Dunha banda, o centro de día Atendo e o seu modelo que busca romper estereotipos sobre a idade e ofrecer un espazo para vivir plenamente a vida ata o final da mesma. Un modelo que fomenta que as persoas permanezan no seu entorno vivindo a vida como a queren vivir. Por outra parte, o Colexio Lar, un Centro Plurilingüe de educación privado situado no Camiño Eido de Santo Antonio, no concello de Mos. É por este último motivo, entre outros, polo que o alumnado chega ao centro educativo non só de Mos e Vigo, senón doutros puntos máis afastados xeograficamente.

REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932
Páx. 16 -18



O tipo de xestión do centro é concertada coa Xunta de Galicia e oferta formación para todas as etapas educativas, desde infantil ata ciclos formativos de grao medio e superior, sendo unicamente privada non concertada a etapa de bacharelato. Hoxe en día atópase en proceso de ampliación da oferta de ciclos formativos.

O PROXECTO DESENVOLVIDO

O proxecto desenvólvese con alumnado de 2º curso de Ciclo Formativo de Integración Social, no cal a maioría de rapaces e rapazas teñen idades comprendidas entre os 20 e os 25 anos. A maioría das persoas do grupo clase son mulleres: 16 dun total de 19. Este grupo trasladouse durante todos os luns durante un mes e nas horas lectivas da materia de Mediación Comunitaria ás instalacións do centro de día de Atendo, onde formaron grupos de traballo coas persoas de Atendo e deseñaron de forma conxunta obradoiros temáticos dirixidos a nenos e nenas de idades comprendidas entre 3-4 anos.

Unha vez rematado o proceso de deseño de actividades e a elaboración de materiais, foron as persoas de Atendo as que se trasladaron ao Colexio Lar onde se executou a actividade. Para levala a cabo, o grupo de alumnado de 2º curso de Integración Social e as persoas de Atendo desenvolveron obradoiros de música, cociña, deporte, arte e xogos populares nos que participaron nenos e nenas do Colexio Lar. Os nenos e as nenas ás que foi dirixida a actividade cursaban o último ano do primeiro ciclo de educación infantil, polo que na súa maioría tiñan 3 anos ou atopábanse moi próximos/as a esta idade. O total de participantes foron 50 nenos e nenas, sendo levemente máis elevado o número de nenos que de nenas.

OBXECTIVOS DA EXPERIENCIA

Contribuír á loita contra o idadismo, procurando crear un vínculo de influencia interpersonal entre os participantes de cada grupo que forme parte das distintas xeracións, a través do cal poidan deconstruír estereotipos existentes en relación á idade.

Achegar os participantes ao concepto de idadismo e tomar conciencia da existencia de estereotipos asociados á idade.

Crear un espazo propio para cada colectivo no que non interveñan profesionais e deixar que desenvolvan as súas competencias, potenciando a cada participante.

FORMULACIÓN E DESENVOLVEMENTO

Este proxecto xorde tomando como base a «reivindicación da vellez como parte do *continuum* do ciclo vital e non como unha etapa illada, de perda ou fragilidade» (Castells e Pérez, 1992, p. 105). Como unha das respostas, xorde o concepto de interxeracionalidade, como unha ferramenta para a creación de novas formas de cooperación entre as persoas de distintas idades nas esferas sociais e familiares dotadas de cohesión, equilibrio e solidariedade (Bazo, 2008).

É por isto polo que o noso proxecto foxe da separación dos colectivos por idades e fomenta un sentimento de unión mediante a creación de equipos de traballo heteroxéneos.



DESCRIPCIÓN DA EXPERIENCIA

Os equipos estaban compostos por 3-4 alumnos e alumnas e 1 persoa adulta maior. O proxecto desenvolveuse durante seis luns. O alumnado acudía ao Centro de Día e alí desenvolvían os contidos curriculares relativos á xeración de proxectos comunitarios propios da materia de Mediación Comunitaria. Os obradoiros realizados foron os seguintes:

A NORA MUSICAL: Neste obradoiro realizáronse diferentes xogos relacionados coa música, nos que se traballou especialmente o desenvolvemento do sentido do ritmo e do equilibrio mediante distintas actividades.

OS DOCES DE PEPE: Este obradoiro consistiu no deseño e decoración de cupcakes doces para adultos e nenos. Nel fíxose fincapé na motricidade fina dos máis pequenos á hora de manipular coberturas de diferentes formas e tamaños.

RITAPINTA: Neste obradoiro realizouse unha serie de actividades relacionadas co debuxo e a expresión artística manual que axudan a traballar a coor-

dinación manual ocular, a motricidade fina e o fomento da creatividade.

TUSA ARCOIRIS: Neste obradoiro realizouse unha serie de xogos populares, favorecendo así a interacción dos máis pequenos coas persoas maiores traballando diferentes habilidades.

CONO-SELLOS: Este obradoiro consistiu na superación dunha xincana con diferentes probas físicas na que se trataron diferentes aspectos, como a orientación visual-espacial, o fortalecemento da musculatura e, sobre todo, a promoción do deporte como alternativa de lecer saudable desde unha perspectiva lúdica

AVALIACIÓN E CONCLUSIÓNS

O desenvolvemento deste proxecto supuxo a procura dunha implantación real dos contidos teóricos da materia de Mediación Comunitaria relativos ao deseño e aplicación de proxectos de prevención comunitaria, e por outro lado, unha experiencia de aprendizaxe mutua e de dignificación das persoas de todas as idades como membros útiles e activos para a sociedade.

Elementos como saír da aula, ter liberdade para deseñar actividades propias e saber que o que eles/as creasen ía ter unha aplicación real, foron sen dúbida elementos que motivaron unha ampla implicación do alumnado neste proxecto. Porén, a creación de vínculos de afecto e colaboración conxuntos coas persoas de Atendo, a escoita mutua e o descubrimento de novos puntos de vista por parte de ambos colectivos foron, na nosa opinión, as ferramentas chave deste proxecto, xa que redefiniron tanto no alumnado como nas persoas de Atendo as for-

mulacións arraigadas de «xoves» ou mozos e «maiores», transformándoas en «compañeiros/as de equipo», revalorizando deste modo o papel de ambos grupos sociais.

Para avaliar o nivel de satisfacción do alumnado e das persoas participantes fixéronse unha serie de enquisas abertas aos tres colectivos. En todos os casos amosaron un alto nivel de satisfacción sobre o traballo realizado e afirmaron que o proxecto lles foi de utilidade á hora de conseguir romper con estereotipos anteriores sobre os distintos grupos de idade.

Os equipos de Atendo e do Colexio Lar teñen previsto renovar esta experiencia de cara ao vindeiro curso e ampliar as liñas de colaboración implicando máis estudantes e promovendo unha maior implicación entre as persoas da entidade de Atendo. ■

REFERENCIAS

- BAZO, M.T (2008). El envejecimiento y la vejez desde una perspectiva global. *El Valor de la palabra = Hitzaren balioa*, (6), 65-81.
- CASTELLS, M. & PÉREZ, L. (1992) *Análisis de las políticas de vejez en España en el contexto europeo*. España: Instituto Nacional de Servicios Sociales.

Betanzos Radio Interxeracional: unha experiencia de inclusión socioeducativa



Ensaio dunha peza de radio teatro

INTRODUCCIÓN

Betanzos Radio foi unha actividade destinada á creación comunitaria de *podcast* que tivo lugar entre 2014 e 2017 baixo a orientación do proxecto Laboratorio de Radio e a organización do Concello de Betanzos. Se ben no seu comezo foi promovida pola concellería de Servizos Sociais como unha actividade destinada a persoas maiores no marco do avellentamento activo, no ano 2016 evolucionou cara a unha perspectiva interxeracional e como un xeito de dinamizar a lingua galega e o patrimonio cultural. Unha evolución do «xeracional» ao «inter» que nos permite mostrar de que xeito as iniciativas entre persoas de distintas idades promoven a diversidade e poden ter un maior impacto en termos de avellentamento activo.

OBXECTIVOS E METODOLOXÍA

A actividade Betanzos Radio estivo na súa primeira e segunda edición, anos 2014 e 2015, destinada ao colectivo de persoas maiores, promovida dende a concellaría de Servizos Sociais. O espazo no que se organizou a actividade, a antiga Escola de Orfas de Betanzos «actualmente destinada a espazo social onde as persoas maiores adoitan xogar ás cartas ou ler o xornal», cobrou entón unha nova

Sergio Pascual Espinilla

Universidade da Coruña
sergiopascual29@gmail.com

Lucía Abarrategui Amado

Universidade de Santiago de Compostela
lu.aba@hotmail.com

REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932
Páx. 19 - 22



Realización en directo da ficción sonora

dimensión. Converteuse nun espazo para a participación comunitaria a través da creación de contidos radiofónicos. Neste punto, a súa programación supuxo unha oportunidade para a participación de persoas maiores que acudían unicamente ao devandito espazo de xeito individual ou como parte dun grupo xa creado.

No 2016, a actividade encamiñouse cara a un novo obxectivo: a dinamización da lingua galega, entendendo que o potencial da radio neste sentido xa foi recollido por distintos estudos (Quintana, 2001; Núñez; Aceituno; Lanza e Sánchez, 2022). Mantíñanse, iso si, como eixos de desenvolvemento a mellora das habilidades comunicativas e sociais e o fornecemento dun espazo de participación activa, a través do que as persoas destinatarias puidesen expresarse, xerar un discurso propio e te-

cer comunidade. Doutro lado, a actividade enfocouse dende unha perspectiva interxeracional, tendo como único requisito para participar nesta ter interese e compromiso ao longo de dúas horas á semana durante todo o curso no que se desenvolveu. Baixo esta premisa, conformouse un grupo integrado por persoas con distintas capacidades, graos de formación e idades.

Neste sentido, adaptouse o deseño da actividade á singularidade do grupo participante entendendo que «(...) a formación a través da radio permite ser individualizada e cada alumno, ouvinte, pode traballar ao seu ritmo, recollendo e asimilando aquilo que máis lle interese» (González, 2003, p. 2). A achega ao proceso produciuse dende unha perspectiva inclusiva para que todas as persoas apuntadas puidesen participar dun xeito significa-

tivo e acorde cos seus intereses e capacidades, e tanto a compoñente xeracional como o intercambio de habilidades, emocións, coñecementos e experiencias supuxese un marco de acción significativo.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Deste xeito, as sesións estiveron destinadas a achegar as persoas participantes (un grupo de 15 mulleres e 5 homes, con idades comprendidas entre 40 e 92 anos) á linguaxe radiofónica a través de aspectos como a voz, a música, os efectos de son e, mesmo, o silencio e traballando distintos xéneros radiofónicos como a entrevista, a ficción sonora, o informativo ou a reportaxe. Entre os retos da actividade, sinalamos os seguintes: a meirande parte das persoas participantes non eran galegofalantes; unha persoa non sabía ler nin escribir,

outra non sabía ler; dúas participantes tiñan serias dificultades lecto-escritoras; dúas tiñan dificultades para ouvir e unha rexistraba déficit de atención. Ademais, ningunha das persoas participantes formara parte dunha actividade de radio con anterioridade e tres non participaran previamente, de xeito asiduo, nunha actividade no eido non escolar.

Non obstante, o reto converteuse no principal valor da actividade, posto que as dinámicas foron adaptándose ao grupo, dada a flexibilidade da radio en termos de recursos como a improvisación, a creación de aparellos para xerar sons, o proceso de preparación, a diversidade de xéneros e o tratamento de temas escollidos polas persoas participantes. Deste Programa Interxeracional (PI, en adiante) de radio resultaron un conxunto de *podcast* que se poden escoitar na plataforma virtual Ivoox baixo o nome de Betanzos Radio na canle de Laboratorio de Radio. As temáticas abordadas foron diversas, desde improvisacións arredor de aspectos da cultura local ata entrevistas relativas á realidade social, pasando pola creación de ficcións sonoras. Ademais, ao longo da súa realización, establecéronse sinerxías cun centro escolar, o CPI Virxe da Cela de Monfero, mediante creacións colectivas «debuxos realizados polo alumnado aos que as persoas participantes de Betanzos Radio deron vida a través de ficcións sonoras» e con outra actividade de radio realizada nun concello próximo, Coirós. Xunto ás participantes deste último Concello, os dous grupos puideron facer unha pequena xira de radioteatro amosando as súas pezas e intercambiando experiencias. Os produtos re-



Participantes de Betanzos Radio gravando unha cuña

sultantes foron mostrados á comunidade, a través de veladas de radio, na Aula de Cultura Xulio Cuns (Betanzos) e na Casa da Cultura Pintor Lloréns (Sada), fitos que estimularon ás persoas participantes.

RESULTADOS

Ao longo da actividade de radio potenciáronse os lazos grupais e aumentou a autoestima do grupo e a súa motivación. En termos de avellentamento activo, comprobouse que o salto ao enfoque interxeracional supuxo unha potenciación dos beneficios que a actividade reportaba para as persoas maiores e tamén favoreceu as persoas de menor idade. Constatouse, a través da observación, a gran evolución do grupo e, sobre todo, mediante os comentarios recollidos nas enquisas de valoración, que a actividade resultou efectiva en termos de quebra de estereotipos e autoestereotipos, adquisición de coñecementos e dinamización da lingua galega. Entre os resultados, destacamos o importante papel que xogou a actividade en termos de inclusión en dous sentidos, o que reafirmamos a través de fontes distintas. Dun lado,

dúas persoas procedentes doutro país confirmaron que esta actividade os conectou coa comunidade: «Foi unha oportunidade de integrarnos, só levamos aquí un ano e non coñeciamos a ninguén» (A1). Doutro lado, para as persoas participantes que viñan dende un centro da comarca de Atención Integral a persoas con Diversidade Funcional supuxo unha oportunidade para participar activamente dunha actividade fóra do seu contexto habitual, compartindo proxecto con persoas da vila: «Gústame participar coa xente que coñezo, pero, sobre todo, coas compañeiras que non coñecía» (A15), «Pasámolo moi ben e sempre pregunto cando nos toca vir á radio» (A13). Quereamos salientar tamén a sinerxía que se estableceu entre persoas, independentemente da súa idade, capacidade ou formación, o que propiciou un reforzo da autoestima das participantes: «N1 contaba a súa parte de memoria, N2 conseguía entrar a tempo porque N3 o avisaba e, ao mesmo tempo, N3 axudaba a N2 a ensaiar o seu. Así saímos adiante, foi moi bonito» (A4); «Paréceme moi interesante e nunca ima-

xinei que lograríamos facer o programa» (A8), «Vexo que a xente se espeliu moito e que somos xa un grupo de amigos» (A17), «Foi increíble ver como cada un de nós achegaba unha cousa (A3)».

CONCLUSIONES


A maior parte das actividades interxeracionais céntranse en reunir persoas de xeracións distantes (maiores e novas). Porén, nesta experiencia confirmamos como o traballo colaborativo entre persoas de distintas idades e xeracións intermedias pode reportar beneficios similares. A través deste PI testemuñouse como o feito de xerar un espazo compartido a través da radio suscitou un intercambio a diferentes niveis nos que a idade de cada persoa pasou a estar nun segundo plano.

Neste senso, queremos subliñar tamén, alén da idade, a xanela de oportunidades que a radio permitiu abrir respecto á participación de colectivos con diversidade funcional. Nunha mesma actividade converxeron persoas de diversas capacidades e tecéronse entre elas alianzas para acadar o obxectivo marcado. A flexibilidade da radio permitiu a configuración dun espazo horizontal, dinámico e integrador que rematou cunha experiencia transformadora. Un punto de encontro comunitario, de impacto social, cun enfoque interxeracional e cunha dimensión inclusiva que amosou as posibilidades do medio radio perante os retos e oportunidades demográficas e sociais aos que nos enfrontamos. ■

REFERENCIAS

- GONZÁLEZ, J. (2003). Ámbitos de actuación de la Radio educativa y su integración en el contexto escolar. *Red digital: Revista de Tecnologías de la Información y Comunicación Educativas*, 4.
- NÚÑEZ, V., ACEITUNO, P., LANZA, D. e SÁNCHEZ, A. (2022). La radio escolar como recurso para el desarrollo de la competencia mediática. *Estudios sobre el Mensaje Periodístico*, 28, 179-190.
- QUINTANA, R. (2001). El lenguaje de la radio y sus posibilidades educativas. *Comunicar. Revista de Comunicación y Educación*, 17, 97-101.
- Betanzos Radio. <https://radioitinerante-creativa.blogspot.com/p/radio-betanzos.html>

PUBLICIDADE



20 anos das Xornadas Interxeracionais de Cabreiros. Un proxecto interxeracional compartido



O CONTEXTO

Foi no ano 2003 cando comezamos a poñer en marcha o proxecto interxeracional rural que presentamos neste documento e que continúa vixente 20 anos despois. Posiblemente ninguén imaxinaba entón que en Cabreiros, unha parroquia rural con espallamento da poboación e cun censo de pouco máis de catrocentos veciños e veciñas, ía ser posible poñer en marcha as *Xornadas Interxeracionais rurais* e coa «desculpa» das mesmas ían emerxer o que coidamos un número moi significativo de iniciativas que se concretaron en diferentes proxectos que comentaremos brevemente. Unha iniciativa que quixemos concibir sempre dende o carácter integrador e coa colaboración de tres institucións: Asociación de Veciños de Cabreiros, Concello de Xermade e Universidade de Santiago. Pero, sen dúbida, un dos retos fundamentais das xornadas foi que o contido e o propio sentido destas non quedase só nuns días. Quixemos que ao longo destes anos abrollasen outras iniciativas e proxectos derivados do encontro deses días relacionados co xogo popular, a participación da xente no Ciclo Universitario da USC, o emprego das TIC en distintos ámbitos do concello e a xeración de iniciativas de emprego.

Xosé Manuel Felpeto Carballeira

sonfelpeto@hotmail.es

Xesús Rodríguez Rodríguez

susodelugo@gmail.com

Laura Cabarcos Camba

laurareguengo@hotmail.com

Marta María López Pardo

martadecabreiros@gmail.com

M^a Carmen Guizán Souto

mariaguizan@gmail.com

Integrantes da organización das Xornadas

REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 23 - 25



Igualmente pretendemos que estas xornadas e as iniciativas que se desenvolveron derivadas destas nos axudasen na nosa parroquia a:

Transformarnos, sabendo que o proceso de perda de poboación e de desaparición de moitos dos nosos referentes culturais quizais non sexa tan irreversible como parece. Se poñemos en práctica algunhas das medidas apuntadas nos encontros, hai probabilidades de recuperación.

Aprender coas persoas maiores. Preguntámonos: Como imos comprender as sensacións e as percepcións das persoas maiores se non coñecemos eses seus anos dedicados ao traballo rural como forma de vida, se non coñecemos os avatares desas viaxes migratorias a Castela para segar ou fóra das nosas fronteiras e as implicacións sociolóxicas e económicas que iso supoñía, se non comprendemos que para conseguir aquelas pesetas a maiores a inventiva e a suor ían xuntos da man? Como imos entender a situación actual de Galicia se non coñecemos esta e outras historias que son parte do noso pasado recente?

Homenaxear a nosa veciñanza é homenaxear a nosa cultura, as nosas vivencias e a nosa his-

toria. É por iso polo que quixemos homenaxear os nosos mestres e mestras, as orquestras que existiron no concello (Cabreiros, Burgás, Alegría, Portovello...), e investigadores/as e persoas de recoñecido prestixio nadas neste concello. Coidamos fundamental homenaxear as nosas actividades e profesións, como é o caso dos/as cavadores/as, dos/as segadores/as a Castela, artesáns, entre outros moitos oficios. Ao longo destas actividades tamén aproveitamos para reflexionar sobre o sentido da escola rural na actualidade e do mundo rural en xeral.

Saír fóra da Universidade, participando activamente tanto no deseño das xornadas coma no seu desenvolvemento formando parte da súa organización.

Arrequecer a autoestima. Porque sen autoestima dificilmente unha parroquia, un concello ou unha vila medra. O feito de que fósemos capaces de desenvolver uns encontros destas características nunha vila coma a nosa, axudou a que nos sentíssemos máis conscientes do noso potencial socio-educativo e das nosas posibilidades futuras de subsistir como pobo.

Despois da realización da primeira xornada, consideramos

oportuno que se continuasen incorporando novas institucións e colectivos que nos puidesen axudar a enriquecer o noso proxecto, poñendo en valor algo tan primordial e necesario como a nosa lingua e o compromiso con ela. Ademais das institucións que axudaron a financiar este proxecto, como é o caso do Concello e da Deputación Provincial de Lugo, cómpre agradecer e destacar as axudas que nos están prestando o Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia, Nova Escola Galega, o Instituto de Estudos Chairegos, a Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional, Brinquedia, a Vicepresidencia da Xunta de Galicia, e Xermolos, entre outras.

Os encontros foron pensados inicialmente para que a mocidade e os maiores poidan desenvolver unha aprendizaxe conxunta, xa que un dos grandes desexos e legados da xente maior é que sexan escoitados e podernos transmitir todo o que aprenderon durante toda a súa vida. Para iso formulamos unhas xornadas abertas cun marcado carácter interxeracional. Deste xeito, quixemos contar coa poboación máis nova. Así mesmo, pretendemos ofrecer

iniciativas á xente maior que lles permitan seguir aprendendo cousas que poidan resultar útiles e interesantes.

INICIATIVAS E PROXECTOS

Entre as numerosas iniciativas e proxectos derivados das xornadas, destacamos:

A Invernada de Cine

As xornadas de Invernada céntranse en documentais, películas, teatro e contacontos.

<http://cabreiros.es/index.php/gl/avv/category/invernada-de-cine>

Vídeos documentais

Nestes vídeos documentais cóntase coa participación de veciños e veciñas de Cabreiros, do concello e doutros lugares como Vilalba ou As Pontes. Destacamos entre outros os seguintes:

«As orquestras de Cabreiros»

<https://www.youtube.com/watch?v=Hs8Z7N6rHM0&t=18s>

«Os Mestres»

«O toxo na nosa cultura»

<https://www.youtube.com/watch?v=IluiMpmHkvE&t=14s>

«Lembranza dunha escola unitaria»

<https://www.youtube.com/watch?v=Jt8yfk5Wuk&t=39s>

«O liño»

<https://www.youtube.com/watch?v=BTQ8qgc9xwY&t=10s>

«A trenza do pelado»

Historia de vida de Dina, unha muller que vive en Lousada (Xermade) e que estivo emigrada en Arxentina durante 44 anos.

<https://www.youtube.com/watch?v=m8AZHn05xL4&t=324s>

«O empalme, unha historia rural colectiva»

Polafías en Cabreiros

A nosa veciñanza foise achegando para contar nunha noite máxica, lendas, ritos, contos, romances e regueifas que forman esa Galiza imaxinaria enfeitizada e meiga. Aproveitouse nesta xornada unha vez máis para desenvolver un exercicio interxeracional máis ca necesario posto que a herdanza por parte da xente maior deixa pouso e sabedoría nos máis novos para

seguir habitando e fortalecéndose na nosa memoria colectiva.

<https://galiciaencantada.com/buscador.asp>

VIII Encontro de Xogos Tradicionais de Xermade

<https://www.youtube.com/watch?v=1Z6ON59BsMI&t=102s>

Memoria fotográfica de Cabreiros

Nas XIII Xornadas Interxeracionais, ano 2017, presentouse un vídeo mostrando fotografías antigas que xente da parroquia foi proporcionando para que a memoria fotográfica de Cabreiros quedase plasmada e gardada para sempre.

<https://www.youtube.com/watch?v=RTI8TgO8xvw>

Premios Xermade na Historia

Como froito das convocatorias deste premio publicáronse ata o día de hoxe tres libros de actas nos que se recollen os traballos premiados.

No seguinte enlace poden visualizarse algunhas das convocatorias e os traballos publicados.

<http://cabreiros.es/index.php/gl/avv/category/premio-xermade-na-historia>

Xornadas de Sendeirismo

Teñen lugar todos os anos as Xornadas de Sendeirismo nadas desa iniciativa e constan de catro ou cinco xornadas nas fin de semana entre os meses de abril e maio, con rutas educativas e de disfrute. Rematan as Xornadas cunha viaxe no mes de setembro, de catro días, a un parque natural da Península. Grazas a esta iniciativa e coa axuda do concello fomos quen de poñer a andar a Ruta do río Trimaz, de 14 km e de gran beleza paisaxística e patrimonial.

É de destacar, en relación con esta cuestión, que durante o ano 2023 «e en certa medida podemos interpretalo como un recoñecemento», por parte de Reservas da Biosfera-Terras do Miño, vén de concederse unha subvención para a conservación e mellora da ruta.

<http://cabreiros.es/index.php/gl/avv/category/sendeirismo-rutas>

Club de lectura

Cómpre destacar que a finais do ano 2023 tomouse a decisión de constituir un club de lectura con

carácter interxeracional e que permita a creación de espazos de dinamización da lectura no marco do contexto rural de Cabreiros. Actualmente o Club está en marcha e conta con 15 persoas anotadas.

PUBLICACIÓNS

A modo de síntese, entre as principais publicacións producidas neste período poderíamos destacar as seguintes:

- Web: <http://cabreiros.es/>
- Edición das I Xornadas Interxeracionais Rurais
- I Revista Interxeracional
- Guía das Asociacións de Xermade
- Cabreiros no tempo
- Unidade Didáctica
- Lembranzas dunha escola unitaria
- Cabreiros, 15 anos de dinamización comunitaria.

Para concluír diríamos que son 20 anos de esforzo e traballo, mais tamén de vivencia en comunidade, e así queda reflectido na publicación do libro dos 15 anos, onde veciños/as e participantes asiduos/as das xornadas achegaron as súas voces para facer ver que as xornadas xa teñen un oco reservado no calendario ano tras ano e que realmente todas as experiencias vividas e compartidas merecen ser recordadas. Entendemos que os traballos promovidos no marco desta iniciativa significan moito máis ca simplemente eventos e proxectos. Representan o corazón e a alma dunha aldea, protexendo e enriquecendo a súa cultura e garantindo a súa supervivencia no Medio Rural. ■

REFERENCIAS

Para un mellor coñecemento das experiencias e proxectos mencionados neste artigo recoméndase a consulta da publicación:

- RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, J.; FELPETO CARBALLERA, X. M. (Coords.) (2021). *Cabreiros, 15 anos de dinamización comunitaria. Olladas e Recursos Interxeracionais no rural*. Cabreiros: Concello de Xermade/Deputación de Lugo. <http://cabreiros.es/documentos/cabreiros.pdf>



O Pobo Escola (CDR O Viso): A comunidade como potenciadora da interxeracionalidade

Antonio Rodríguez Corbal

Preescolar na Casa. Ceip Rosalía de Castro
(Xinzo de Limia). CDR O Viso

arcorbal@edu.xunta.gal

Equipo Educativo CDR O Viso

areaeducativa@cdroviso.org

INTRODUCCIÓN

A comezos de 1990, o CDR O Viso, declarado de utilidade pública, atopou no Pobo Escola unha ferramenta para a activación comunitaria. Un aspecto que está na base da interxeracionalidade entendendo que «fai falla un pobo para educar unha crianza», de que «un vello que morre é unha biblioteca que arde», atendendo aos ditos africanos. O traballo do Centro de Desenvolvemento Rural O Viso xira así arredor do eido da educación comunitaria, asentándose na premisa de que o futuro depende, en boa parte, da memoria.

Nesta estratexia de desenvolvemento integral dirixida á poboación máis vulnerable da comarca da Limia, e dentro das diversas accións que desde o CDR se impulsan, imos centrarnos neste artigo na área educativo-ambiental e de promoción das contornas rurais. Dentro desta, referímonos a experiencias con marcado carácter interxeracional como é o Pobo Escola de Lodoselo.

OBXECTIVOS E METODOLOXÍA

Nesta iniciativa o obxectivo fundamental é acompañar a xente do medio rural limián en procesos de desenvolvemento que asumen o desafío de facer medrar a toda a persoa e a todas as persoas. Partindo desta base, a metodoloxía que o CDR O Viso aplica nos seus

REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932
Páx. 26 - 28

programas baséase no «coidarme, coidarte, coidarnos», é dicir, traballar en comunidade e nos seguintes puntos:

Capacidade de adaptación e flexibilidade de todas e cada unha das accións para dar resposta ás necesidades das persoas e da comunidade en xeral.

Innovar facendo o que as comunidades fixeron desde todos os tempos: coidarse, axudarse, apoiarse e cooperar en practicamente todos os aspectos vitais.

Comprender cal é o noso lugar na Terra, porque o benestar da comunidade está conectado ao de todos os animais e ao medio.

Potenciar o modelo interxeracional de vida nas aldeas, nunha sociedade que cada vez tende máis a dividirnos en compartimentos estancos por idades; resulta importante compartir espazos, actividades e vidas.

EXPERIENCIAS INTERXERACIONAIS: DA CASA NIÑO AO POBO ESCOLA

O CDR O Viso no seu labor de potenciar a comunidade acolle prácticas interxeracionais. Unha delas represéntaa o tándem Casa Niño Lodose-lo – Centro de Inclusión, onde nenos e nenas conviven con persoas maiores coa naturalidade que se pode dar na familia entre avoas e avós e netas e netos. O fomento deste contexto interxeracional ten moitas arestas máis neste caso centrarémonos no Pobo Escola, espazo no que se dan a coñecer tarefas que se realizaban no pobo, como o coidado dos animais ou mesmo a elaboración do pan. Recuperar para a acción educativa o patrimonio cultural e social da comunidade rural, porén, as actividades van máis alá e acóllense xogos



que afondan no coñecemento da cultura rural, arredor da natureza e a recuperación de lugares que, como o forno comunitario ou o lavadoiro, xa non tiñan un uso cotián. Deste xeito, nesta contorna de Lodose-lo os traballos van orientados a xerar comunidade a través dos recursos propios, da posta en valor da tradición e da identidade.

Nesa divulgación participan de xeito activo as veciñas e veciños que transmiten os seus coñecemento aos escolares que visitan este lugar. Nesa tarefa agroma un beneficio mutuo, os visitantes adquiren coñecementos e intercambian a súa visión do mundo coas persoas que os reciben, que, nesta liña, séntense valoradas, aumentando a súa autoestima. Ganancias que «(...) adquiren cada vez máis importancia durante o avellentamento co fin de manter un equilibrio positivo entre as perdas e as novas adquisicións» (Pettreto et al., 2016, p. 233). Por tanto, esta acción ten tamén un impacto na área do avellentamento activo.

O Pobo Escola funciona á maneira das cidades educadoras (Trilla, 2005), bebendo na Grecia de Plutarco que xa dicía que «a cidade é o mellor instrutor» e mesmo denunciando as formas descontextualizadas de aprendizaxe e as institucións onde, máis que creala e aplicala, traficase con ela. Aquí o axente educador e o contido de recursos é o pobo. Vén ser aprender do pobo, no pobo, o pobo. Valorizar a experiencia de maneira que as persoas sigan sendo alguén no seu medio. Falamos de interdependencia e, por tanto, de que a suma, de que o cotián nos fai mellores. Vínculos espaciais («onde todo nos fala»), vínculos interxeracionais (porque educar tamén é impregnar de sentido o que facemos a cada instante, dinos Paulo Freire). E as diferenzas estimulan o pracer de descubrir e mirar, de buscar o por que das cousas; aprendermos a apreciar o que temos diante como primeiro paso para comprendermos o mundo.



CONCLUSIÓN

O Centro de Desenvolvemento Rural do Viso é unha realidade radicalmente comunitaria e dende esta premisa acolle a interxeracionalidade. Non é só que os outros participen na miña constitución como persoa. É que sen eles non sería eu. Na nosa cultura tradicional «eu son nós» e temos clara a riqueza (tamén as dificultades) de atender a diversidade (fronte aos grupos da «mesma idade»). Neste sentido, Galicia foi algún día un país cheo de vellos e nenos segundo escribiu Xosé Neira Vilas a

través de Balbino e as súas *memorias dun neno labrego*. Poida que ese feito, produto dramático da emigración, sexa causa da especial relación entre as persoas máis novas e as máis vellas. Ou poida que sexa consecuencia desa relación cómplice entre os extremos das idades. O caso é que a oportunidade de que as persoas sabias das tribos teñan relevancia no papel educativo das crianzas é un tesouro ameazado con restrinxirse a eventos, a momentos concretos. O pobo aínda non é así. O pobo aínda é de quen queira. O pobo é o

espazo onde a idade non é un obstáculo nas relacións.

A interxeracionalidade convida a pensar na mestura de nenos e nenas coas persoas que xa non están en idade laboral pero a vida comunitaria é máis ca iso, é vivir todos e todas con todos e todas. Tamén é interxeracionalidade a relación entre persoas adolescentes e adultas. A interxeracionalidade é, por tanto, diversidade e heteroxeneidade. As persoas tenden a xuntarse co semellante ou co igual e cando non existe ese par idéntico xúntanse con outras persoas coas que se van enriquecer precisamente das diferenzas. ■

REFERENCIAS

- NEIRA VILAS, X. N. (1985). *Memorias dun neno labrego*. Edicións do Castro.
- PETRETTO, D., PILI, R., GAVIANO, L., MATOS, C. e ZUDDAS, C. (2016). Envejecimiento activo y de éxito o saludable. *Revista española de geriatría gerontología*, 51(4), 229-241.
- TRILLA, J. T. (2015). La idea de ciudad educadora y escuela. *Educacion y Ciudad*, 7, 73-106.

PUBLICIDADE

O dominio galego
Máis información en www.dominio.gal

dominio .gal

«Fálame da emigración»: o valor da experiencia nos centros educativos de secundaria



Primeiro plano de participantes nas aulas do IES Francisco Aguiar

INTRODUCCIÓN

A fragmentación por idades na que se estrutura a nosa sociedade evidencia a necesidade de experimentar novas canles de interacción e cooperación entre os diferentes grupos etarios para acadar un beneficio mutuo. Neste sentido, Afundación, a Obra Social de ABANCA, cuxos fins principais son a promoción da cultura, da educación e do envellecemento activo, sinalou como prioridade en 2015 a posta en marcha de programas interxeracionais para propiciar a conexión entre xeracións e novas oportunidades de participación social para as persoas maiores. Neste punto, coincidimos con Sánchez et al. cando afirman que os centros educativos poden brindar oportunidades para (...) establecer relacións e vínculos descomprometidos entre persoas que se perciben en traxectoria vital pero ocupando distintas posicións xeracionais (2017, p. 337).

Neste sentido, e tendo en conta que Afundación conta con centros de promoción do envellecemento activo en 11 localidades galegas, os Espazos+60, decidimos centrarnos nun proxecto que vencellase as persoas maiores socias dos mesmos co alumnado de secundaria entendendo que «(...) a mellora da vida en sociedade pasa por superar estas situacións de fragmentación e distanciamento debido ao debilitamento dos vencellos e por conseguir unha maior cohesión social» (Centro del Conocimiento de Fundación EDE, 2015, p. 9).

Ana Doval

Sabela Couceiro

Afundación, Obra Social ABANCA
icouceiro@afundacion.org

Julián Ferrer

Delfina Ruibal

Teresa Bellón

IES Francisco Aguiar de Betanzos
Departamento de Xeografía e Historia
ies.francisco.aguiar@edu.xunta.es

REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932
Páx. 29 - 31



As persoas maiores comentan co alumnado a exposición «Nós tamén fomos emigrantes». Un alumno expón a historia familiar na emigración

Con este fin, pensamos na emigración galega no século XX, que emerxeu como unha temática do currículo cuxo relato podía ser construído a partir das historias de vida na emigración dos maiores, para chegar de maneira vivencial ao alumnado un capítulo clave da nosa historia e da nosa identidade. Para contextualizar estes relatos, Afundación dispuña dunha exposición de fotografías da Axencia EFE, dun documental e, ademais, elaboramos materiais e guías didácticas para facilitar o labor do profesorado.

Empezamos, así, no 2015, un traballo de captación de persoas maiores cunha experiencia na emigración a quen acompañamos na construción dos seus relatos e na aventura de compartir nas aulas coa mocidade galega o valor da súa historia de vida. As máis de 120 persoas participantes ata a data manifestan o sentimento de sentírense útiles, respectadas e valoradas pola escoita acti-

va, a comprensión, o interese e agradecemento que amosa o alumnado cara a eles. Andrea, de 2º da ESO, expresábo así:

Moitas grazas por contarnos a vosa historia, que me serviu de axuda e inspiración e me deu unha forza enorme para loitar polos meus soños.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Os centros educativos de ensino secundario implicáronse activamente nesta iniciativa como pode verse neste testemuño do IES Francisco Aguiar de Betanzos:

O equipo de profesores do Departamento de Xeografía e Historia do IES Francisco Aguiar de Betanzos acollemos con interese o programa «Fálame da emigración» no 2015, acaído aos desenvolvementos curriculares de 2º da ESO. Non sospeitabamos entón ata que punto esta nova forma de abordar na escola o tema da emigración, contando cos seus protagonistas, ía entusiasmar o noso alumnado.

A experiencia estrutúrase en dúas sesións de encontro interxeracional co grupo de maiores que se desprazan ata o IES. Xa na propia sesión, que ocupa dous períodos de clase, vese o documental *América ou Shangai*, proporcionado por Afundación. Deseguido, a parte máis rechamante para o noso alumnado: os maiores relatan a súa experiencia na emigración. Salientamos a riqueza en canto a lugares e tempos desas experiencias, pero, sobre todo,

no referido a vivencias. Porque este aspecto vivencial é o que máis sorprende os nosos rapaces e rapazas. Como dixo Gabriela, participante na primeira edición:

Máis aprendemos, porque nos chega ao corazón cada cousa que nos contan, cada momento que viviron.

Tamén Adrián insiste nisto:

Puidemos aprender moitas cousas sobre a emigración e saber que sentiron, e iso non se pode aprender nun libro.

Ese interese quedou patente nas preguntas que seguiron á intervención dos maiores.

Queda, daquela, a *pelota* no tellado do alumnado, que fica comprometido a indagar, no seu espazo familiar, sobre esas historias de emigración. E así, aproximadamente un mes e medio máis tarde, ten lugar a segunda sesión en dous períodos lectivos. Comeza cunha visita á exposición «Nós tamén fomos emigrantes», nos andeis do noso instituto. A novidade é que a mocidade olla a mostra acompañados polos maiores. Establécese, así, un diálogo riquísimo en ideas e emocións que vai preparando a segunda parte do encontro. Deseguido, xa nas aulas, cambian os papeis. O alumnado expón as experiencias de emigración (re)descubertas no seu contorno próximo que son comentadas por persoas maiores e estudantes. Un traballo final en pequenos grupos mixtos, para reflexionar sobre diferentes aspectos da emigración pasada e actual, serve para completar a intensa sesión e crear lazos entre ambos.

Que a experiencia é ben valorada polo equipo docente do noso departamento queda pa-

tente no feito de que, desde 2015 ata hoxe, sigamos a repetir cada ano o proxecto, aínda que agora se desenvolve en 4º da ESO.

Os principais beneficios da actividade son:

A) Acadar a atención do alumnado arredor dun tema que non suscita, habitualmente, entusiasmo. Como dixo Andrés, un dos participantes:

Os maiores poden contar isto mellor que os libros e que os profesores porque o viviron en primeira persoa, foron eles os protagonistas.

Os adultos logran captar o interese e espertan a admiración pola súa determinación e valentía.

B) Potenciar a habilidade do alumnado de intervención oral en público. O feito de narrar experiencias vitais de persoas próximas dálles seguridade para afrontar, sen medo, a tarefa de falar en público.

C) Aprender coñecementos sobre a emigración. Se podiamos temer que a experiencia ficase nunha colección de *historietas* anecdóticas,

a guía didáctica, o vídeo, a exposición e o traballo nos encontros serven para contextualizalas nun marco de coñecementos integrado nas Ciencias Sociais.

D) escoitar consellos de persoas con máis experiencia vital e romper estereotipos, como expresa o alumnado:

Cambiou moito a miña visión das persoas maiores... Estaba equivocada, podemos ter amigos de todas as idades e aprender de todo o mundo.

Yasmine

Servíume para saber que as persoas maiores son máis interesantes do que pensabamos.

Ainhoa

A experiencia leva o noso alumnado á comprensión das persoas que, actualmente, están a chegar ao noso país na procura dunha vida mellor.

CONCLUSIÓN

Este programa permite á mocidade coñecer a emigración galega do século XX a través da voz dos seus protagonistas, e xunto con eles e elas, reflexionar sobre os fenómenos migratorios actuais. Á súa vez, promove relacións entre mocidade e maiores, baseadas no entendemento e respecto mutuos, superando actitudes idadistas e establecendo un novo espazo para a participación social das persoas maiores, que pon en valor a súa experiencia vital. «Fálame da emigración» realízase coa colaboración de 20 IES de Galicia, coa participación, ata o curso 2022-2023, de 120 persoas maiores e máis de 4000 estudantes de secundaria e bacharelato. ■


REFERENCIAS

- Centro del Conocimiento de Fundación EDE. (2015). *Hacia una sociedad intergeneracional: ¿Cómo impulsar programas para todas las edades? Guía práctica*. Diputación Foral de Bizkaia - Departamento de Acción Social.
- SÁNCHEZ, M., SÁEZ, J., CAMPILLO, M., e DÍAZ, P. (2017). Aportación de las personas mayores en los colegios intergeneracionales. La experiencia del proyecto ISCI. *Revista de Estudios e Investigación en Psicología y Educación*, 5, 334-338. <https://doi.org/10.17979/reipe.2017.0.05.2846>

PUBLICIDADE

OS CONTOS POLA DIVERSIDADE DE ALVARELLOS EDITORA





As Xornadas Interxeracionais de Dinamización do Medio Rural *Follas de Vida*

Visita de Marcos Rodríguez Pantoja.

María Esther Pérez Enríquez

Universidade de Vigo
me_perez@uvigo.gal

INTRODUCCIÓN

A situación demográfica en sociedades como a galega, e máis significativamente na provincia de Ourense, onde por primeira vez na historia o número de persoas maiores de 65 anos supera o de nenos e nenas de 0 a 14 anos, fai necesarios avances na reflexión e nas prácticas educativas e sociais.

É necesario realizar actividades e programas onde todas as xeracións se reúnan, convivan, interveñan e compartan experiencias. E non só facelo no ámbito escolar (Limón, 1998), senón tamén nos centros de maiores, centros culturais, aulas da terceira idade, asociacións veciñais e concellos, entre outros. Faise imprescindible que as institucións de maiores sexan lugares abertos á comunidade, asumindo o novo paradigma do envellecemento activo e a educación interxeracional. Facilitando e propiciando que as xeracións máis novas aproveiten o saber e a experiencia das máis velhas, e estas achéguese aos cambios sociais que protagonizan a xuventude, as persoas traballadoras, as institucións políticas e as educativas e investigadoras.

En Galicia, asistimos nos últimos anos a un incremento constante de iniciativas favorecedoras das relacións interxeracionais, tanto no traballo socioeducativo realizado en determinadas institucións

REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932
Páx. 32 - 35

de persoas maiores, como en proxectos de desenvolvemento comunitario máis amplos (Cid e Pérez, 2016). Aínda que é certo que a situación de emerxencia sanitaria ocasionada pola pandemia da Covid-19 paralizou moitas destas iniciativas, que pouco a pouco parece que volven e retomarse e a coller impulso.

Neste artigo presentamos as *Xornadas de Dinamización do Medio Rural Follas de Vida*, unha experiencia interxeracional levada a cabo no Concello de San Amaro (Ourense), entre o centro de persoas maiores e a comunidade educativa do colexio de educación infantil e primaria.

1. FOLLAS DE VIDA

Follas de Vida é o nome que se deu a un modesto programa interxeracional deseñado no centro de maiores *Fogar Residencial San Amaro*, tras unha previa e longa andaina de colaboración conxunta entre este centro e o colexio da zona.

A experiencia consolídase como tal alá polo ano 2016, concretamente no mes de novembro, coa pretensión de ser o comezo dunha relación interxeracional que continuase no tempo e que tivese como vínculo de unión a poboación do rural en xeral.

O nome escollido para estas xornadas fundaméntase, por un lado, no significado metafórico que adquiren as «follas» das árbores en outono; a pesar de que caen, novas follas volven medrar con máis forza; e por outro lado, porque «vida» é sen dúbida a primeira palabra que xurdiu ao xuntar os dous grupos de poboación protagonistas, nenos, nenas e persoas maiores.



Fotografía grupal das primeiras xornadas.

1.1. OBXECTIVOS

O obxectivo xeral foi promover iniciativas interxeracionais que permitisen as relacións entre persoas de diferentes idades, coa vontade de incrementar os seus vínculos e coñecemento mutuo.

Este obxectivo, concreouse noutros máis específicos:

Fomentar a participación activa e conxunta de todas as persoas que o desexaren.

Favorecer a cohesión, o respecto e a convivencia entre xeracións e, por conseguinte, diminuír a imaxe estereotipada da vellez que aínda persiste na nosa sociedade.

1.2. TEMPORALIZACIÓN

As tres primeiras edicións desta experiencia realizáronse nos cursos 2016-2017, 2017-2018 e 2018-2019; tiveron unha duración dun mes, concretamente o mes de novembro, e distribuíronse en catro sesións diferenciadas, pero relacionadas entre si.

Estas edicións fóronse intercalando todos os anos con diversas actividades interxeracionais ao longo de todo o curso esco-

lar, é dicir, que *Follas de Vida* non comezaba e remataba no mes de novembro; máis ben eran o impulso para traballar continua e transversalmente, tanto no colexio coma no centro de maiores, diversas actividades e celebracións dun xeito interxeracional (o inicio do curso, o aniversario do centro, o Nadal, o Entroido, a primavera, a fin de curso...).

Esta foi a razón fundamental pola que a cuarta edición decidiuse realizala ao longo de todo o curso escolar 2019-2020, pois un mes, aínda que intenso, quedaba escaso. Pero esta experiencia non se puido rematar, quedou totalmente truncada pola emerxencia sanitaria ocasionada pola Covid-19. Situación que nos centros de maiores se estendeu moito, pois os protocolos destes centros foron moi estritos e sobre todo, restritivos.

Durante o verán do 2022 realizouse na localidade un campamento de verán para os nenos e nenas, e aproveitouse a ocasión para comezar a realizar actividades interxeracionais, sempre seguindo o protocolo do centro de maiores (ao aire libre, con máscara e coidando moito a hixiene de mans);



Magosto interxeracional

así, durante todos os xoves dos meses de xullo e agosto, o campamento realizouse nas instalacións do Fogar Residencial, con actividades adaptadas a todas as idades.

E foi no curso pasado, 2022-2023, cando se puido retomar con relativa normalidade as actividades interxeracionais. Fíxose sen un programa concreto e sempre relacionadas con celebracións especiais (o Magosto, o Entroido, o Nadal...) e rematouse o curso cunha celebración dun xantar interxeracional no colexio, onde participou xente e institucións de todo o pobo de San Amaro.

1.3. ALGUNHAS ACTIVIDADES

Queremos presentar neste apartado algunhas das actividades máis específicas, desenvoltas propiamente nas tres primeiras edicións das *Xornadas de Follas de Vida*.

Na primeira edición (curso 2016-17), as actividades centráronse sobre todo no eixe interxeracional, sen buscar unha temática concreta.

Historia dunha vida con animais:

Despois da visualización previa da película «Entre lobos», que narra a historia real dun neno que tivo que sobrevivir e criarse entre animais cando os seus pais o intercambiaron por unhas cabras, puidemos gozar no Fogar Residencial, ao longo dunha mañá, da visita de Marcos Rodríguez Pantoja (protagonista real da película). Tivemos a oportunidade de escoitar un relato, contado en primeira persoa, das experiencias e estancia en Serra Morena dende os seus 6 aos 19 anos, xunto cos animais.

Magosto interxeracional:

Coincidindo coa data do San Martiño, celebramos todos e todas xuntas no Colexio o Magosto con música, baile e, por suposto, as castañas.

Historias de aquí e de acolá:

Nesta xornada contamos coa presenza, no centro de maiores, do contacontos Celso Fernández Sanmartín, xunto ao que pasamos unha agradable xornada coas súas historias preparadas especialmente para a ocasión.

Xogos de outrora:

Para poñer fin ás primeiras xornadas celebramos unha sesión

de xogos populares compartindo un mesmo tempo e espazo, no colexio. Coa colaboración e axuda do Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo, coñecemos da man das persoas maiores os seus xogos. Unha boa aprendizaxe e un bo entretemento para os/as máis cativos/as e un bo exercicio de memoria para os/as maiores.

A segunda edición das Xornadas (curso 2027-18) versou sobre unha temática específica, dous oficios moi característicos de Ourense, o afiado e a cestería.

Oficios Galegos, a vida aafiando:

Tras a visualización da película-documental *A última viaxe do afiador*, nesta ocasión visitounos no Fogar Residencial o escultor Florencio de Arboiro, que leva máis de catro décadas recollendo, restaurando e coleccionando rodas de afiar, co obxecto de sacar do esquecemento este oficio tan característico de moitas comarcas ourensás. Creador, ademais, do *Museo da Casa das Rodas* en San Xoán de Río, que conta con máis de 200 pezas únicas.

Magosto interxeracional:

A segunda xornada celebrouse coma o ano anterior, no colexio, coincidindo coa celebración do magosto, unha festa popular moi característica de Galicia e sobre todo de Ourense.

A vida da cestería:

Esta foi unha xornada chea de aprendizaxes, descubrimentos e emocións compartidas. Maiores e nenos/as aprenderon e practicaron conxuntamente un oficio que para as persoas máis novas era case descoñecido. Acompañounos no Fogar Residencial «O Cesteiro» de Lobeira, Toño González, falecido en decembro do 2020, con máis de 38 anos dedicados á cestería, á música

ca, á ensinanza e a atesourar máis de 300 pezas, algunhas de gran valor etnográfico, que el quería expoñer nun museo.

Contos cantados:

Esta segunda edición rematou coa música e baile da cantautora e profesora universitaria Susa Herrera Ruiz. Foi unha mañá inesquecible, onde todas as xeracións compartimos, no centro de maiores, cantigas, música, bailes e emocións.

A terceira edición (curso 2018-19) decidimos centrarla novamente nunha temática específica, as lendas e mitos galegos.

As lendas aínda viven nos recordos:

Esta sesión preparárona as persoas maiores do Fogar Residencial coa axuda da Educadora Social, crearon e montaron un pequeno documental sobre as lendas que lembraban da comarca. E despois da súa visualización puideron responder a todas as inquietudes dos/as máis novos do Colexio e compartir impresións, ideas e emocións.

Magosto interxeracional:

Esta celebración xa se afianzou e converteuse nun clásico de obrigado cumprimento. Un xantar interxeracional no colechio, co prato principal do *bolo preñado* e de sobremesa a bica e as castañas; continuando coa música e baile tradicional.

A Galiza encantada, lendas e mitos:

Para completar a intervención das persoas maiores na primeira sesión, nesta ocasión acompañounos no Fogar Residencial o mestre Rafael Adalid, que elaborou a súa tese de doutoramento sobre a mitoloxía galega relacionada coa auga. Compartiu con todas as persoas presentes contos, lendas e mitos galegos.



Magosto interxeracional

Interpretando as nosas lendas:

Na derradeira sesión visitamos o Castro de San Cibrao de Las, un extraordinario patrimonio histórico e cultural do propio concello de San Amaro, alí puidemos pasar unha mañá chea de actividades, descubrimentos e interpretación dalgunhas lendas contadas.

2. UNHAS REFLEXIÓNS FINAIS

Son moitas as experiencias, iniciativas e estudos que corroboran que os programas interxeracionais unifican xeracións separadas, axudan á transmisión cultural, fomentan unha vida laboral e social activa entre as xeracións, comparten recursos e contribúen á aprendizaxe ao longo de toda a vida (Bostrum et al., 2001).

Follas de Vida podemos considerala unha verdadeira experiencia interxeracional, pois nela, ambas as xeracións achegan algo, en función dos seus intereses e coñecementos, producíndose un intercambio mutuo; ademais, promóvense e réalzanse valores como a solidariedade, a autoestima e a conciencia do valor de cada xeración.

Aínda que nesta ocasión resulta complicado facer referencia a todas as opinións xurdidas despois de cada unha das actividades realizadas, podemos afirmar, apoiándonos nas avaliacións realizadas, que constituíu unha experiencia moi positiva e enriquecedora, tanto a nivel cognitivo como, sobre todo, afectivo e emocional para todas as persoas que participaron nela.

Ademais, esperamos que sexa fonte de motivación para seguir sementando outras ideas en diferentes institucións sociais e/ou educativas, tanto formais como non formais e informais, independentemente do grupo de idade ao que vaian dirixidas. ■

REFERENCIAS

- BOSTRUM, A.; HATTON-YEO, A.; OHSAKO, T.; e SAWANO, Y. (2001). A general assessment of IP initiatives in the countries involved. En, A. Hatton-Yeo e T. Ohsako (Eds.). *Intergenerational Programmes. Public and Research Implications an International Perspective* (pp. 3-8). The Beth Johnson Foundation.
- CID, X. M. e PÉREZ, M. E. (2016). Gerontología educativa e intergeneracionalidad. *Perspectivas Sociales/ Social Perspectives*, 18(1), 95-125.
- LIMÓN, M. R. (1998). La educación de las personas mayores. En, A. Petrus (Coord.). *Pedagogía Social* (pp. 292-329). Ariel.

Glenn Ringtved


Chora, corazón, pero endexamais raches

ILUSTRACIÓNS

Charlotte Pardi

TRADUCIÓN

Dragana Djordjevic



LIXG: avoas e avós, o elo co pasado

Pilar Sampedro

Consello de redacción

pilarsampedro507@gmail.com

A miña xeración sabíase máis comprendida polos avós, pois viviran antes de Franco, votaran libremente e podían entender que nós reclamáramos liberdades mentres os pais se dicían apolíticos, para non mostrar nunca enfrontamento co réxime ditatorial.

Recordamos os nosos avós e avoas cun cariño especial, a súa vellez non nos molestou, admirabamos as veas das súas mans, as canas e as engurras da súa pel.

Os avós e as avoas están moi presentes na literatura infantil. Ese vínculo interxeracional é forte porque os maiores non cargan a responsabilidade nesta crianza nin aparecen tan atafegados polo traballo profesional, de forma que lles poden dedicar un tempo de máis calidade aos pequenos, e estes agradéceno. As criaturas sábense queridas e aproveitan esa circunstancia para confiar nese adulto co que se atopan de forma intermitente e, sempre, favorable e consentida.

Que as distintas xeracións compartan espazos e momentos é moi conveniente. Separar por idades (garderías, residencias de maiores, parque infantil, parques da terceira idade, festas de remocicar, celebracións infantís...) non é a mellor maneira de crear convivencia. Tampouco o é explotar as persoas maiores cargándoas coa

REVISTA GALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 36 - 38



crianza das netas e netos, pois todo debe gardar a debida medida, xogando coa colaboración e a compañía, deixando que se complementen, que aprendan uns dos outros e non deixen de sorprenderse.

Os avós e avoas teñen o tempo que os pais non posúen, e están felices de compartilo con netos e netas. E todo isto se mostra na literatura infantil.

Con eles veñen os afectos, os coidados, a enfermidade (especialmente as relacionadas coa memoria) e a morte. Imos facer un pequeno percorrido seguindo as temáticas. Partimos da identidade:

Eu son eu, de Fina Casallerrey, é a maneira máis tenra de retratar a enfermidade porque a avoa esquece e confúndeo todo ata que «eu» se achega e a avoa se dá conta de que «eu son eu». Para o mesmo tramo de idade, *A miña avoa é un neno, coma min*, de Elaine Agirre (presentado dentro do selo de lectura fácil), ou *A avoa adormecida*, de Roberto Parmeggiani. O relato de An Alfaya «A muller prohibida»

integrado no volume *Historias para calquera lugar*, describe a entrega das lembranzas do avó ao neto para que sexa a súa memoria, cando acabe de perde-la. Algo semellante acontece en *Chamádeme Simbad*, de Francisco Castro, no que un e outro asumen o papel que se precisa nun xogo de comprensión. Nos textos relacionados coa memoria histórica é bastante normal que aparezan e que se relacionen coa perda de memoria (social e persoal) tal como sucedía no relato de An Alfaya ou en *A árbore dos vagalumes*, de Xulia Barros, que se presenta así:

Unha emotiva historia interxeracional sobre o valor dos afectos, o respecto aos maiores e, sobre todo, a importancia de conservar a memoria, é dicir, a capacidade de non esquecer de onde vivimos.

Aí están os avós, como as raíces que xonguen a rapazada á terra, á estirpe, á historia do país.

A avoa pode vivir nunha residencia, *Miña avoa ten 13 anos*, e a neta vaina ver e contarlle histo-

rias, tal como ela fixo antes. As avoas son as narradoras, mais agora a neta dálle a volta, devolvendo o conto coas palabras que están aí dende o principio dos tempos, nunha cadea a coirdar, como a tradición.

Eles representan os coidados e son o refuxio que protexe cando a enfermidade entra na casa como sucede en *As cicatrices do caranguexo*, pero tamén son a ensinanza da autonomía e outros saberes, tal como aparece en *A viaxe de Ana*.

Son superheroínas e superheroes que, ademais de contar e cantar, escoitar e entender, atenden coidados e ensinanzas e súperanse, tal como se demostra na vida diaria: *Ei, Superavó, Superavoa* e incluso en *Bos días*, avoa con esa muller que non para dende ese primeiro saúdo ata que queda durmida no sofá e ten que ser levada á cama polo pai das nenas, tal como ela fixera coas pequenas.

A morte, ese final do que os humanos somos conscientes ao longo da vida, é algo case incompreensible ao que as crianzas van entrando a través do



«outro»: obxectos inanimados que deixan de funcionar, os animais que doen pero non tanto e, ao final, a meirande parte do tempo: os avós. *O asubío do avó, A avoa do ceo, Avoa de arriba e avoa de abaixo, A avoa Encarna fai niño; Chora, corazón, pero endexamais raches...* Botar de menos a avoa ou o avó é asumir a dor como pode lerse en *Tres bichicomas, dúas illas e unha serea, Muriel...* Pode notarse tanto a súa falta, que haxa ata que pedilos prestados, como sucede en *O avó de Zuleimar*.

As casas das avoas son os lugares aos que se volve cando a situación é precaria e o paro entra nos fogares como sucede en *O xeito das froitas*, pero tamén cando os pais se separan e toca volver ao niño orixinal para reporse, cando as avoas precisan axuda, ou sempre que volven á aldea de vacacións, ese *locus* do que queren fuxir os adolescentes ata que descubren toda a riqueza que hai detrás.

Son tan abundantes estes relatos que só temos que pasar

pola obra de Agustín Fernández Paz (*Dende unha estrela distante, Noite de voraces sombras, Que medo, mamá Raquel!...*) ou Fina Casalderrey (*O estanque dos parrulos pobres, O avó é sabio, A avoa ten unha menciña, A avoa non quere comer, O meu avó é unha gata, Quen me quere adoptar?, Un cabalo de lume, A Pomba e o Degolado, A lagoa das nenas mudas...*) para facernos unha idea. Aínda que son máis abundantes os álbums ilustrados e os libros dirixidos a preletoras e primeiras lectoras, atopámo-los tamén para lectorado autónomo e experto.

Igual as avoas, ademais de ser a casa da nai e do pai, son a aldea e a lingua. Tal vez elas poidan seducir coa maxia das palabras antes de que estas se perdan no decorrer dos tempos. ■

REFERENCIAS

- AGIRRE, A., AZPIAZU, A. (2019): *A miña avoa é un neno, coma min*, Edición de autor/a. (Primeiras Lecturas).
- ALONSO G., IRENE (I): *As cicatrices do caraguexo*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia (Lecturas autónomas).
- ANEIROS, ROSA (2020): *Tres bichicomas, dúas illas e unha serea*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia (Lecturas autónomas).
- BARROS, XULIA (2020): *A árbore dos vaginalumes*, Vigo, Belagua Edicións.
- CANOSA, MARÍA (2017): *Muriel*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia (Lecturas autónomas).
- CARBALLUDE, PEPE (2007): *Miña avoa ten 13 anos*, Vigo, Tambre Edelvives.
- CASALDERREY, FINA (2004): *Eu son eu*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia (Primeiras Lecturas).
- CASALDERREY, FINA (1996): *O estanque dos parrulos pobres*, Edebé-Rodeira (Lectorado autónomo).
- CASALDERREY, FINA (2002): *O avó é sabio*, Barcelona, Combel editora (Primeiras Lecturas).
- CASALDERREY, FINA (2002): *O avó sae de paseo*, Barcelona, Combel editora (Primeiras Lecturas).

- CASALDERREY, FINA (2002): *A avoa ten unha menciña*, Barcelona, Combel editora (Primeiras Lecturas).
- CASALDERREY, FINA (2002): *A avoa non quere comer*, Barcelona, Combel editora (Primeiras Lecturas).
- CASALDERREY, FINA (2005): *O meu avó é unha gata*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia (Primeiras Lecturas).
- CASALDERREY, FINA (2005): *Quen me quere adoptar?*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia (Primeiras Lecturas).
- CASALDERREY, FINA (2007): *Un cabalo de lume*, A Coruña, Baía edicións (Primeiras Lecturas).
- CASALDERREY, FINA (2007): *A Pomba e o Degolado*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia (Lecturas expertas).
- CASTRO, FRANCISCO (2009): *Chamádeme Simbad*, Vigo, editorial Galaxia (Lecturas autónomas).
- DEPAOLA, TOMIE (2022): *Avoa de arriba e avoa de abaixo*, Pontevedra, Kalandraka (Primeiras lecturas).
- FERNÁNDEZ PAZ, AGUSTÍN (2013): *Desde unha estrela distante*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia (Lecturas autónomas).
- FERNÁNDEZ PAZ, AGUSTÍN (2006): *Noite de voraces sombras*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia (Lecturas expertas).
- FERNÁNDEZ PAZ, AGUSTÍN (2005): *Que medo, mamá Raquel!*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia (Primeiras Lecturas).
- FERNÁNDEZ PAZ, AGUSTÍN (1993): *Rapazas*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia (Lecturas expertas).
- GOÁS, ÁNGELES (2021): *O asubío do avó*, Vigo, editorial Galaxia (Primeiras Lecturas).
- LAVATELLI, ANNA (2015): *A avoa do ceo*, Santiago, El Patito Editorial (Primeiras Lecturas).
- MCCARTNEY, PAUL (2020): *Ei, Superavó*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia (Primeiras Lecturas).
- MÉNDEZ G., JUAN CARLOS (2021): *O avó de Zuleimar*, Pontevedra, OQO (Primeiras Lecturas).
- MOMÁN, ALBERTE (2020): *A viaxe de Ana*, Vigo, editorial Galaxia (Primeiras Lecturas).
- NEIRA CRUZ, XOSÉ A. (2009): *A avoa Encarna fai niño*, Madrid, Everest Galicia (Primeiras lecturas).
- PARMEGGIANI, ROBERTO (2015): *A avoa adormecida*, Pontevedra, Kalandraka (Primeiras Lecturas).
- PERALTA, R. J. (2021): *Bos días, avoa*, A Coruña, Hércules de Ediciones (Primeiras Lecturas).
- REIMÓNDEZ, MARÍA (2018): *O xeito das froitas*, Madrid, Oqueleo Obradoiro.
- RINGTVED, GLENN (2021): *Chora, corazón, pero endexamais raches*, Vigo, editorial Galaxia (Primeiras Lecturas).
- RODRÍGUEZ, DAVID (2020): *Superavoa*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia (Primeiras Lecturas).

Para sabermos algo máis



Imaxe das Xornadas Interxeracionais de Cabreiros

Aproveitamos as seguintes liñas para ofrecer unha sintética escolma que pode ser de utilidade á hora de traballar na aula dende un enfoque interxeracional. Unha materia que, a medida que vai despertando máis interese institucional, incrementa as súas posibilidades de atopar espazos e protagonizar proxectos. A interxeracionalidade non é nada novo, está inscrita na nosa esencia, mais ese fomento de elos e cruzamento de tempos a través de estratexias socioeducativas pode non estar recibindo a atención que merece e, dende logo, a práctica non conta coa divulgación precisa para sentar referencias que permitan avanzar nese camiño. Velaí van uns recursos de fácil acceso que poden axudar na reflexión e na formación no campo interxeracional.

GUÍAS PARA ORIENTAR A PRÁCTICA

Guía para la intergeneracionalidad: Convertir los retos de las sociedades longevas en oportunidades. Informe Investigación.

https://cenie.eu/sites/default/files/Guia_para_la_intergeneracionalidad.pdf

Recomendamos especificamente o capítulo de estándares que se pode atopar na páxina 62 en tanto que formula unha serie de preguntas que poden axudar na planificación dunha actividade interxeracional. Ademais, pódense atopar distintas experiencias inspiradoras.

Lucía Abarrategui Amado

Universidade de Santiago de Compostela

lu.aba@hotmail.com

REVISTA GALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932
Páx. 39 - 40

Hacia una sociedad intergeneracional: ¿Cómo impulsar programas para todas las edades? Centro de Conocimiento de Fundación EDE.

Nesta ligazón podes atopar a versión sintetizada desta guía na que se ofrecen ferramentas para motivar o desenvolvemento de Programas Interxeracionais a través do que, quen, para que e como.

https://www.bizkaia.eus/home2/Archivos/DPTO3/Temas/Pdf/ProgramasIntergeneracionales/Anexos_cas.pdf?hash=ca886e1a1ad-4f2c579655c8508e3f627&idioma=CA

Programas Intergeneracionales. Guía Introductoria.

Este documento abrangue en profundidade os fundamentos dos Programas Interxeracionais (PI). No Anexo 2 recolle unha guía para o deseño completo dun PI dende a planificación até a súa avaliación.

Guía de trabajo intergeneracional en primer ciclo de Educación Infantil.

Este seminario da Cátedra Macrosad de Estudios Intergeneracionales supón unha guía de traballo interxeracional no primeiro ciclo de Educación Infantil que se pode conseguir aquí:

<https://catedras.ugr.es/macrosad/informacion/documentos/guia-trabajo-intergeneracional>

e sobre o que podemos acceder a interesantes reflexións na súa presentación

https://www.youtube.com/watch?v=iTh_6BJJnlw

REDES DE INTERESE

A web de Generations Working Together, como centro que apoia o desenvolvemento da práctica interxeracional en Escocia, ten un apartado con recursos que poden ser de interese.

<https://generationsworkingtogether.org/resources>

RADIO INTERXERACIONAL

Esta web é o resultado do proxecto de investigación «A radio. Unha

ferramenta óptima para o avellentamento activo e o fomento da interxeracionalidade. Estratexias de extensión na provincia da Coruña» desenvolto ao abeiro das Bolsas de Ciencias Sociais da Deputación da Coruña 2016/2017. Aquí está toda a información relativa a catro experiencias interxeracionais que tiveron lugar en contextos diferentes.

<https://radiointerxeracional.wordpress.com/>

AUDIOVISUAIS

Cosas de la edad é unha experiencia televisiva de Movistar+ sobre a relación entre crianzas e persoas maiores. Nos seis capítulos aparecen recollidas as visitas, ao longo de seis semanas, de nenas e nenos de catro anos a unha residencia de maiores. Espazo onde comparten distintas actividades.

<https://www.movistarplus.es/cero/cosasdelaedad>

La vida en palabras é un podcast, dispoñible en Podimo, pon en relación dúas xeracións a través da conversa sobre temas moi diversos entre Antonio (8 anos), Isabel (73 anos) e Elías (80 anos). Unha conversa espontánea que xira arredor do amor, o silencio, o medo ou a vergoña.

<https://podimo.com/es/shows/la-vida-en-palabras>

Nesta charla TED a mestra mexicana, experta en tecnoloxía educativa, Ivett Celis reflexiona sobre a importancia de tender pontes entre xeracións. Un percorrido por distintas xeracións e as súas relacións coas tecnoloxías e a comunicación.

https://www.youtube.com/watch?v=NfJz5e4X_rU

ALGÚNS VÍDEOS QUE RECOLLEN EXPERIENCIAS

A Experiencia Conta é un breve documental que resume este programa interxeracional desenvolto en cinco contextos diferentes no que interveñen algunhas das persoas participantes e os

coordinadores da actividade, Laboratorio de Radio e Arelar.

<https://www.youtube.com/watch?v=cMaFPTgFkLg>

Nesta liña, tamén pode ser interesante ver o resumo da experiencia «*Ondas Inter-xeracionais. Radio para tódalas idades*» sobre un PI desenvolto no marco do programa Educa Culleredo deste municipio.

https://www.youtube.com/watch?v=WXELaJ_4huM


A Universidade de Granada, dentro do seu Proxecto de Innovación Docente impulsou un programa de relacións interxeracionais a través da mentorización do alumnado por parte de persoas maiores á hora de afrontar os seus traballos finais e a súa orientación cara ao emprendemento social. Neste documento audiovisual pode apreciarse o sentido desta iniciativa.

<https://www.youtube.com/watch?v=bfuLO7adx2k>

DeepInventhe é un proxecto europeo financiado polo EIT Health. Na USC desenvolve o Senior Innovation Lab, un encontro interxeracional (grao, máster, doutoramento e IV ciclo) destinado a fortalecer a innovación e o emprendemento arredor da lonxevidade, e o proxecto de ApS InterDixitais, no que o alumnado de distintas titulacións traballa con persoas maiores no desenvolvemento de competencias dixitais.

<https://eit-hei.eu/projects/deep-inventhe/>

A tese de María Helena Zapico sobre a `Presenza, conceptuación e tratamento da vellez no currículo escolar, quimera ou realidade?` análise da imaxe das persoas maiores nos materiais curriculares de educación primaria de Galicia (2012) supón unha achega interesante para a integración da vellez, e a perspectiva interxeracional, nos materiais curriculares. ■



Conversa con
Mariano Sánchez

Entrevista realizada por:
Lucía Abarrategui Amado

REVISTA GALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932
Páx. 42- 45

Para este número conversamos con Mariano Sánchez, Director da Cátedra Macroad de Estudios Intergeracionales da Universidade de Granada.

Que é para ti educar dende unha perspectiva interxeracional?

Educar tendo moi, moi presente, como elemento intencionalmente prioritario na práctica educativa, a conexión, a intersección entre tempos e relacións. Cando falo de *tempos* refírome, sobre todo, á secuencia de posicións que os seres humanos imos ocupando —algunhas delas, para sempre— ao longo das nosas vidas. Por exemplo, sempre somos fillos ou fillas de alguén pero, ademais, algunhas persoas pasamos a ser pais ou nais nun momento dado, e até avoas ou avós. E cando falo de relacións refírome a que a práctica educativa sexa relacional, é dicir, a que quen se implica nesa práctica a entenda dende o-que-sucede-entre esas persoas e non tanto dende o que son ou fan esas persoas. Por exemplo, a relación entre unha alumna de Primaria e a súa mestra pode facer que ambas as dúas actúen, ás veces, como inmersas nunha experiencia de ensinanza-aprendizaxe, pero outras veces nunha de coidado nai-filla, máis propia do ámbito familiar. Cando somos capaces de combinar eses tempos e esas relacións no quefacer educativo estamos implementando unha perspectiva interxeracional.

Que achegas pode incluír a nivel educativo traballar dende unha perspectiva interxeracional?

Transformar radicalmente e ampliar enormemente as formas de entender os tempos e as relacións na práctica educa-

tiva. E con máis tempos e máis relacións, combinados entre si, esa práctica abriríase a experiencias que me resultaría difícil imaxinar polas súas infinitas posibilidades. Por exemplo, sería algo totalmente natural que unha persoa xubilada acudise a unha aula de Primaria a educar e educarse.

As relacións interxeracionais son unha realidade cotiá; onde reside o interese de someter a unha planificación o fomento destas relacións?

Eu diría que o máis cotián é o contacto interxeracional, mais non tanto as relacións. Estas últimas non só exixen que as persoas se orienten mutuamente —como cando saúdas a alguén pola rúa— senón continuidade e, sobre todo, apertura á aparición de interdependencia e vínculos. Facilitar oportunidades intencionadas para que sucedan as relacións interxeracionais —por exemplo, mediante actividades ou proxectos— axuda ás persoas a aprender como practicar esta forma particular de vivir conectados no tempo con outras persoas. É unha maneira na que adoitamos iniciarnos na familia pero á que, ás veces, non damos continuidade fóra da familia.

En que punto de desenvolvemento están as prácticas interxeracionais en España hoxe en día?

Que exemplos nos darías de referencia para traballar dende unha perspectiva interxeracional na escola e nos contextos socioeducativos?

Aínda co risco de equivocarme, diría que o desenvolvemento das prácticas interxeracionais no noso país é aínda mínimo, case invisible. Falando de exemplos, sempre me interesou moito o traballo que se fai

nalgúns colexios rurais agrupados onde, por razóns distintas, se dan cita menores que están en diferentes grupos de idade, co que se rompe a segregación por idades tan xeneralizada na educación obrigatoria. Coñecín en Estados Unidos unha rede de colexios interxeracionais que soubo incluír na súa proposta educativa a idea de que o cruce de idades, saberes e experiencias de aprendizaxe ao longo da vida é fundamental para unha educación máis potente.

Precisa un programa interxeracional unha avaliación asociada?

Pois depende de como se entendan o programa e a avaliación. Se o programa se preocupa moito de lograr algo concreto, interesará saber o que se logrou. Porén, se o programa, sobre todo, perseque que pasen cousas entre as persoas de distintas idades ou xeracións, entón a avaliación —entendida como un xuízo formal do que sucedeu— non me parece prioritario: o importante das experiencias non é avalialas senón contalas.

Diversos estudos mostran os beneficios que teñen os PI a nivel individual e social. Que consellos podería dar a profesionais de distintos eidos que estean a pensar en desenvolver un proxecto neste sentido?

Pois, como teño que ser breve, direi que o meu primeiro consello sería que, antes de faceren nada, tomen un tempo para repasar a súa propia biografía e buscar nela onde e como apareceu a interxeracionalidade. Reflexionar sobre estas vivencias propias —que todo o mundo temos, dun xeito ou doutro— é imprescindible para aprender a verse como unha profesional con ex-



perencia na cuestión do cruce entre tempos e relacións. O meu segundo consello: falar con alguén que xa puxese en marcha iniciativas para favorecer a interxeracionalidade.

Apreciamos que unha boa parte dos PI que se desenvolven en España son entre maiores de 65 e nenas e nenos ou adolescentes; que suporía contar coa participación de xeracións de diferentes tramos de idade?

Pois suporía dar máis autenticidade e posibilidades a eses programas. Se temos en conta que a interxeracionalidade é, por definición, relacional, ten pouco sentido reducilas á conexión entre dous grupos xeracionais deixando de lado outros. Neste caso, unha vez máis, podería dicir que canta máis diversidade, máis autenticidade.

Detectamos que ocorre o mesmo cos vínculos familiares entre as persoas participantes. Supón isto un obstáculo na práctica interxeracional?

Pois habería que deterse a observar. O que si podo dicir é que fun testemuña de como vencellos familiares interxeracionais serviron tanto para integrar como para segregar, é dicir, que

non podemos supoñer sen máis que calquera vencello familiar vai traer consigo unha boa relación entre xeracións. Todo o que signifique obstaculizar a conexión entre idades e xeracións vai en contra dun traballo interxeracional de calidade.

Hai moito escrito sobre Programas Interxeracionais e moitos inciden no que son ou non son. Que é o que define fundamentalmente a singularidade dos programas que podemos definir como interxeracionais e até que punto deben ser flexibles eses criterios?

De maneira condensada, un bo programa interxeracional é intencionado (persegue expresamente que o encontro entre xeracións suceda), céntrase nas relacións (non nas accións) e asegura a diversidade xeracional (isto é o que denominei antes «os tempos»). A singularidade reside en combinar as relacións e tempos para que suceda algo entre as persoas e as comunidades implicadas. Estes 3 compoñentes —que non criterios— son, para min, os ingredientes básicos; se falta algún, creo que non estaríamos diante dun bo programa interxeracional.

Cal debe ser o papel da comunidade no desenvolvemento dos PI?

Sabemos que o bo traballo interxeracional crea comunidade porque cose relacións e empata o fragmentado. Por tanto, digamos que os programas interxeracionais son, en si, espazos comunitarios. Se, ademais, pensamos noutras formas comunitarias constituídas —por exemplo, a comunidade escolar ou unha comunidade de veciños no barrio—, estas poden ser tamén espazos de acollida das prácticas interxeracionais das que falamos. Pode haber comunidade sen programas interxeracionais? Si. Pode haber (bos) programas interxeracionais sen comunidade? Non. Agora ben, o papel da comunidade non debe estar prefixado de antemán.

Unha das principais dificultades á hora de levar adiante un PI podería estar na fase de lograr que participen persoas maiores e se comprometan coa actividade. Que aspectos se deben traballar para asegurar esta peza imprescindible no PI?

Pois non tratar esas persoas unicamente como persoas maiores, a menos que elas queiran que sexa así. O que quero dicir é que en cada persoa de idade avanzada pode haber, á vez, a persoa menor, adolescente, nova, adulta que segue a ser. Non creo que as persoas teñamos unha soa posición xeracional nin pertencemos a un só grupo de idade; por tanto, ten pouco sentido restrinxir esta identidade múltiple. O que suxeriría é achegar ao máximo as prácticas interxeracionais aos lugares onde estean as persoas maiores.

No decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na nosa comunidade, a palabra interxeracional aparece mencionada unha vez do seguinte xeito: «Debemos destacar os xogos tradicionais galegos que xunto coas danzas e bailes propios de Galicia, supoñen un elemento importante de transmisión do noso patrimonio artístico e cultural ademais de fomentar as relacións interxeracionais» (2014, p.37785). En canto á Lomloe, dado polo decreto 155/2022 recolle como contido «o ciclo vital e as relacións interxeracionais». Estásenos a escapar algo?

Abofé, o Real Decreto 157/2022, que establece a ordenación e as ensinanzas mínimas de Educación Primaria, entre os saberes básicos de primeiro ciclo, refírese expresamente ao ciclo vital e ás relacións interxeracionais. Porén, tamén hai xeitos nos que a interxeracionalidade está presente sen nomeala explicitamente: por exemplo, cando a competencia específica 8 deste mesmo Decreto fala da diversidade asociada á idade existente no seo das nosas sociedades. Dito isto, paréceme que está na ESO onde, sobre todo na área de Xeografía e Historia, se alude máis directamente á toma de conciencia do ciclo vital e ás relacións interxeracionais e á valoración da riqueza destas. Máis cedo que tarde tiña que producirse algo así. E estou seguro que haberá máis exemplos noutros textos normativos. ■



PUBLICIDADE

Para que serve o que aprendo?

Operación Mundo, o novo proxecto de Anaya para Educación Primaria, propón unhas claves pedagóxicas que sitúan o alumnado no centro da aprendizaxe.

Unha aprendizaxe para a vida.




Comprende,
respecta
e transforma
o teu contorno.



Operación
mundo

ANAYA

Aquí tamén se fala: unha experiencia de dinamización lingüística en contexto urbano



Alberto Pombo

Profesor de literatura galega
IES Rafael Dieste (A Coruña)
pombodeloureda@gmail.com

REVISTA GALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932
Páx. 46 - 49

O IES *Rafael Dieste* está situado no que a administración coruñesa coñece como Cidade Escolar e que entra na categoría denominada *barrio mixto*. O material humano que o nutre procede maioritariamente de enclaves limítrofes como A Agra do Orzán, Os Mariñeiros, Peruleiro, Labañou, Fontán ou Riazor –entre outros–, así como do núcleo do Portiño, que se achega vía transporte escolar.

Designado pola Delegación Provincial como centro «de escolarización preferente de alumnado con trastornos motóricos», completa a carta de presentación do instituto que parte do alumnado que o integra procede de até 25 estados soberanos diferentes.

600 ALUMNOS E ALUMNAS. 25 NACIONALIDADES

Guaraní, wolof, francés, ruso ou árabe son algunhas das linguas que poden ser ouvidas nos corredores do centro. Esta riqueza obriga o profesorado a unha serie de estratexias pedagóxicas para fomentar a integración das diversas culturas que conformamos o equipo humano desta casa.

Un reto mais, ao tempo, unha outra oportunidade para a docencia de lingua galega pois, nunha nación como a nosa, cimentada sobre a experiencia da emigración, non debese resultar especialmente complicado establecer lazos con outras comunidades que replican o periplo de se integrar noutras realidades, e a nosa lingua garda a chave de entrada nun universo rico e fascinante para quen se quixer achegar, descubrir e até alimentar del.

Do outro lado, o centro recolle alumnado urbano que ten –moi maioritariamente– como primeira lingua o castelán e cuxos principais espazos de prestixio ou modelos de ocio son construídos tamén –e de novo moi maioritariamente– en español.

Os preconceptos arredor da lingua entre o alumnado existen porque existen tamén na propia sociedade e son espello desta; porén, moitas das familias proceden de entidades poboacionais galego-falantes.

Cada ano é preciso un traballo de descontaminación dos imaxotipos xerados a respecto do código lingüístico, sen ser especialmente significativo –nin moito

menos– no noso caso, e como probabelmente deberá ser feito tendo en conta as condicións de minoración que padece o galego hoxe.

DESEÑANDO O PLANO DE ACCIÓN

Nun marco como o que vimos de retratar, revelou-se preciso deseñar unha experiencia de dinamización total. Non apenas entre o alumnado, mais entre as familias e a propia contorna.

A responsabilidade de levar adiante esta empresa recaeu sobre un alumnado de 4º da ESO (case cen mozos e mozas de entre 15 e 18 anos) estimulado polo temario da materia de literatura galega e, debido a dela, o descubrimento dunha Coruña galeguista de comezos do século XX. Fascinio e tamén consternación debido ao freo abrupto que provocou a ditadura fascista sobre aqueles principios ideolóxicos emancipadores e democráticos fundamentados na necesaria reivindicación dunha naturalidade lingüística plena para o conxunto do pobo galego.

Unha análise rápida dos datos que ofrece o mapa sociolingüístico evidenciou que o galego segue sendo a primeira lingua para unha enorme cantidade de galegos e galegas que, no entanto, se desenvolve nun escenario de minoración e, por esta razón, o primeiro foi determinar os espazos sobre os que poder actuarmos. A selección do alumnado foi clara: os negocios da contorna debido a que, neles, se establece comunicación diaria cos veciños e veciñas que poboa os diferentes barrios da cidade.



Alumnado de 4º da ESO do IES Rafael Dieste, curso do 22/23

METODOLOXÍA: A LINGUA PARA QUEN A FALA

A ilusión non coñece utopías, senón estratexias. E o obxectivo era rotundo: rachar cos estereotipos que din que na cidade non se fala galego e, aínda, animar a manter a lingua a quen a usa, e a empregala a quen non o fai.

Para a consecución desta meta –sen dúbida ambiciosa– comezamos coa planificación dunha campaña de dinamización porta por porta na que cada alumno tivese que realizar este labor e demostrar o seu compromiso nun mínimo de tres espazos. Non era suficiente con tentalo, había que conseguilo atinxindo ese chanzo establecido de xeito individual.

Elaboramos unha nota informativa para deixar nos comercios e escollemos un slogan que servía como distintivo indicador dun espazo amábel para o uso da lingua: «Aquí tamén se fala».

A acción tomaba corpo, mais antes de saírmos á rúa, sumamos tamén a forza do Equi-

po de Dinamización da Lingua Galega no centro, dirixido polo profesor de filosofía Arcadio González Novoa, que se encargou da creación dunha plataforma dixital para subir as imaxes así como dos orzamentos para imprimir o primeiro lote de trescentas brochuras.

Cuns ensaios previos en cada aula, a tarefa delimitouse cun prazo determinado: chegar aos 300 espazos nun tempo máximo dun mes.

Canto ao desenvolvemento da propia angueira de dinamización, podería ser realizada de xeito individual ou en pequenos grupos, mais cada alumna ou alumno asumindo o seu compromiso de garantir os mínimos establecidos para coa campaña. A recompensa oficial: 1 punto na materia de lingua galega correspondente ao apartado que a programación recolleu como «participación do alumnado». A recompensa real: unha escusa da mocidade para se xuntar nas tardes e poder mostrar autonomía e capacidade de integración e traballo no mundo adulto.



Exemplo dos negocios participantes do proxecto #Aquítaménsefalagalego

Queda aínda por referir a alta porcentaxe de alumnado exento que se sumou á campaña. Para eles non había estímulo ningún en forma de punto. Que aconteceu entón para poder contarnos na experiencia con até un 30% de alumnado non galego e non avaliable na nosa materia?

Como referimos no inicio, o alumnado chegado doutros países ou realidades supón unha oportunidade. Chegan coa vontade de se integrar e sen os preconceitos sociais aos que o alumnado galego xa foi sometido. A lingua galega aparece como oportunidade, tamén laboral –mesmo como requisito para a administración–, e como porta non só ao universo cultural galego, mais lusófono.

Aprender un idioma é sempre un estímulo e unha camiñada venturosa. Por iso, este alumnado foi un dos piares máis destacados sobre os que cimentamos a construción da campaña, por-

que eles e elas son tamén –e dicímolo convencidos– o futuro da lingua galega.

UNHA CAMPAÑA FELIZ

O obxectivo marcado superouse en dúas semanas. E en apenas catro ultrapásáronse as expectativas iniciais ao atinxirse os 500 locais adheridos. O éxito da acción fundamentouse en varios polos: o traballo dun alumnado que exerceu a militancia en prol da defensa da lingua e en horas extraescolares visitando loxa por loxa, dunha banda, e a positiva recepción dos responsábeis dos negocios e da veciñanza, pola outra.

Aínda, e antes de enviar calquera nota aos medios, a campaña espertou o interese da prensa que vía como os cartaces azuis co cancelo #aquítaménsefala ían enchendo como un berro estampado os escaparates das rúas da cidade da Coruña.

A primeira chamada chegou da man da xornalista Laura Mateo, do xornal dixital *Quincemil (El español)*, mais a esta seguirían entrevistas ou reportaxes da *Radio Galega*, *Xornal da Coruña*, *La Voz de Galicia*, *Portal Galego da Língua*, *La Opinión A Coruña*, *Consello da Cultura Galega*, plataformas de difusión das áreas de dinamización do concello da Coruña, *Proxecto Neo*, *Radio Burela*, *Radio Picariña*, *Cuac Fm* etc. Xa que logo, o alumnado participou deste xeito da experiencia da conversa cos medios de comunicación escritos, da radio e mesmo perante as cámaras da canle cultural *La Voz de la Escuela*.

O centro –quer o equipo directivo, quer o PAS, quer o profesorado que o conformamos– mostrou todas as facilidades e recoñecemento para o labor do estudiantado divulgándoo nas súas canles oficiais, parabenizando o alumnado e exhibindo nos distintos espazos da

administración cartaces e notas de prensa sobre a campaña.

A máis desexábel das envexas quixo aínda que, entre iguais, outros alumnos e alumnas do *Rafael Dieste* quixesen contribuír para a dinamización da lingua creando unha campaña nova: «A banda sonora do curso 22/23», que pode rastrexarse facilmente na Rede e que se construíu con base na difusión da música galega. Mais ese é, certamente, outro cantar para outra hora.

E AGORA? PERSPECTIVAS ABERTAS A PARTIR DA EXPERIENCIA REALIZADA

A acción dinamizadora que referimos contou co saúdo de diferentes personalidades da cultura galega e dunha comunidade educativa que se ofreceu a colaborar. Todo isto abre un abano novo con posibilidades para o proxecto no que estamos actualmente a traballar, tanto desde o Departamento de Lingua Galega como desde o Equipo de Dinamización, sob o intuïto de estendelo a outros centros e co desexo de que poida ser imitado ou adaptado alá onde puidese ser considerado útil para a dinamización do idioma.

Na nosa pesa final resta unha experiencia que non mostrou grandes arestas. Poderíamos falar dunha negativa por parte dos comercios, mais non aconteceu, pois non rexistramos impedimentos para exhibir os cartaces en ningún dos locais, excepto cando as razóns foron que non estaba a persoa encargada. E poderíamos tamén referir baixa participación por parte do alumnado, mais tampouco aconteceu.

Precisamente por iso, bares, restaurantes, librarías, gabinetes de psicoloxía, froitarías,

talleres mecánicos, salóns de peiteado, tendas de alimentación, bazares, modas, lavandarias, pasantías, farmacias, casas de aluguer de vehículos, asesorías legais e un enorme etcétera até completar os cincocentos espazos da cidade da Coruña, locen hoxe un cartaz que manifesta e determina que alí tamén se fala galego.

MÁIS GALEGO, MÁIS GALEGOS

A motivación que nos leva a todos e todas os que militamos na defensa da lingua é garantir a felicidade das persoas que reivindicamos poder desenvolver o noso día a día coa forza rotunda da normalidade.

Virados para o que preocupa —o futuro— semella que o curso 22/23 puido ser neste sentido determinante para algúns rapaces e rapazas pois, no ano en que o centro participou da experiencia «21 días co galego» que deseñou a profesora Pilar Ponte e que trouxo ao *Rafael Dieste* o profesor Arcadio González Novoa, esta acción extramuros terminou de arredondar a determinación dalgúns alumnos e alumnas que cambiaron a percepción a respecto da lingua ou sumaron espazos de uso para ela, tal e como así o contaron nalgunhas das manifestacións á prensa cando tiveron oportunidade.

Queda moito por facer. Moita campaña por idear. Moita política lingüística por mudar. Se a nosa experiencia pode resultar útil a alguén, fíque aquí —nesta exposición escrita— aberta a nosa porta a toda colaboración. ■

FONTES ELECTRÓNICAS

Algunhas referencias nos medios:

- CERQUEIRO, UBALDO (2023): «#Aquítaménsefala: A BSO do IES Rafael Dieste faise en galego». Xornal da Coruña (2/VI/2023). Recuperado de: https://xn--xomaldacorua-tkb.gal/2023/06/02/aquitamensefala-a-bso-de-musica-galega-contemporanea-do-ies-rafael-dieste/?utm_source=divr.it&utm_medium=twitter
- LOPES, CHARO (2023): «Aquí tamén se fala, estudantes da Corunha lánzan campaña pola lingua». Portal Galego da Lingua, 20/VII/2023. Recuperado de: <https://pgl.gal/aqui-tamen-se-fala-estudantes-da-corunha-lan-cam-campanha-pola-lingua/>
- MALVIDO, GEMMA (2023): «O galego, dos libros e da tele, ás rúas e ás tendas da Coruña». La Opinión A Coruña (6/VI/2023). Recuperado de: <https://www.laopinioncoruna.es/coruna/2023/06/06/o-galego-libros-da-tele-88343031.html>
- MATEO, LAURA (2023): «Aquí tamén se fala galego: La campaña de un instituto que llega a 200 comercios coruñeses». Quincemil (15/V/2023). Recuperado de: <https://www.elespanol.com/quincemil/articulos/cultura/aqui-tamen-se-fala-galego-la-campana-de-un-instituto-que-llega-a-200-comercios-coruñeses>
- MOSQUEIRA, ADRIÁN «Senlheiro» (2023): «Estudantes da Corunha lánzan campaña galeguizadora com a legenda #aquítamensefala». Galiza livre (1/VII/2023). Recuperado de: <https://www.galizalivre.com/2023/06/16/estudantes-da-corunha-lan-cam-campanha-galeguizadora-com-a-legend-a-aquitamensefala/>
- NOVA, JORGE (2023): «Rachando este-reotipos co galego». La Voz de Galicia (20/VI/2023). Recuperado de: <https://www.facebook.com/wat-ch/?v=1273629846693157>
- PENABADE, BERNARDO (2023): «Andrés Calderón (Aquí tamén se fala galego); Fran R. Torrón; Carla Paz». Proxecto Neo, número 389 (8/VI/2023). Recuperado de: https://ivoox.com/proxecto-neo-389-andres-calderon-aqui-tamen-se-audios-mp3_rf_109975835_1.html



20 anos de xogos interxeracionais en Ourense

Millán Brea Castro
Universidade de Vigo
millanbc@gmail.com

REVISTA GALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932
Páx. 50 - 51

No curso 2003-04, a educación social e o seu alumnado de Ourense loitaban por dar a coñecer a súa profesión a toda a sociedade. Esta «loita» pacífica, culminouse nunha proposta nacida nas oficinas de Aixiña, tras o encontro informal entre a coordinadora de Aulas e un estudante de 1º, que daquela exercía como traballador social.

Unha actividade que dende o comezo pretendía atoparnos e coñecernos, pero de xeito divertido, non caendo nas clásicas charlas ou conferencias que si, teñen a persoas de diferentes idades escoitando, mais non de xeito activo. E como podemos facer atractiva esta proposta? Pois non hai que pensar moito, xa que dá igual a idade, todas queremos e agradecemos XOGAR.

Xorden, deste xeito, as «Xornada Interxeracionais» con varios obxectivos consensuados entre ambas partes:

Facilitar a interacción entre diversas xeracións.

Promover a aprendizaxe cooperativa.

Incluír a Universidade na vida social da cidade de Ourense.

Foron varios meses de traballo -en horas fóra da aula- para realizar unha actividade da que carecíamos de información previa. Incluso existiron momentos de certa incerteza sobre o posible éxito ou non desta actividade que estaba emerxendo.

Debido ao compromiso das educadoras e educadores sociais e a boa acollida de ATEGAL, o día 29 de abril mediante unha primeira reunión na Praza Maior fixemos dúas importantes tarefas: coñecernos e xogar. A proposta concreta, que repite fórmula (con variantes e actualizacións) ano tras ano, é a seguinte.

O punto de encontro é na Praza Maior, para a lectura do Manifesto Interxeracional e para facer grupos de participantes. Unha vez feito, vaise ao Xardín do Posío, onde as estudantes ensinarán xogos actuais ás persoas maiores. Este é un punto clave: buscamos o intercambio de experiencias vitais.

Pola tarde, realizamos un xantar no Campus, e as persoas maiores son as que mostran os seus xogos ás máis novas.

Durante todos estes anos, tivemos actuacións, charlas e multitude de propostas paralelas, para acompañar este día e facelo moito máis lúdico:



Xogo con grupos / Programa de Radio Fedello

Lamatumbá, o Celso, os regueifeiros, Xerock, Cándido Pazó, El Patio... Ninguén pensaba que, despois de varios cursos, podíamos estar falando de 20 anos de xogos e tantas e tantas xeracións de estudantes.

É imprescindible destacar que esta actividade se fai de xeito gratuito (sen ningunha subvención), en horas fóra de clase do alumnado, e que cada dous anos os cursos rematan, polo que se ten que reciclar e nacer de novo para que se manteña.

Tamén, salvo algún curso no que aparece por fin nun programa dunha materia como aprendizaxe-servizo (algo que tería que ser obvio en Educación Social), implícanse persoas vencelladas á educación social e alumnas que están en cursos superiores, tratando de compaxinar horarios de aula que non permiten ausencias para traballaren na organización. É espectacular o compromiso de tantas e tantas persoas. Fai querer a profesión moito máis cando hai implicación e bo quefacer. ■

Primeiras Xornadas Interxeracionais



EXPERIENCIAS

Tempo de nada ou como caen as follas e non caen os froitos. Pensares dende a experiencia...

Celso Fernández Sanmartín

Contador e colleitador de historias de vida e literatura oral

celsofsanmartin@yahoo.es

REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932
Páx. 52 - 53

Esta experiencia de traballo neste eido (Campamento Interxeracional de Convivencia e Actividades) levámola a cabo na residencia de persoas maiores Nosa Señora das Dores de Lalín no ano 2003 e continuamos, mantendo o mesmo grupo de nenas e nenos, durante os seguintes dous anos, coa idea de que saísen convertidos en embaixadores dunha maneira de viviren as persoas maiores en sociedade aberta o feito residencial. Vexamos algunhas das cuestións que inspiraron o desenvolvemento desta experiencia.

Unha delas ten que ver cunha noticia que lera hai tempo nunha revista de arquitectura que presentaba e explicaba a filosofía dun proxecto construtivo que deseñaba un edificio en dous corpos anexos, un deles sería residencia para persoas maiores e o outro, gardaría de infancia, e explicábanse os beneficios de contar con espazos comúns nos que se poidan dar actividades conxuntas e renovar a convivencia entre xeracións que se atopan no máximo de distancia temporal, poñéndoas no mínimo de separación espacial nun máximo de presente.

Quixen refrescar o recordo desta noticia e busquei en internet polo epígrafe «Residencias de persoas maiores con xardín de infancia no mesmo edificio» e abrí o primeiro resultado que me saíu: un artigo de Olga Pereda publicado no diario *El Periódico*, o 6 de outubro de 2018, cunha actualización dous días despois, e alegreime porque nel recolle palabras de Mariano Sánchez, profesor de Socioloxía da Universidade de Granada, que tan ben explica esta necesidade de implementar convivencia interxeracional nas sociedades actuais, cando di que a filosofía interxeracional «es mucho más que una simple idea simpática. Es un valor social» e despois fala, entre outras cousas, de que é necesario formarse para poder levar a cabo experiencias deste tipo; e que «No se pueden hacer experimentos» (e isto destácase na revista en letra negriña).

Ata aquí todo ben, ilusionantes as experiencias que conta a xornalista e emocionantes polos bos resultados acadados e o sinxelo e saudable que parece dar chegado a eles, e tristes por escasas e porque aínda son a excepción e non o integrado labor.

Por outra parte, unha preocupación que teño en relación á interxeracionalidade, sería a infanti-

▲ Campamento Interxeracional de Convivencia e Actividades

lización no trato ás persoas maiores abocadas a vivir e convivir en residencias, e que se resumiría na máxima popular que di que «unha vez vello, dúas veces neno», que tanto convida ao uso de fórmulas comunicativas puerís por parte dalgún persoal encargado dos cuidados, como tamén a obviar a gran fonte de memoria oral e de experiencia que son as persoas máis lonxevias, e buscarlles canles de presenza, ou sexa, voz e palabra, na sociedade de agora

Entre os exemplos desta esencial confusión que leva a anenar a vellez das persoas dentro do ámbito residencial, tantas veces pechado e non aberto á sociedade da que forma parte, tan ausente esta apertura no propio organigrama de funcionamento, atopo un que, por singular e de amargo humorismo, non me esquecerá. Antes de comezar estes campamentos interxeracionais dos que falaba, chamémoslos de *inmersión*, coma se fóssemos aprender *un novo idioma* da mellor maneira, facían, en datas puntuais do ano, encontros de grupos de nenas e nenos coas persoas maiores, e era sabido que moitas veces o resultado era exactamente o contrario do pretendido, porque moitas nenas e nenos non querían volver... Visto isto e querendo seguir encontrándonos, había que organizar doutra maneira, con outros parámetros. Un era o do tempo, había que esquecer os encontros puntuais e promover a convivencia a longo prazo. Outro era a ausencia dunha didáctica da comunicación interxeracional e o respecto aos ritmos que poden levar á confianza... nada de apuros, temos tempo... Así foi que nunca máis se repetiu o caso que se dera había unha tempada, e soubemos despois, e este é o exemplo que nunca esqueceréi, unha muller viñera preguntar a onde levaran o seu fillo aquela tarde de verán os monitores, porque chegara dicindo á casa que o levaran a ver os *marcianos*.

Outro exemplo, quizais o máis visible para calquera que entre nunha residencia de persoas maiores, é o da decoración con flores (preferentemente margaridas) recortadas en cartolina e pegadas nas paredes, tamén outras figuras do devocionario infantil que adornan as entradas, os recibidores, os salóns, e ditan un abuso cultural e un afastamento das persoas que verdadeiramente teñen diante todos os días.

Hai outro caso significativo que me acorda moitas veces, que me contaron, dunha muller maior que participaba no taller de animación e memoria dunha residencia, á que lle pediron que colorease o interior dun debuxo insinuado en liñas

e que representaba unhas follas de acibo cos seus froitos. Era polo Nadal; e o motivo parecía dado pola data, mais procedía de fóra do ámbito cultural da señora, pois a cultura do adorno con acibo natural, que era unha das escusas do taller, chegou a nós desde outras latitudes a través de estampas e películas, mais nas aldeas non se usaba o acibo de adorno; e esta residente era dunha aldea. Cabería, en todo caso, terlle feito unha enquisa en conversa sobre como vivira ela o Nadal, e que importancia e parecer lle tiña, ou sexa, non presupoñer. A muller pintaba os bagos do acibo de cor verde, e a animadora quería que llos pintase de cor vermella, como son nese momento do ano, e díxolle que así como ela facía non estaba ben feito, que as boliñas eran vermellas e non verdes, e a muller retrucoulle que, na súa terra, os bagos dos acios eran desa cor, verdes, e non encarnados... Evidentemente a señora non recoñecera o acibo senón, pola semellanza na silueta da lámina, un acio de uvas que ela coñecía ou gustaba verdes.

O labor de animación trata esencialmente de escoitar, preguntar, conversar, entender, proxectar, propoñer, facilitar, incluír, participar, avaliar e convivir.

Pero hai aínda outro motivo a maiores para non deixar de pensar no necesario que é e vai ser o traballo interxeracional. Unha profesora contoume, en maio de hai dous anos, que cando vai á casa dos avós coa filla e mais os sobriños, pídenlle a seu pai, que foi mariñeiro e coñece o monte, que leve os netos con el, que lles ensine o que el sabe, e el contesta desesperanzado: *Si... pero quen os arranca desas cousas...* («esas cousas» son os teléfonos móbiles onde se mergullan os netos), e conclúe amargamente: *Parece que non estamos aquí para nada.*

A XEITO DE CONCLUSIÓN

Queda moito por facer desde todos os ámbitos da sociedade consciente (polo tanto máis alá da pasiva e hipertrofiada sociedade de consumo e as redes sociais) para estañar a ferida interxeracional pola que corre o tempo sen xuntar a carne, que é carne do mesmo corpo social. Ao campo da educación e das políticas sociais corresponde en primeiro termo pensar e facer para que unha parte da poboación (a das persoas maiores cuidadas en ámbitos residenciais) non sinta que vive de prestado. ■



EXPERIENCIAS

QUEN SON? Experiencia interxeracional para achegar o alzhéimer aos nenos/as

Maria Esther Trashorras de la Fuente
AFALU
strtrashorras@hotmail.com

REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932
Páx. 54 - 55

A experiencia que se relata a continuación desenvólvese en Friol (Lugo), unha localidade rural, que dista preto de 20 km da cidade de Lugo e que conta cun número aproximado de 3700 habitantes. O principal motivo de poñer esta localidade para realizar a actividade é polo forte arraigo cultural que existe cara ás persoas maiores, xa que hai un elevado número de nenos/as que conviven diariamente cos seus avós/as ou con persoas maiores, interacción que está máis ausente nas cidades.

Baixo o título «Quen son?» levouse a cabo unha actividade interxeracional no centro CPI Dr. López Suárez de Friol, cun grupo de aproximadamente 40 rapaces e rapazas que estudan 3º e 4º de primaria no devandito colexio, e que foi organizada de xeito conxunto por AFALU (Asociación de familiares de enfermos de alzhéimer e outras demencias de Lugo) e o equipo directivo do colexio.

O obxectivo desta actividade é achegar a realidade do alzhéimer aos nenos e nenas para que comprendan o que ocorre ás persoas que o padecen e, deste xeito, que lles perdan o medo, saiban como coidalas e atendelas e involúcrense no coidado dando resposta ás necesidades que poidan presentar, de xeito adecuado.

No desenvolvemento da actividade, diferéncianse tres partes, unha primeira parte, a modo de introdución, toma de contacto e para «romper o xeo» na que se realizou unha sesión de contacontos, cunha duración aproximada de 20 minutos, co recurso didáctico «A miña avoa non se lembra do meu nome», un conto que explica a doenza de alzhéimer, cunha linguaxe adaptada a nenos e nenas. Logo da lectura iniciouse un coloquio no que o alumnado tivo ocasión de dar a súa visión sobre o conto, os sentimentos que lles espertou, as dúbidas que lles apareceron (tanto da lectura como de experiencias propias), etc.

No desenvolvemento do coloquio incidíuse na importancia do apoio e atención ás persoas maiores que o precisan, nas dificultades ou problemas que poidan ter, igual que eles nos coidaron e atenderon cando eramos nenos e precisabamos do seu coidado e axuda.

A segunda parte, cunha duración aproximada de 30 minutos, estaba integrada por unha actividade enfocada a que os nenos e nenas experimentasen o que sente un enfermo de alzhéimer no seu día a día: na caixa sensorial (os nenos/as debían identificar un obxecto, sen velo, só polo tacto e as sensacións percibidas), experimentando así a nivel sensorial, motriz e cognoscitivo, as afectacións das persoas que sofren alzhéimer.



Para finalizar a experiencia, os nenos e nenas tiveron ocasión de interactuar cunha usuaria do obradoiro «ActivaMente» impartido por AFALU no Concello de Friol. Dita usuaria estaba familiarizada coa escola, xa que fora docente e directora da mesma, e tivo a ocasión de contarlles como era a súa vida cando ela era nena, como era a escola, o que estudaban, con que materiais, pero tamén como evolucionou e como era o ámbito escolar cando ela traballaba de mestra. Tamén lles falou da importancia de continuar facendo exercicios e de traballar coa memoria cando te vas facendo maior.

Esta experiencia foi valorada moi positivamente, tanto polos responsables da súa realización, como pola usuaria que participou interactuando en todo momento cos nenos e nenas e os propios cativos, creándose un ambiente excepcional e propicio para o desenvolvemento da actividade. A experiencia supuxo unha oportunidade de crecemento e intercambio de coñecementos, vivencias e emocións para os diferentes participantes na mesma, podendo constituírse nun bo exemplo para que outros colectivos que traballan sobre a temática do alzhéimer poidan encontrar neste tipo de iniciativas interxeracionais unha oportunidade xa non só para a estimulación cognitiva das persoas con alzhéimer, senón para a mellora da comprensión do problema por parte das persoas e familiares que teñen que convivir e axudar nos coidados das persoas que o padecen. Ao mesmo tempo, a perspectiva interxeracional, focalizada no diálogo entre a usuaria do obradoiro «ActivaMente» e o alumnado, supuxo unha forma de subliñar a importancia do avellentamento activo e sinalar a heteroxeneidade que define ao colectivo das persoas maiores. ■




Imaxes do desenvolvemento da experiencia

REFERENCIAS

- Concello de Friol (xaneiro, 2023). <https://www.concellodefriol.es>
- CPI DR. LÓPEZ SUÁREZ de Friol (xaneiro, 2023). <https://www.edu.xunta.gal/centros/cpidrlopezfriol>
- ESTEBAN, R. (2012). *Mi abuela no se acuerda de mi nombre*. Dib-buks.

Aula Promociona. Polo éxito educativo do alumnado xitano



Noelia Da Rocha Calvo

Educadora social. Doutoranda na
Universidade de Santiago de Compostela.
noelia.darocha@rai.usc.es

REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932
Páx. 56 - 58

A Fundación Secretariado Gitano (FSG) confía no poder transformador da educación para mellorar a realidade das persoas. Nesta liña, no ano 2009 iniciou o denominado Programa Promociona, no marco do Programa Operativo Plurirrexional de Loita contra a Discriminación, do Fondo Social Europeo, co obxectivo último de contribuír ao logro do éxito escolar da mocidade xitana. Para a consecución deste cometido, desenvolve diferentes accións —a nivel individual, grupal e sociocomunitario— co alumnado xitano e as súas familias, en estreita relación cos centros escolares e outros axentes educativos da contorna. As Aulas Promociona son accións grupais destinadas ao alumnado xitano. Trátase de espazos seguros e dotados dos recursos necesarios para desenvolver sesións de apoio, reforzo escolar e/ou orientación en horario extraescolar. É neste espazo, na Aula Promociona, no que se centra a experiencia de traballo, como educadora social^[1], que me dispoño a describir.

En xaneiro de 2022, na cidade de Lugo, inicio os primeiros contactos coa FSG. Tras realizar as reunións e formacións de acollida pertinentes, tanto en materia de prevención de riscos laborais e en cuestións específicas da Fundación, como na súa organización ou na historia e cultura do pobo xitano, comezo a desenvolver a miña acción profesional. Unha experiencia de traballo que se estende ata xuño dese mesmo ano, correspondendo co final do curso académico 2021/2022.

A semana laboral daba comezo o martes pola mañá e terminaba o xoves pola tarde. Neste horario desempeñaba diferentes funcións relacionadas co bo desenvolvemento da Aula Promociona, que ían dende a intervención directa co alumnado ata o deseño de itinerarios e a programación das actividades, a elaboración de material individualizado ou de informes, o rexistro das accións, as reunións de coordinación e seguimento do alumnado, entre outras.

[1] Segundo o Convenio Colectivo (2016) da FSG, a persoa que desenvolve o seu labor profesional na Aula Promociona recibe o nome de Técnico/a de intervención.

Comezando polo alumnado destinatario da intervención, tratábase dun grupo reducido de adolescentes, de entre 5º de Educación Primaria e 4º de Educación Secundaria Obligatoria (ESO) de diferentes centros escolares da localidade. Cabe dicir que non era a única Aula Promociona desta sede, pois a FSG en Lugo tamén atendía a alumnado de 1º a 4º de Educación Primaria e de Bacharelato, a través da Aula Promociona-T e Promociona+, respectivamente. Porén, estas dúas Aulas eran atendidas por outra profesional.

A Aula Promociona respondía ao obxectivo principal do Programa, polo que se centraba en lograr a promoción do alumnado en ESO e en garantir o paso de Educación Primaria a ESO, previndo, así, o abandono prematuro dos estudos. Neste senso, as actividades programadas encamiñábanse, principalmente, a acompañar e apoiar o alumnado na realización de tarefas pendentes da escola e na preparación de exames. Aínda que non eran as únicas actuacións a desenvolver, tal e como describimos a continuación.

O horario de Aula Promociona tiña lugar tres tardes á semana —martes, mércores e xoves— de catro a seis da tarde. Media hora antes das sesións organizábase a aula: asegurábase a luz natural e a ventilación, xuntábanse as mesas e as cadeiras para favorecer dinámicas grupais e dispoñíanse as mesas co material necesario (folios, ordenadores, rotuladores de cores...). Unha vez chegaba o alumnado á aula, e despois de asinar a súa asistencia, dábase paso á revisión de axendas. Así, acompañábanse os menores no proceso de priorizar as tarefas a desenvolver na



sesión de apoio escolar. Ademais, aproveitábanse estes primeiros minutos de distensión para dialogar, intercambiar información sobre cualificacións dos exames, presentar dúbidas concretas ou demandar unha sesión de orientación sobre un tema de preocupación. Cada alumno/a empregaba esta hora do recurso para preparar exames e para facer deberes pendentes do colexio ou do instituto. No caso de non ter tarefas escolares, proporcionábaselle material individualizado, relacionado coas materias académicas nas que se presentaba maior dificultade ou nas que se esperaba un exame próximo. En sesións de apoio escolar máis complexas, como en días de exames finais de avaliación, contábase coa axuda dunha persoa voluntaria e da orientadora do Programa, co fin de garantir a calidade da intervención.

Unha vez terminada a sesión de apoio escolar, agás nos casos nos que o alumnado demandaba continuar coas tarefas escolares, levábanse a cabo actividades de reforzo escolar. Estas actividades, na maioría dos casos, favorecían a aprendizaxe e o desenvol-

vemento persoal do alumnado a través do xogo. Por exemplo, o clásico xogo de pintar e adiviñar, ou de adiviñar persoaxes a través da mímica, pero coa dificultade engadida de falar en inglés. Xogos, entre outros moitos, que axudaron a incrementar a curiosidade e a motivación pola aprendizaxe da lingua inglesa, materia escolar na que se amosaba, en xeral, un desfase curricular importante, á vez que se lograba o desenvolvemento de competencias transversais como a cooperación, a autoestima, a participación, a creatividade etc. As habilidades de estudo, o recuncho da lectura, a investigación dun tema en grupo, os concursos de preguntas sobre contidos das diferentes materias académicas, foron outras actividades levadas a cabo nestas sesións.

En ocasións, as sesións de apoio escolar alternábanse con outro tipo de actividades, en colaboración con outras profesionais da FSG e co alumnado das demais Aulas Promociona. Por exemplo, o desenvolvemento de obradoiros socioeducativos en relación ás diferentes efemérides, como o Día Internacional



do Pobo Xitano, o Día Internacional da Muller ou o Día Internacional do Voluntariado. As sesións de orientación, en coordinación coa orientadora do Programa, tamén ocupaban tempo na Aula Promociona. Así, cando se detectaba unha necesidade e/ou se demandaba no grupo, favorecíase un espazo de reflexión conxunta sobre variedade de cuestións de interese para o alumnado.

Ademais das anteriores funcións, dentro da Aula Promociona e en intervención directa co alumnado, realizábanse as seguintes, fundamentalmente, dende a oficina da FSG, onde se contaba cos recursos necesarios. Por unha banda, os martes pola mañá, tiñan lugar as reunións de coordinación coa orientadora do Programa e coa técnica das Aulas Promociona-T e Promociona+, para realizar un seguimento do alumnado. Nalgúns casos, tamén se levaban a cabo reunións con outras profesionais da FSG para programar actividades en conxunto. Asemade, desenvolvíase a progra-

mación semanal para a Aula Promociona e elaborábase a ficha de asistencia ao recurso. Para o deseño das actividades partíase das particularidades e/ou necesidades de cada alumno/a, polo que os materiais elaborados eran individualizados. Por outra banda, ao remate das sesións da Aula Promociona, mantíñanse reunións informais coas familias e coa orientadora do Programa, para intercambiar información de interese sobre o alumnado ou para solicitar o servizo de orientación grupal, e rexistrábanse as accións realizadas. Así, completábase o diario de campo coas actividades desenvolvidas por cada alumno/a, os seus comportamentos e posibles dificultades, entre outras cuestións, á vez que se incluía, dita información, na base de datos da FSG.

Ata aquí a breve descrición da experiencia, pero, antes de pechar, gustaríame destacar a relevancia deste ámbito de actuación, no que considero que a Educación Social ten moito que achegar, polas súas posibilidades no que ten que ver

co desenvolvemento integral dos menores e pola súa función mediadora, de establecemento de conexións entre os diferentes axentes educativos. Como a FSG, eu tamén creo que a educación é o motor do mundo. Garantir unha educación de calidade é esencial para o logro da inclusión social e a ruptura do círculo da pobreza. ■

REFERENCIAS

- ÁLVAREZ FERNÁNDEZ, A. (2018). Promociona. Por el éxito escolar de la comunidad gitana. In X.M. CID, S. RIVEIRO, M.V. CARRERA, M. CASTRO, J. RODRÍGUEZ, A. FERNÁNDEZ-SANMAMED, F. CANDIA (Coords.). *Educación social e escola: análise da última década (2006-2016)* (pp. 191-199). CEESG/NEG.

OUTRAS ESCOLAS

A investigação em programas Erasmus+ como objeto intergeracional

Paula Quadros-Flores
paulaquares@ese.ipp.pt

Daniela Mascarenhas
daniela@ese.ipp.pt

Maria Inês Pinho
inespinho@ese.ipp.pt

Escola de Educação do Instituto Politécnico
do Porto

Laura Martinez
Centro Educativo Arangoya
laura.martinez@arangoya.net

Karolina Dobi Barišić
Josip Juraj Strossmayer University of Osijek
Faculty of Education
kdobi@foozos.hr

REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932
Páx. 59 - 61

CONTEXTUALIZAÇÃO

Educar na atualidade é um desafio complexo, requer um compromisso social compartilhado (Unesco, 2022). Isto significa que a formação do cidadão não deve ser de forma isolada, mas aberta ao outro na construção de saberes e de valores sociais, de capacidades que o tornam pensadores críticos e criativos, autônomos, participativos na sociedade, comunicativos, eticamente responsáveis na relação com o outro. O programa Erasmus+ apoia projetos de cooperação internacional permitindo parcerias e intercâmbios entre países do espaço europeu pelo que a mobilidade oferece uma ampla gama de oportunidades de contactos intergeracionais e de investigação contribuindo para uma educação de qualidade, inovadora e inclusiva.

Neste âmbito, a investigação assume um papel relevante como foco de convivência intergeracional e de respeito mútuo aquando da identificação de necessidades, expectativas e preocupações que criam oportunidades para que uns aprendam com os outros. Assim, o nosso projeto teve como propósito pensar a robótica e o pensamento computacional para a Educação Infantil. Envolveu estudantes da formação inicial de diferentes mestrandos profissionalizantes da Escola Superior de Educação do Instituto Politécnico do Porto (ESE), estudantes do Centro Educativo Arangoya, de Bilbao, e a Faculdade de Educação, Josip Juraj Strossmayer University of Osijek, Croácia.

Cada um dos participantes investigou e realizou experiências no seu contexto integrando robôs, como o Blue-Bot e o Cubetto (Figura 1). Foram realizados encontros a distância e presenciais.



Fig. 1. O Blue-Bot e o Cubetto



Fig. 2. Práticas educativas com Blue Boot e Cubetto

Os primeiros foram focados na partilha de saberes construídos sobre as vantagens e desvantagens da utilização desses recursos didáticos nessa faixa etária. Debateu-se a necessidade da educação se ajustar às mudanças, nomeadamente à integração pedagógica de tencologias que ajudam na promoção do pensamento computacional. Segundo Wing (2006), o pensamento computacional ensina a pensar na resolução de problemas e a desenvolver capacidades analíticas nas crianças. Ensina a pensar de forma recursiva, a prevenção, a proteção e a recuperação de cenários, estimula o raciocínio heurístico para descobrir uma solução. Já a robótica permite tornar os conceitos ligados à programação e pensamento computacional tangíveis fomentando o saber-fazer de forma tátil, na relação que o aluno estabelece as suas ideias com os artefactos e visualiza resultados imediatos (ME, 2016). Santos et al. (2023) mostram como ensinar a desenhar soluções usando fundamentos do pensamento computacional.

Os encontros presenciais ocorreram no Porto e em Bilbao e tiveram como objetivo a observação das práticas educativas em contextos reais, o conhecimentos das respetivas

escolas parceiras e o convívio intergeracional provocador de diálogos culturais, pedagógicos e técnicos, o entendimento e respeito entre todos. O encontro entre instituições e gerações tem um propósito de participação útil e, segundo Aminguinho (2005), tem sentimento e sentido. Estas práticas intergeracionais são mediadas por afetos e resultam em satisfação como uma alavanca positiva para a autoestima e autoconfiança.

DISCUSSÃO DE RESULTADOS

As experiências realizadas nos países participantes revelam que a robótica, em especial a integração do Blue-Bot e do Cubetto, associada ao pensamento computacional, traz vantagens na articulação curricular, nomeadamente orientação espacial, lateralidade, oralidade, escrita e literacia digital. Além disso, promove o desenvolvimento de capacidades pessoais, como o pensamento crítico-reflexivo e criativo, pensamento lógico e de autoregulação na resolução de problemas, persistência e atenção no processo de aprendizagem, e a promoção de capacidades sociais e emocionais no diálogo argumentativo e ético com o outro.

Mostram, ainda, que são recursos caros e que quando mal integrados nas estratégias pedagógicas não revelam as potencialidades referidas, sendo que exigem formação pedagógica e técnica do docente para fomentar aprendizagens significativas de acordo com o objetivo da aula (Figura 2).

Num momento presencial, estudantes e professores de Bilbao conheceram o laboratório da ESE, apresentaram as suas práticas com o Cubetto e observaram práticas educativas em escolas reais no Porto (Figura 3).

Numa perspetiva cultural e intergeracional, este grupo de Bilbao visitou o Porto num convívio harmonioso entre estudantes, professores e professora titular da turma do 1.º CEB (Figura 4).

Já o grupo do Porto deslocou-se a Bilbao para conhecer a escola parceira e as suas atividades educativas sobre o estudo. Neste contexto, conheceu a cidade num convívio de troca de saberes e de experiências que incluiu um guia turístico (Figura 5).



Fig. 3. Observação de alguns recursos expostos na ESE e de uma aula numa escola do 1.º CEB.



Fig. 4. Convívio cultural no Porto



Fig. 5. Convívio cultural em Bilbao

CONSIDERAÇÕES

O Programa Erasmus+, apesar de focado na mobilidade de estudantes e profissionais, tem elementos intergeracionais que promovem a interação entre diferentes faixas etárias. É o caso da investigação conjunta que desempenha um papel fundamental na construção de saberes e de valores entre diferentes gerações com culturas distintas. Além disso, fomenta a compreensão e a discussão de conceitos que favorecem a qualidade da educação e a empatia de gerações ao permitir que investigadores de diferentes faixas etárias e espaços geográficos discutam processos de aprendizagem que interessam às crianças e vivenciem essas experiências em realidades diferentes. Assim, consideramos que a investigação, integrada em programas Erasmus+, aumenta a compreensão intergeracional e a capacidade de empatia para o bem comum. Este artigo contribui para uma compreensão mais profunda dos benefícios da investigação em programas Erasmus+ na promoção intergeracional. ■

REFERENCIAS

- AMIGUINHO, A. (2005). Revista Portuguesa de Educação, 18(2)7-43. CIEd - Universidade do Minho.
- DIREÇÃO GERAL DE EDUCAÇÃO (DGE) (2016). *Iniciação à Programação no 1.º Ciclo do Ensino Básico: Linhas Orientadoras para a Robótica*. Ministério da Educação
- SANTOS, M., QUADROS-FLORES, P., FERNANDES, D., MASCARENHAS, D. (2023). Inovar a Educação com o pensamento computacional: Uma experiência didática no 4.º ano de escolaridade. *Sensos-e* X(2)49-63. DOI 10.34630/sensos-e.v10i2.4920
- UNESCO (2022). *Reimaginar nossos futuros juntos: um novo contrato social para a Educação*. Organização das Nações Unidas para a Educação, Ciência e Cultura.
- WING, J. (2006). Computational Thinking. *Communications of the ACM*, 49(3) 33-35. <https://doi.org/10.1145/1118178.1118215>

CYBERTOWN 2D: Xogo dixital sobre Ciberseguridade



Alberto Pampín Pérez
Universidade de Santiago de
Compostela (USC)
alberto.pampin@rai.usc.es

REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932
Páx. 62 - 63

A aparición de Internet cambiou por completo as nosas vidas, producindo grandes avances nos eidos da investigación, a saúde e por suposto a educación. Aínda que os avances son sempre positivos, o seu uso masivo deu lugar á aparición dos que empregan esta ferramenta con fins maliciosos. Os ciberataques como o *phishing* ou o *ransomware* e a fraude *on-line* non fan máis que aumentar, tal e como demostran os alarmantes resultados do balance realizado polo Instituto Nacional de Ciberseguridade de España (INCIBE, 2022a). Malia que moitos usuarios e usuarias cren que os riscos que os axexan na Internet están asociados aos coñecidos *hackers*, a verdade é que moitas veces son eles mesmos os que se poñen en perigo mediante prácticas de risco como o *sexting*, que a miúdo remata coa difusión de contido íntimo, o *revenge porn* e o *cyberbullying*. Estas prácticas teñen especial importancia na adolescencia, xa que se trata dunha etapa con importantes cambios no plano psicolóxico, biolóxico e interpersonal (Steinberg, 2008). Sumado a isto, cómpre destacar os cada vez máis comúns problemas de adición ás TIC. Un estudo levado a cabo pola Fundación Barrié (2022) mostrou que un 95,7% dos dez mil adolescentes enquisados ten o seu propio *smartphone* con conexión a Internet e que o 78,8% está rexistrado en 3 ou máis redes sociais (YouTube, Instagram, TikTok...), nas que o 10,5% pasa 5 horas diarias.

Dende a Administración pública estase tratando de remediar esta situación mediante campañas de concienciación e outros recursos, así como incluíndo no currículo básico da LOMLOE contidos de Ciberseguridade dentro da Competencia Dixital. Mais... que efectividade están a ter estas medidas entre o profesorado, familias e alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria? Coñecen os riscos máis básicos e as campañas e servizos sobre Ciberseguridade que a Administración pon á súa disposición? Co fin de avaliar estas circunstancias, elaborouse e adminístrouse un cuestionario *on-line* entre os meses de xaneiro e marzo de 2023. En total participaron 1120 persoas, as cales se agruparon en 4 perfís tal e como se amosa na Fig. 1.

Os resultados obtidos dan respostas rotundas ás cuestións presentadas ante-

riormente. Na Fig. 2 pódese observar como o *smishing*, o risco máis común na actualidade, é un misterio para todos os perfís. Ademais, a falsa crenza de que calquera páxina web que teña un cadeado (🔒 HTTPS) é segura está amplamente entendida - *Si, así é, é un mito! Se acabas de descubri-lo lendo este artigo... Xenial! Xa serviu para algo.* En canto á efectividade dos esforzos da Administración por difundir as súas campañas e servizos, a Figura 3 demostra que aínda queda moito traballo por facer. Finalmente, dos 1120 participantes, tan só 92 souberon identificar que o número telefónico 017 corresponde á liña de axuda en Ciberseguridade do INCIBE.

Os resultados do cuestionario avalan a preocupante situación que vivimos, mais resignarse e aceptar que as cousas son así nunca é unha solución. Polo tanto, decidiuse desenvolver un recurso que permitise á cidadanía, en especial ao alumnado de Secundaria, mellorar as súas competencias en Ciberseguridade e que axudase a dar a coñecer os recursos, campañas e institucións existentes. Con esa finalidade nace CYBERTOWN 2D (<http://bit.ly/cybertown-2d>), un xogo 2D con estilo Pixel Art que evoca aos primeiros xogos da franquía Pokémon. Para o seu desenvolvemento partiuse dos aspectos positivos e puntos a mellorar dos recursos interactivos que a Administración lanzou nos últimos anos, facendo especial fincapé no aspecto didáctico. Mediante a técnica do *storytelling* trátanse tres casos reais; o primeiro deles sobre *smishing* e fraude en Internet, o segundo sobre compras *on-line*

seguras e o último sobre *sexting* e a importancia da privacidade na Rede para evitar a difusión de contido de carácter íntimo. CYBERTOWN 2D busca concienciar sobre estas situacións e proporcionar ferramentas que permitan identificar e evitar estes riscos, así como outras que axuden a remediar os erros que se cheguen a cometer. O recurso da a posibilidade de expandir a información proporcionada a través de ligazóns a recursos nos sitios web do INCIBE, a Oficina de Seguridade do Internauta (OSI) —que depende do INCIBE— e a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Este recurso foi presentado nun centro de Educación Secundaria onde o alumnado do primeiro curso dedicou dúas sesións de cincuenta minutos a xogar e avaliar dita experiencia. A súa valoración foi moi positiva: CYBERTOWN 2D logrou captar a súa atención dende o primeiro momento, ensinándolles a identificar os riscos máis comúns e dándolles a coñecer outras ferramentas coas que defenderse na Rede. Entre os aspectos mellor valorados cómpre destacar a inclusión de casos reais, a explicación das causas e consecuencias de cada risco e o emprego dunha linguaxe fácil de comprender.

A Ciberseguridade representa un dos maiores problemas da sociedade actual. Malia os grandes esforzos da Administración por protexer e formar a cidadanía, aínda queda moito por facer, polo que resulta indispensable seguir traballando e desenvolvendo recursos efectivos como CYBERTOWN 2D. ■

REFERENCIAS

- FUNDACIÓN BARRIÉ. (2022). *Adolescencia, Tecnología, Salud y Convivencia*. <https://fundacionbarrie.org/prevencion-estudio>
- INSTITUTO NACIONAL DE CIBERSEGURIDAD. (2022a). *Balance de Ciberseguridad*. https://www.incibe.es/sites/default/files/paginas/que-hacemos/balance_ciberseguridad_2022_incibe.pdf
- STEINBERG, L. (2008). A social neuroscience perspective on adolescent risk-taking. *Developmental Review*, 28, 78-106. <https://doi.org/10.1016/j.dr.2007.08.002>




Fig. 1. Diagrama sectorial da participación no cuestionario




Fig. 2. Coñecemento sobre ataques na rede




Fig. 3. Coñecemento sobre ciberseguridade



Fig. 4. Interfaz de Cybertown 2D

A radio escolar: unha oportunidade para a interxera- cionalidade



Lucía Abarrategui Amado
Universidade Santiago de Compostela
lu.aba@hotmail.com

REVISTA GALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932
Páx. 64 - 66

INTRODUCCIÓN

Habitamos un contexto que, en termos demográficos, está marcado polo descenso da natalidade e o aumento da esperanza da vida. Unha situación que incrementa as posibilidades de que persoas afastadas a nivel cronolóxico se crucen polo camiño. Unha oportunidade de enriquecemento non só a nivel individual senón tamén sociocomunitario que a escola debería aproveitar, xa que a interxeracionalidade responde na súa esencia «á vivencia dun inicio e unha finitude da vida encaixadas nunha época que lle dá sentido» (Sánchez, 2009, p. 10) e malia todo, entre os obstáculos que atopa polo camiño está a segmentación por idade en contextos de participación e formación. Ese afastamento está detrás de moitos estereotipos asociados ás persoas maiores, mais tamén á mocidade que contribúe coa discriminación por unha cuestión de idade. Idadismo que provoca unha redución «da calidade de vida das persoas maiores, aumenta o seu illamento social e a súa soidade (ambos asociados a graves problemas de saúde (...))» (Organización Panamericana da Saúde, 2021, p. 18).

Estes impactos negativos para a calidade de vida son froito de procesos de exclusión que acaban por afectar toda a sociedade. O currículo educativo recolle a interxeracionalidade en relación a temáticas como o ciclo vital, o patrimonio ou a historia, mais a educación interxeracional está conectada coa perspectiva da educación ao longo da vida e, por tanto, pode desenvolverse en distintos contextos e mesmo vencellalos. De feito, os Programas Interxeracionais (en adiante PI), como prácticas orientadas a tecer relacións dende a heteroxeneidade xeracional, promoven o sentir comunitario. Estas cuestións das que estamos a falar (interxeracionalidade, educación ao longo da vida, comunidade e inclusión) semellan un correlato dos elementos que configuran o medio *radio* en tanto é unha ferramenta flexible, que permite desenvolver diversas funcións, con implicacións pedagóxicas diversas. Ademais, potencia a conciencia crítica, o espírito investigador e contribúe co desenvolvemento de habilidades comunicativas e

sociais cunha forte conexión sociocomunitaria. Por iso, consideramos que a radio é un recurso interesante para a promoción da interxeracionalidade na comunidade educativa.

PROGRAMA INTERXERACIONAL DE RADIO: CEIP BAROUTA

O traballo de investigación que presentamos baséase no deseño, desenvolvemento e avaliación dun Programa Interxeracional de radio que tivo lugar no CEIP Barouta (Ames, A Coruña), con alumnado de 6º de Primaria e persoas maiores da contorna entre xaneiro e abril do 2016. Para deseñar a devandita experiencia tomamos como base propostas como as de Kaplan e Sáez (2010, p. 116-108) mais con adaptacións ao sentido do noso programa.

Así, en primeiro lugar analizamos o contexto do CEIP Barouta, que contaba nese momento con 252 alumnas/os e 21 docentes. En segundo lugar, traballouse na planificación do PI en termos cronolóxicos, espaciais, de organización e recursos. Ademais preparáronse as actividades e dinámicas a través dunha metodoloxía didáctica baseada na reciprocidade, a inclusión, o traballo colaborativo, a conexión coa comunidade e no aprender a aprender dende un enfoque dialóxico e endógeno. O PI deseñouse a través de oito sesións nas que se traballou a temática do patrimonio cultural empregando a radio como vehículo e dende un enfoque interxeracional. O resultado foi un programa de radio que se emitiu en Radio Ames en directo e quedou posteriormente, como *podcast*, a disposición da comunidade.

As sesións e actividades estiveron fundamentadas no pro-



Dous participantes da experiencia interxeracional, no CEIP Barouta, gravando unha entrevista.

ceso de traballo radiofónico recollendo unha primeira fase de selección temática (reunión de contidos) e configuración de grupos, un proceso de produción (na que se deu a investigación, documentación e gravación de recursos relacionadas coa temática do patrimonio) e realización. Fases que responderon aos obxectivos marcados: o fomento das relacións entre xeracións, a promoción do avellentamento activo (entendendo esta estratexia como unha oportunidade na área da saúde, a participación, a educación e a seguridade), a mellora das habilidades comunicativas e sociais, e a posta en valor do patrimonio e a creatividade.

METODOLOXÍA

O traballo ten unha dimensión empírica, que consiste no desenvolvemento do PI, e outra de avaliación que nos sitúa na avaliación de programas, un enfoque que opera nun contexto real, orientado á mellora, que ten carácter intencional, sistemático e enfoques diversos. Neste sentido, pode apoiarse nunha combinación de metodoloxías e técnicas na que «(...) a súa aplicabilidade está condicionada e definida en cada caso polo tipo de

problema, aspecto ou temática que se está a investigar» (Escudero Escorza, 2016: 7). A proposta avaliativa do PI que nos ocupa cimentouse en tres fases: preavaliación da actitudes, aptitudes e consciencia do proxecto (etapa preavaliativa), seguimento do desenvolvemento da actividade (avaliación do proceso) e coñecemento do resultado á luz do relato das persoas participantes e o observado cunha constancia os obxectivos fixados (avaliación do resultado). Neste sentido, recolleamos os datos a partir das producións das persoas participantes, das observacións recollidas no caderno de campo, das entrevistas realizadas a participantes (20 persoas), familias (13) e profesorado (2).

TRATAMENTO DOS DATOS

Unha vez recollidos os datos optamos pola análise cualitativa dos mesmos operando en tres pasos a partir de autores como Amado, Costa e Crusoé (2014): redución da información (a) a través da separación de unidades de rexistro, categorización e codificación, síntese e agrupamento. Posteriormente, pasamos á disposición e transformación dos

datos (b) e, en terceiro lugar, á obtención de resultados e verificación de conclusións (c). Neste proceso axudámonos do software *Atlas-ti e*, ao remate, triangulamos os datos analizados por separado (entrevistas, producións, notas e guión) en relación a catro grandes categorías (avaliación do PI, efectos do PI, patrimonio cultural e radio). A continuación, procedemos á discusión interna dos datos e, por último, puxemos en diálogo os datos obtidos cos doutras investigacións similares. Froito deste proceso agromaron os resultados e conclusións.

RESULTADOS E CONCLUSIÓN

O Programa Interxeracional desenvolto no CEIP Barouta supuxo unha práctica educativa innovadora que subliñou a potencialidade da radio como recurso para a promoción da interxeracionalidade. En primeiro lugar, os datos amosan que o traballo colaborativo de persoas maiores e nenas e nenos para a creación dun programa de radio facilitou a quebra de estereotipos. Unha quebra que ten que ver co carácter dialóxico da actividade,

o intercambio de emocións e os coñecementos e ideas que forneceu o proceso.

Ao mesmo tempo, o programa supuxo unha oportunidade para que as persoas maiores accedesen a un espazo ao que normalmente se aproximan en calidade de «transmisores» pero no que, neste caso, atoparon un vehículo para participar dende dinámicas de equipo. Un convite á participación que reverteu nun proceso inclusivo e no que o alumnado adquiriu conciencia arredor do ciclo vital. Ambas xeracións puideron albiscar elementos comúns entre elas, derrubando a fronteira da idade que, no inicio da actividade, estaba moi presente. Ademais, confirmouse a radio como elemento motivador para a participación e a xeración dun discurso interxeracional propio con avances en termos de habilidades comunicativas e sociais. Apréciase que os lazos establecidos entre xeracións e o incremento da empatía espalla o interese de ambos colectivos entre si, impactando nas familias, a relación profesorado-alumnado e na comunidade. Ademais, as sinerxías coa comunidade e a contribu-


ción das persoas participantes forneceu uns vimbios moi significativos no traballo do patrimonio cultural.

En conclusión, a radio é un recurso con moito potencial na promoción das relacións interxeracionais e a escola é un contexto clave para que os beneficios, que se poidan derivar das relacións entre persoas de distintas idades, poidan transcender a comunidade e impactar no camiño cara a unha sociedade máis inclusiva. ■

REFERENCIAS

- AMADO, J., COSTA, A. e CRUSOÉ, N. (2014). A técnica de análise de contéudo. En J. Amado (Coord.), *Manual de investigación cualitativa em educação* (pp. 301-355). Impresa da Universidade de Coimbra.
- ESCUDERO, T. (2016). La investigación evaluativa en el Siglo XXI: Un instrumento para el desarrollo educativo y social cada vez más relevante. *RELIEVE*, 22 (1), Artículo 4. <http://dx.doi.org/10.7203/relieve.22.1.8164>
- GUTIÉRREZ, M. e HERRÁIZ, G. (2009). La sinergia intergeneracional. Monográfico la intergeneracionalidad. *Espai Social*, 9, 25-32.
- ORGANIZACIÓN PANAMERICANA DA SAÚDE (2021): *Informe Mundial contra el Edadismo*, Organización Mundial da Saúde. <https://doi.org/10.37774/9789275324455>
- SÁNCHEZ, M. (2009). La necesidad de los programas intergeneracionales. Monográfico la intergeneracionalidad. *Espai Social*, 9, 10. https://www.coeescv.net/docs/Revistas%20EspaiSocial/espai_social_09.pdf

PUBLICIDADE



De sempre a relación entre as crianzas máis pequenas e os seus avós deixou pegada nas dúas xeracións



Ás veces pensamos que aos preadolescentes non lles interesa a relación cos adultos, pero nada máis lonxe da realidade



Análise do currículo oculto sobre o medio rural en libros de texto en Galicia



David García Romero
d.garcia.romero@usc.es

Jesús García Álvarez
jesus.garcia.alvarez@usc.es

Universidade de Santiago de Compostela

Aurelio Prado
Amarelante S. Coop
litoprado@hotmail.com

REVISTA GALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932
Páx. 67 - 70

INTRODUCCIÓN

Na última década o medio rural foi pasando a ocupar un espazo máis central no debate público. En ocasións, dende unha protesta social con voz endóxena, mais outras veces por parte de quen quere aproveitar o fio de atención e un nicho de mercado ou voto.

Os mundos rurais teñen unha ampla historia de invisibilización e estigmatización (Saco Álvarez, 2010), sendo reducidos ao sector primario e considerados atrasados. Ao mesmo tempo, a distancia cos centros de poder e a baixa representatividade nas institucións de coñecemento e goberno, sitúan as aldeas nunha periferia do sistema da que non se escoita a voz e, por conseguinte, o rural está definido dende fóra, a miúdo por aquilo do que carece dende a perspectiva das necesidades do mundo urbano.

A industria cultural ten unha clara relevancia neste asunto, mais tamén debemos ter en conta a relevancia do sistema educativo na creación destes imaxinarios que, dende unha perspectiva xeralmente situada na hexemonía, constrúen as persoas habitantes do medio rural como «un outro».

Este traballo pretende iniciar unha análise sobre como o currículo oculto debuxa o imaxinario das aldeas e as súas habitantes. Para facelo, seguimos a estela do traballo de Verdegaia (2010) na análise de libros de texto, no seu caso, sobre conceptos antiecolóxicos; no noso, sobre o relativo a urbano e rural.

Para isto, no marco da Comunidade de Accións e Saberes Arredor do Rural (www.arredordorural.org), confórmase un traballo conxunto entre integrantes da cooperativa Amarelante, estudantado do Grao de Educación Social e o seu profesorado na materia Educación e Sociedade en Galicia. Seguindo unha metodoloxía de Aprendizaxe-Servizo, configúrase unha metodoloxía na que o estudantado é protagonista do proceso.



MÉTODO DO ESTUDO

Este traballo elabora unha análise crítica sobre a imaxe presentada nos libros de texto sobre o medio rural e o medio urbano, para propoñer liñas de actuación de deconstrución do currículo.

Combínase a investigación xunto coa metodoloxía ApS, posto que involucra o estudante nun proceso que combina formación con participación social. Como fundamental na experiencia de aprendizaxe-servizo atopamos tamén a colaboración cunha entidade externa á educativa, neste caso Amarelante, que permite que os referentes de coñecemento do alumnado non sexan unicamente académicos e que resoen coas necesidades inmediatas da realidade social.

O estudo consiste nunha investigación cualitativa que implica a análise de contido (Flick et al, 2004), na que participan 29 estudantes do Grao de Educación Social, 2 persoas membros da cooperativa Amarelante e 3 docentes da Universidade de Santiago de Compostela.

A mostra de libros de texto a analizar constituíuse dos libros de Ciencias sociais e Ciencias naturais do segundo e terceiro ciclo de Educación Primaria que se puideron atopar no catálogo da Biblioteca da USC, incluíndo as seguintes editoriais: Xerme, Anaya, Edelvives e Obradoiro.

É necesario indicar que a mostra analizada non é suficientemente ampla como para considerala representativa dos libros de texto de Educación Primaria de Galicia, pois estes poden variar en grande medida entre editoriais. Non obstante, constitúe o obxectivo desta experiencia realizar unha primeira achega ao material empregado para resaltar os puntos de conflito a logo afondar.

O procedemento de análise levouse a cabo ao longo de cinco fases: 1) reflexión compartida sobre a realidade do medio rural mediada por Amarelante nunha viaxe inicial a Manzaneda como contexto de exemplo; 2) análise inductiva do contido dos libros de texto escollidos en equipos de tres persoas; 3) triangulación dos resultados preliminares entre os grupos de alumnado,

co profesorado e con Amarelante, decidindo as categorías de análise que se amosan nos resultados; 4) análise deductiva do contido a través das categorías definidas na triangulación, de novo en grupos de tres persoas; 5) posta en común da análise dos grupos e integración dos resultados.

RESULTADOS

Os resultados analízanse a través de tres categorías territoriais (rural, urbano e rururbano) e tres temáticas (adxectivación, actividades e problemáticas/solucións).

A ADXECTIVACIÓN

Polo que respecta ao medio rural, aparece adxectivado de maneira positiva en tanto que lugar tranquilo, verde, saudable, silencioso e con vexetación, así como familiar e íntimo. Dende o punto de vista negativo, aparecen adxectivos como atrasado, pobre, despobado, incomunicado, analfabeto e precario.

No caso do medio urbano, defínese como grande, moderno, dotado de novas oportunidades (laborais e vitais), servizos e medios de transporte. Fai-

se referencia a construcións resistentes, iluminadas e amplas. Pola contra, atópanse referencias negativas á contaminación, o estrés e as aglomeracións.

A adxectivación do que entendemos por medio rururbano ten que ver co seu tamaño, máis grande que a aldea e máis pequeno ca a cidade. Así, por un lado, fálase da existencia de servizos básicos e a seguridade, limpeza, tranquilidade e silencio, xunto coa existencia de vexetación. Mais no mesmo faise referencia a menores comunicacións e transportes, así como á modificación dos ecosistemas naturais.

ACTIVIDADES

As actividades relacionadas co medio rural perfílanse en dúas direccións. Por un lado, aquelas relacionadas co sector primario, incluíndo a produción de enerxía (aeroxeradores, madeira...). Por outro lado, coa actividade do turismo rural, tamén amplamente representada. Neste senso, o turismo rural é tamén referenciado no caso das actividades de lecer, que abranguen tamén as actividades deportivas na natureza como o excursionismo e os deportes de montaña. Aparece tamén a importancia da relixión e hai referencia á existencia de centros culturais. Hai tamén referencia explícita ao descanso como forma de lecer.

No medio urbano refírese a notable cantidade e variedade de actividades das que se dispón. No eido económico aparece o comercio e consumo, así como a industria. Tamén ten ampla representación a construción, o traballo de oficina, as industrias culturais e artesanía, xunto ca actividade económica de servizos e o turismo cultural e de negocios,

onde se referencian múltiples formas de lecer.

Pola súa parte, no medio rururbano, as actividades económicas das que se fala son os traballos de construción, industriais e de comercio. En relación ao lecer, refírense o turismo e os centros culturais.


AS PROBLEMÁTICAS E SOLUCIÓNS

Cando se fala do medio rural, o despoboamento abrangue un amplo protagonismo, e relaciónase co atraso tecnolóxico, o envellecemento da poboación e a falta de oportunidades laborais e sociais. Apúntase así a existencia de precariedade e pobreza. Reflicítese tamén a escasa comunicación co urbano. Estas dificultades aparecen xeralmente presentadas como una realidade dada e ante a que non se suxiren vías de solución.

Os problemas do medio urbano relaciónanse coa contaminación, as aglomeracións, a falta de seguridade e axitación social e a baixa calidade de vida, que ten que ver tanto cos elementos anteriores como coa mala alimentación ao atopar produtos procesados e envasados xeralmente en plásticos. Fronte a estas problemáticas faise referencia á mellora progresiva das condicións traballo, a medidas individuais como pasear por xardíns e andar pola natureza, e solucións políticas como as medidas contra a contaminación.

Os conflitos que se atopan en relación co medio rururbano localízanse de novo na intersección entre o rural e o urbano ao falarse, por unha banda, da contaminación e, por outra, da escasa afluencia de transporte. Con respecto a isto, non se atopan referencias a posibles solucións ou liñas de acción.





DISCUSIÓN E PERSPECTIVA

Atopamos, tres problemáticas destacables:

Por un lado, hai unha clara identificación do medio rural coa pobreza e o fracaso, mentres que se identifica o medio urbano coas oportunidades e o éxito. Nunha mesma tónica, cando se fala de lugar normalizado que habitar, fálase do medio urbano, mentres que o medio rural constitúe un lugar a visitar de vez en cando, e do que obter recursos, xustificando así a súa posición de dominancia. Nótese que se propoñen solucións a problemas urbanos, mentres que non aos do medio rural, podéndose dicir que se «dá por perdido». Finalmente, identifícase unha falta de referencia ao espazo rururbano, perfilando unha visión errónea de dous mundos moi polarizados, sen un espazo intermedio ou continuo.

O estudantado e a necesidade dun compromiso máis crítico das editoriais, así como dunha reflexión por parte do profesorado na utilización destes materiais. Dita reflexión necesita dunha formación máis próxima ao medio rural, máis contextualizada neste. Na mesma tónica, propoñen tamén a realización de actividades de deconstrución directamente co alumnado. ■

Ademais das persoas firmantes, este traballo está elaborado por:

Natalia Abal Mille; María Álvarez Dios; Inés Bermúdez Testa; Mariña Caamaño Rico; Marta Álvarez Vidal; Andrea Arrieta Pérez; Mariña Violeta Barba Iglesias; Lucía Basanta Trillo; Yolanda Fernández Troncoso; María Freire Fernández; Lía Germade Fuentes; Alba Gil Bermúdez; Miriam González Alvite; Tamara Granja Sánchez; Noa Groba Bargiela; Candela Hornet de Sousa; Carmen Juncal Lorenzo; Camila López; Nerea López Barreiro; Minerva Lorenzo Góñez; Arian Louro Calvo; Vanesa Martínez Gil; Antonio Pedro López Oliver; Maite Pellegrino; Alicia Pérez Lago; Paula Pérez Martí; Xiana Rolán González; Cynthia Romero Castro; Laura Romero Tubío

REFERENCIAS

- FLICK, U., VON KARDOFF, E., & STEINKE, I. (Eds.). (2004). A companion to qualitative research. Sage.
- SACO ÁLVAREZ, A. (2010). Desarrollo rural y despoblación en Galicia: escenarios y desarrollos de futuro. *Ager: Revista de estudios sobre despoblación y desarrollo rural= Journal of depopulation and rural development studies*, (9), 11-30.
- VERDEGAIA (2010) O Currículo oculto dos libros de texto. Autoedición. Recuperado de https://www.verdegaia.org/wp/wp-content/uploads/2020/07/curriculo-oculto_web.pdf

Luísa Villalta: a vida non era suficiente

LETRAS GALEGAS 2024



Imaxe do arquivo da AELG

Poucas figuras, de entre aquelas ás que se lles ten dedicado o día das Letras Galegas, resultan tan polifacéticas e versátiles como a de Luísa Villalta. Malia o carácter prematuro da súa morte, cultivou os tres grandes xéneros literarios da tríada romántica (poesía, narrativa e teatro); mais tamén se achegou ao ensaio, xénero no que plasmou, ademais, a súa forte dimensión interartística, pois á súa produción literaria engade a faceta musical, dada a súa condición de violinista. Os títulos dos seus poemarios conteñen, a miúdo, algunha referencia ou conexión coa música: *Música reservada* (1991), *Ruído* (1995), *Modulación de Orfeu* (2002). E nos seus ensaios é, quizais, a figura que mellor retratou ese espazo liminal entre música e literatura no ámbito galego en obras como *O outro lado da música, a poesía* (1999), *A lingua dos sons* (2003) ou *A música e nós* (2003).

Este íntimo nexos entre as dúas artes, expresado no propio termo «lírica», atopou, desde antigo, plasmación en mitos que revisitaron decote os poetas como xeito de daren expresión simbólica a un xiro recursivo e metapoético. A recorrencia e importancia na tradición literaria occidental de mitos como o do propio Orfeo, Apolo, as musas ou Filomela explícase, xustamente, porque neles atopou a poesía un xeito de volverse, recursivamente, sobre a arte, de fundir a musicalidade do poema e a da propia música, de procurar


María López Sánchez

Académica de número da Real Academia Galega

Departamento de Didácticas Aplicadas
Universidad de Santiago de Compostela.
maria.sandez@usc.es

REVISTA GALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932
Páx. 71 - 72



Placa na casa de Luísa Villalta na Coruña. © Estevoaei

na expresión bela e musical da dor un modelo para a palabra poética. Nese esteo sitúase, de xeito privilexiado, a figura e a obra de Luísa Villalta, que na súa potencia interartística evoca a doutras figuras que transitaron entre artes ou puxeron en diálogo distintas formas de expresión, entre os que destaca, no noso ámbito, Castelao, pola súa maxistral combinación de arte plástica e literaria. A poesía de Villalta ínza-se de imaxes que transitan da palabra á música e á inversa:

Isto é poesía, un ruído provocado», ou «o rito da palabra / tensa a pelo do mundo: un tambor que desperta.

É moi posible que esa condición de artista dual fose a que favorecese a dimensión novamente interartística, entre texto e fotografía, do seu libro Papagaio, no que os poemas de Villalta se imbrican coas fotografías de Maribel Longueira. Confórmase, así, un produto semiótico total, un macrotexto que fai unha aposta singular polo tránsito entre

artes, pola interacción entre códigos, polo pensamento e a ampliación da vida a través das súas múltiples plamacións artísticas. Significativamente, no poemario citado imponse, por veces, un abafante silencio coral, como se o enmudecemento requirise da convocatoria doutra arte, a da imaxe.


Mais cómpre engadirmos ao cadro a intensa actividade cultural, que fixo de Luísa Villalta unha activista da cultura que compartiu o seu compromiso coa lingua e a cultura galegas a través da docencia cunha personalidade e un selo de seu do que dan testemuña os numerosos alumnos e alumnas nos que deixou unha indeleble pegada. A súa actitude comprometida plasouse, asemade, na participación en mobilizacións colectivas, como a que supuxo a marea negra do prestige, e en causas como a do feminismo, abordando explicitamente o mundo da prostitución no seu poemario Papagaio (2006). Luísa Villalta ilustra paradigmaticamente o feito de que escoller o galego como lingua de creación tende a implicar, de seu, un compromiso que soborda o propio idioma, como se a escolla dunha lingua minorizada supuxese,

de partida, unha maior sensibilidade cara a outras formas de marxinação e subalternidade.

Se é un tópico asentado o do grupo dos músicos que morreron aos 27 anos, na literatura galega podería, por desgraza, facerse outro dos poetas que nos deixaron demasiado cedo. Luísa fíxoo dous anos máis nova aínda ca Rosalía. E como non lembrar figuras truncadas, como a de Manuel Antonio ou o propio Aurelio Aguirre, que descansa no mesmo cemiterio de San Amaro que acolleu a Villalta, na cidade na que viviu e que poetizou: «cidade tatuada na pétrea pel do mar», a cidade que lle correspondeu poñendo o nome da poeta a unha das súas rúas. En Coruña permanece, coma en ningún outro sitio, a presenza e a pegada da autora. O 28 de setembro de 2014, a Asociación de Escritores en Lingua Galega inaugurou unha placa memorial na súa casa: «Nesta casa viviu e soñou a poeta Luísa Villalta. Aquí as súas mans modelaron a lingua, os sons, o que habita no outro lado da música, na poesía».

Na cidade da Coruña, no cemiterio de San Amaro, repousa, fronte ao mar, ao carón de Francisca Herrera, Eduardo Pondal, Juana de Vega ou Manuel Murguía. Gústanos imaxinar que o vento do mar -ese mar que ela imaxinou seminal na rompente da súa escumazoa con ecos de versos e música entre as lápidas de San Amaro, con Orfeo tocando as cordas de arume dun violín para Luísa, a nosa Filomela, cantora nunha lingua ferida, escolleita e anovada na súa musicalidade, para expresar, con toda a plenitude de matices, os temas dun tempo vivido, malia a súa brevidade, coa intensidade dobrada da arte. ■

DIVERsiXOGO, un proxecto da vida no CEE María Mariño



María Belén Pereiro Rozas
CEE María Mariño (A Coruña)
lenvagalumeando@gmail.com

REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932
Páx. 74 - 75



Patrimonio Lúdico Galego

A idea dunha escola para todas as idades e para todas as xeracións é algo no que cremos e soñamos na nosa escola e que vén daquela idea dunha sociedade para todas e todos sen importar idade, cultura, sexo, raza, *relixión*, diversidade funcional ou orientación sexual, achegando valor e voz a cada individuo. Sánchez et al. (2007) afirman que estes programas «son fonte de solidariedade e poden considerarse instrumentos adecuados para a mellora da integración e a cohesión da nosa sociedade».

As relacións entre xeracións outórganos crecemento mutuo e permiten a participación de toda a comunidade educativa. Para iso traballamos cunha serie de actividades planificadas e medidas, cunha programación na que se tiveron en conta todos os aspectos incluídos nos obxectivos e onde os participantes intercambiaron e creceron da man sendo conscientes de todo o que ao seu redor sucedeu como un *plus* á nosa aprendizaxe e á nosa escola, vivindo a aventura, unha aventura en galego.

A dita colaboración veu da man dos xogos, aqueles que Einstein definía como a forma máis elevada de investigación e que no noso caso asumimos como certa. E desde logo, non calquera tipo de xogo, senón aqueles xogos que son a nosa historia, eses xogos aos que a xeración xogou, cos que creceu e aprendeu, e en moitos casos creou.

Esta aventura no noso cole, o Centro de Educación Especial *María Mariño*, situado nas Xubias, na cidade da Coruña, xorde dunha necesidade exposta pola comunidade educativa por coñecer xogos tradicionais, programando obxectivos específica e intencionadamente para alcanzar os seus fins, planificando coidososamente e asegurándonos de que todas as persoas que interveñen no programa entenden e se recoñecen como fundamentais e facilitadoras deste. Ademais, queríamos que tivese continuidade no tempo e que non fosen accións illadas sen fío, co fin de conseguir un impacto positivo permanente nas xeracións participantes... Deseñamos todas as ac-

Diversa, a representante das persoas maiores no centro e o seu barco das palabras



Un grupiño xogando ao pai-fillo-nai.



Romaría popular celebrada no colexio ao remate do proxecto.

tividades baixo o paraugas do *Deseño universal de aprendizaxe* como o marco que rexe a nosa metodoloxía, e xeramos recursos motivadores que inclúan o total dos implicados con esa mirada na que todas e todos son esenciais, cunha metodoloxía activa e colaborativa na que ten un valor esencial a creación de redes e onde todos e todas crecemos da man.

Chegou o momento de deseñar de xeito coordinado, desde o Equipo de Dinamización da Lingua Galega do centro, co Centro de Día de Mondego co que realizou o deseño, e sumamos axentes e redes de apoio ao noso proxecto. Contamos tamén coa Federación Galega de Deporte Autóctono, que se incorporou a todas as sesións dando soporte técnico na persoa de Lois Fontán e outros compañeiros, e apoio de todo tipo formando parte do que xa é a nosa familia diversa. Nesa familia contamos tamén con Manuela Vázquez Coto, investigadora especialista no xogo da *bugalliña*. Tivemos tamén a sorte de contar coa axuda do MELGA (Museo Etnolúdico de Galicia) na cesión de material, e do MUPEGA (Museo Peda-

górico de Galicia), que organizou unha xornada de xogos tradicionais no noso colexio, Gaiteiros do Pedroso, Pandeiroteiras da Casa do Zoqueiro e a coordinadora dos EDLG na nosa provincia.

Comezamos o proxecto a partir do mes de outubro do curso académico 2022-2023 e na semana previa a cada sesión dos sete encontros realizouse material a traballar nas aulas. O traballo previo consistía na explicación da sesión e do xogo que tocaba poñer en acción empregando sistemas aumentativos e alternativos de comunicación que favoreceron a súa comprensión por parte dos participantes. Ademais, para cada práctica desde o Centro de Día realizaban un vídeo no que nos explicaban de xeito práctico os xogos que aprendemos (a *chave*, a *petanca*, *billarda*, *pita cega*, *tartaruga*, *bugalliña*, *mariola*, *buxaina*, *xogo dos aros*, *zapatíño quieto*, *acocho*, *zancos* e *pai-fillo-nai*). Tamén incorporamos a todas as sesións cantigas populares e o xogo do barco. Todas e cada unha das sesións se converteron nunha marabillosa montaña rusa de

emocións cunha mesma dinámica de desenvolvemento, e serviron para crear lazos verdadeiramente fermosos que culminaron cunha romaría popular o 16 de maio, véspera do Día das Letras.

Diversixogo é unha experiencia que abre portas e move consciencias e corazóns a través dunha ensinanza colaborativa e multidisciplinar entre xeracións, introducindo no centro os xogos tradicionais galegos.

Trátase dun proxecto no que a inclusión e a equidade indica o camiño, no convencemento de que as sociedades máis sabias son as que coidan do seu e dos seus, máis alá da aprendizaxe dos xogos tradicionais. Foi unha experiencia de vida, con todo o que isto implica e coa que vos invitamos a soñar. ■

REFERENCIAS

- SÁNCHEZ, M. (Dir.). (2007). *Programas intergeneracionais. Hacia una sociedad para todas las edades*. Fundación «La Caixa» (accesible en <https://lc.cx/Jy2s9y>).

Un proxecto de país



Fernando Lacaci Batres

Membro do equipo fundador da Confederación ANPAS GALEGAS e o seu presidente ata setembro de 2023

anpasgalegas@gmail.com

www.anpasgalegas.org



REVISTA GALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932
Páx. 76 - 77

Cómpre falar da Confederación ANPAS GALEGAS, que celebra agora o seu X aniversario, e cómpre comezar dicindo que non foi nin unha arroutada de catro iluminadas, nin un proceso casual que xurdise como unha lumieira ocasional, non houbo nada como: «oe, e por que non facemos unha confederación?». E se tal digo é porque ás veces pénsase que o que corresponde ao voluntariado tamén se caracteriza pola súa fragilidade. Non tal, no mundo do asociacionismo só é voluntario o interese inicial, o traballo posterior é tan serio e profesional coma calquera outro labor humano.

Por iso está ben testemuñar que a Confederación xurdiu logo dun proceso de varios anos, onde as diferentes Federacións de Anpas que a iniciamos fomos desenvolvendo o ideario, a intención, os obxectivos e o esquema xeral do que queríamos facer. E certamente o que nós queríamos non estaba feito, nin había sinal de que ninguén fose por ese camiño: unha confederación de ANPAS que defendera que Galiza tiña que ter un xeito de seu no Ensino público. Nun ensino que, non só pero si fundamentalmente, ten que ser:

Público, porque rexeitamos que exista ensino concertado.

Gratuito, dun xeito absoluto, e con todas as consecuencias.

Laico, a fe relixiosa, calquera fe relixiosa debe estar fóra (pois non debe estar fóra o tratamento cultural das relixións, que é diferente).

Inclusivo, nel debe haber un lugar para todas as crianzas, e un apoio para calquera circunstancia.

Profesional, porque o Ensino ten que abrirse a outras profesionais que sumen nun proxecto educativo máis amplo que a soa docencia.

Pero, sobre todo, por riba de calquera outra cousa, e complementándoas todas, o que nós defendemos é que o Ensino público que queremos ten que ser GALEGO, galego na lingua, no pensamento, na cultura, na xeografía, na identificación coa contorna, no aproveitamento da nosa realidade, na definición dos obxectivos e na valoración dos alicerces sobre os que

se monte algo tan significativo como acompañar as novas persoas que se están incorporando ao noso mundo, explicarlles cal é o lugar onde están, e como poden entendelo, aproveitalo e gozalo para o resto da súa vida.

Por iso nacemos como ANPAS GALEGAS, non só por termos un nome —para nós polo menos— bonito e reivindicativo, senón para definirmos no noso obxectivo e na nosa dedicación: somos as asociacións de nais e pais que pensamos que o esforzo educativo, que xa se goberna aquí, ou debera, ten que ser responsabilidade compartida de todas as galegas e galegos; debe ser noso, como nosas inevitabelmente serán as consecuencias dese traballo.

E con ese ideario, con esa ilusión, coa seguranza que trae facer as cousas de xeito e sen présas, decidimos saír á luz un 30 de novembro de 2013, hai algo máis de dez anos, e comezamos a traballar cun traxe novo e colectivo nos mesmos esforzos nos que xa viñamos cadaquén de nós facendo dende había anos.

Agora quizais tocaría neste artigo enumerar o que fixemos, contar como nacemos con pouco máis de 200 ANPAS ata chegarmos ás preto de 420 da actualidade, como o noso discurso foi callando nun mundo —o das anpas— no que facía e segue a facer falta un cambio transcendental que rache cun modelo de traballo que, afundido pola incuria das diferentes administracións educativas, acabou caendo na organización de festas e servizos, limitando, e en moitos casos eliminando, a súa función fundamental: a de formar parte activa dunha comunidade educativa, onde a presenza das familias ten que ser un piar imprescindíbel, se queremos que o proceso edu-

cativo sexa o da formación de persoas, non só de alumnado.

Poderíamos falar das múltiples campañas feitas, sobre a atención educativa domiciliaria, a gratuidade dos libros de texto, a accesibilidade dos centros educativos, a defensa das enfermeiras escolares, que logo ampliamos á necesidade doutros colectivos como as educadoras ou traballadoras sociais, a constante interpelación e relación cos partidos políticos para que completasen os seus programas educativos con outros valores, a participación nos foros autonómicos sobre drogas, xogo ou alcohol...

Pero eu quixera falar hoxe de tres fitos fundamentais en ANPAS GALEGAS; o primeiro foi a loita constante contra a LOMCE, esa lei ominosa que nos tivo oito anos ocupadas tentando evitar a súa aplicación e minimizar os seus efectos. Foron centos de horas as que dedicamos a dar charlas informativas, a impedir as reválidas, a reclamar a volta á democracia nos consellos escolares, a rexeitar os seus efectos discriminadores para as menos favorecidas. Non sabería dicir que parte temos na súa derogación, pero si que podo dicir que cando aconteceu sentimos que o noso traballo tiña unha razón e unha recompensa. Non foi tempo malgastado, máis é certo que foi un tempo que —noutro mundo mellor— podíamos ter utilizado para avanzar e non só para loitar contra o retroceso.

O segundo fito foi, e segue a ser, a constante defensa do rural galego, como sinal de identidade, máis tamén como a realidade na que viven unha morea de persoas galegas novas, que teñen dereito cheo a ter as mesmas oportunidades de se formar que calquera outra do ámbito urbano. E que

tamén teñen dereito a continuar no rural a súa vida futura como traballadoras, veciñas e participes dunha contorna moderna e renovada.

E o terceiro fito é o peso que foi collendo no noso pensamento o moi amplo e valioso concepto da atención á diversidade. Se ANPAS GALEGAS é unha realidade para este mundo no que vivimos, se somos a referencia grande para a meirande parte das asociacións de nais e pais deste País, é porque o noso traballo está sempre peneirado pola necesidade de incorporar todas as nenas e nenos, con todas as características e todas as realidades, no mundo educativo.

Educación sen contar coas demais non é educación. Cando utilizamos aquilo que nos foi dado pola natureza para desnivelar o resultado que podemos obter como colectivo fronte a aquelas que non tiveron a mesma sorte, demostramos ser mala xente. Para nós, a actuación do sistema educativo só pode ter como obxectivo dotar de oportunidades a quen quizais non as tería se non houberse quen lle dese o que precisa, e compensar a errónea distribución de opcións que a humanidade, e a sociedade que montamos, outorga a cada crianza. É obriga de todas asegurar para elas o mellor futuro que calquera de nós poida conseguir. A iso se dirixe o que facemos todos os días.

E así levamos dez anos traballando, somos máis cada día que pasa, e temos un enorme futuro por diante, o que ten a xente que traballa polo ben común e por unha sociedade onde a solidariedade, o coidado e a colaboración sexan a razón pola que nos levantamos cada día.

E todo isto, por suposto e sempre, en galego. ■

EDUCADORAS/ES
POLA PAZ

AGAPPAZ

(9) NOVA
ESCOLA
GALEGA



Día Escolar pola *Non*violencia e a Paz

Respostas educativas en rede perante as violencias sistémicas

30 DE XANEIRO, 2024

Grupo de Traballo Educadoras/es pola Paz

Nova Escola Galega

neg@neg.gal

REVISTA GALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932
Páx. 78 - 79

A indiferenza e a apatía son potentes aliados da violencia. Nestes tempos, o non tomar medidas educativas para facer fronte ás profundas inxustizas no mundo tradúcese, tarde ou temperá, en tolerar e banalizar a violencia, en condonar a súa perpetuación.

A saber. Unha parte importante da nosa realidade global está formada pola pobreza sistémica e extrema, polo auxe de líderes con tendencias autoritarias, e por unha proliferación de conflitos bélicos en diferentes puntos do mundo. Para nomear só algúns destes, os combates entre faccións militaristas de Sudán continúan desprazando millóns de civís e provocando miles de mortes por desprotección e fame; perdura a guerra sen sentido en Ucraína¹; agudízase a represión do pobo sahariano na súa loita pola auto-determinación; e persisten os bombardeos israelís contra o pobo palestino, causando ata a data máis de 23.000 vítimas civís mortais en Gaza —un 70% delas crianzas e mulleres—, así como a destrución sistemática de hospitais, centros educativos, medios de comunicación, e todos os medios de vida máis básicos na Franxa.

Este asedio desatado polos gobernantes israelís contra Gaza está a provocar un cruel sufrimento sen precedentes na historia do conflito², polo que o Estado de Sudáfrica denunciou o asalto israelí perante o Tribunal Internacional de Xustiza (TIX) da ONU por considerar que se trata dunha

- [1] Para unha análise iluminadora da mesma, véxase o libro de Medea Benjamin e Nicolas J. S. Davies (2022): *War in Ukraine: Making Sense of a Senseless Conflict* (Nova York: O/R Books).
- [2] Benjamin, Medea e Davies, Nicolas J. S. (2024, 11 xaneiro). A Chance to Hold Israel—and the US—to Account for Genocide. *CounterPunch*. <https://www.counterpunch.org/2024/01/11/a-chance-to-hold-israel-and-the-us-to-account-for-genocide/>.

campaña de xenocidio e limpeza étnica, é dicir, dun crime contra a humanidade. Porén, desde as instancias do poder na Unión Europea, reina un silencio sepulcral —agás honrosas excepcións, como a española— non só sobre a brutalidade dos ataques israelís senón tamén sobre o seu xuízo no TIX³ —iso cando non se emiten apoloxías en apoio a Israel, tal e como fixo recentemente o goberno de Alemaña, apoloxía que a Presidencia de Namibia condenou durante as deliberacións do TIX—. O que agrava esta falta de compaixón pola poboación palestina por parte da maioría dos Estados occidentais (a pesares das atrocidades e da magnitude do sufrimento na Franxa) é, ademais, a case nula retransmisión do proceso contra Israel no TIX a través dos medios de comunicación de masas dos países máis ricos do mundo⁴.

Incúmbenos non aceptar como «normal» este estado tan violento das dinámicas no mundo.

É hora, entón, de poñer mans á obra de educar o noso alumnado na cultura alternativa da paz e da *nonviolencia*, entendida esta última como unha soa palabra para potenciar o seu significado como concepto. É unha cultura alternativa non só porque rexeita a guerra, senón porque se opón á banalización predominante das inxustizas estruturais (sistémicas): pobreza, racismo, etnocentrismo, sexismo e capacismo, entre outras formas diversas de opresión (ou, pola contra, de privilexios arbitrarios). É alternativa porque sabemos que responder militarmente aos conflitos só consegue prolongar a violencia a longo prazo.

[3] Europa Press (2024, 14 de xaneiro). Namibia condena el apoyo de Alemania a Israel ante la CIJ como víctima de genocidio durante la era colonial. *Europa Press*. <https://www.europapress.es/internacional/noticia-namibia-condena-apoyo-alemania-israel-cij-victima-genocidio-era-colonial-20240114141045.html>

[4] Por exemplo, as deliberacións aínda abertas do TIX non se vén reflectidas na maioría de xornais dixitais e noticieros de España a 16 de xaneiro de 2024, pero as noticias dixitais e televisivas de *Al Jazeera* (con sede en Qatar) están a seguir o caso a diario.

Por iso a meta co fomento educativo da cultura da nonviolencia é normalizar a empatía, o diálogo, a comprensión das causas de raíz dos conflitos no mundo, e o respecto interpersoal, inter-grupal, entre culturas e entre nacións. Xa non podemos permitir máis indiferenza, máis silencio, nin máis inacción dada a tráxica preponderancia da violencia nas nosas sociedades, sobre todo nas poboacións excluídas desa zona de existencia conceptualizada polo lúcido pensador anti-colonial antillano Frantz Fanon como a «zona do ser»⁵. Con esta noción, Fanon criticaba (nos anos 1950) esa zona imaxinada de existencia supostamente superior —a do supremacismo branco-eurocéntrico— coa que imperialistas e colonos desprezaban e explotaban os pobos doutras rexións do mundo, pobos cuxos tons de pel e costumes diverxían das normas europeas. Eses *outros* habitaban a «zona do non-ser», conforme a ollada supremacista.

Por desgraza, tales pautas de dominación e subordinación perduran nun mundo actual dividido entre un Norte/Occidente rico e un Sur/Oriente empobrecido. A mera comparativa das medidas tomadas na Unión Europea para facilitar o refuxio, a acollida e o asilo das vítimas do conflito en Ucraína, fronte á case nula existencia de medidas para as vítimas do asedio en Palestina, pon en evidencia este trato preferente e agravio comparativo moi inxusto.

Unha pequena xoia de libro de Cécile Barbeito Thonon, *122 acciones fáciles (y difíciles) para la paz* (2016, Los Libros de la Catarata), pode servirnos de inspiración á hora de resistir estas tendencias e promover en rede a cultura da nonviolencia, unindo esforzos e tecendo redes de aprendizaxes alternativas, evitando a individualización ou illamento. A seguinte breve selección dalgúns dos apartados do libro mostra como a autora aborda os

[5] Fanon, Frantz (2009). *Piel negra, máscaras blancas*. Madrid: Akal.

múltiples tipos, capas e ámbitos de acción que poderíamos tomar:

«Desarmar e desmilitarizar» (por exemplo, rexeitando en rede as visitas educativas a bases militares locais —visitas que adoitán reforzar a imaxe positiva das mesmas—, e rexeitando en rede a presenza militar nos nosos centros educativos; ou participando tanto na redacción de cartas aos nosos gobernantes como en xogos virtuais deseñados para procurar alternativas diplomáticas e comunitarias ás guerras ou aos conflitos entre bandas).

«A estratexia do caracol»... que leva o seu lar ás costas (establecendo redes de comunidades educativas que acollen crianzas e outras persoas desprazadas pola guerra, acollida que tería implicacións tanto para as crianzas en cuestión e as familias acolledoras como para os centros educativos correspondentes a eses fogares e as entidades sociais e estatais que median nese labor).

«Apazionar as escolas» (elaborando programas educativos en rede de mediación e resolución non violentas de conflitos nos centros educativos e tamén nas veciñanzas dos mesmos; e establecendo programas de educación para a paz que se levarían a cabo de varias maneiras: como unha materia solta ou como compoñente de varias, ou como accións de sensibilización, implicación e creación que incidan nos diferentes espazos dos centros escolares ou barrios; e participando en trocos educativos entre centros e entidades locais, nacionais e internacionais, nos que se fomenta o valor da nonviolencia como alternativa).

Para concluír, estas pinceladas representan só unha pequena parte dos valiosos recursos pedagóxicos que están a rular nas redes e nas bibliotecas⁶. Vamos forxar máis, colectivamente! ■

[6] Véxase, por exemplo, o documento de Lugo por Palestina: "30 de xaneiro. Día da non violencia e a paz. Acción por Palestina": <https://drive.google.com/file/d/18Dsh307nq2cjl8SKWoeh0mK4mVSrfWLV/view> (lugoxpalestina@gmail.com).

PANORAMA

Xosé Ramos Rodríguez

jose.ramos.rodriguez@edu.xunta.gal

Xosé Manuel Malheiro
Gutiérrez

xmalheiro@udc.gal

Nova Escola Galega

REVISTA GALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932
Páx. 80 - 86

ACTUALIDADE DA POLÍTICA EDUCATIVA

No que levamos de curso e de ano temos unha chea de novas, de propostas e de polémicas. Vexamos.

* Aparece o primeiro informe PISA pos-pandemia. Sempre marcamos dende esta sección unha sa distancia: polo que avalía (competencias en lingua, matemáticas e ciencias) e polo que non (outras materias e ámbitos, valores, actitudes...); pola característica do organismo promotor (OCDE), polo relativo e o enganoso que implica establecer clasificacións etc. Pero o escenario é similar a outras avaliaciós. Uns (gobierno central e/ou autonómicos) sacando peito se van mellor que outros, resaltando por exemplo que, coa pandemia, España en conxunto baixou menos que outros países. Outros (oposicións varias) resaltando que os resultados son algo peores, e xa non eran bos... todo xa visto e esperable.

* Pero esta vez o Goberno central, para amosar dinamismo e preocupación, sae ao paso dos resultados do informe PISA cun plan e con diñeiro. 500 millóns de euros para reforzos en matemáticas e lingua, para formación do profesorado e para diminución da *ratio* nestas materias. Benvida sexa a preocupación e o dinamismo. E agora veñen os 'peros'.

A cantidade de diñeiro non se corresponde co obxectivo pretendido. CCOO analiza que se necesitaría o triplo só para baixar *ratios*; ANPE di que a cantidade só chega para atender o 5% do alumnado... En todo caso, habería que detallar partidas e agardar que a este esforzo de investimento se sumasen tamén os gobernos autonómicos incrementando eles este diñeiro inicial, pois son os directamente responsables e os que teñen as competencias. Pola contra, xa veremos como se distribúen nalgunha comunidade autónoma os cartos e onde van parar.

Outro 'pero' son as clases de reforzo fóra do horario. Non é a primeira vez que se establecen reforzos (recordemos o PROA) e non sempre o feito de incrementar o tempo dedicado a unha materia concorda con mellorar o rendemento na mesma. Seguramente baixar as *ratio*

é moito mais eficaz para conseguir a atención á diversidade sen períodos de tempo extra que cargan en exceso e estigmatizan. Tamén o **cambio de metodoloxía** e do currículo é fundamental a fin de presentar esta formación básica para a cidadanía como algo accesible e necesario para desenvolvernos na sociedade e non como algo complexo e cheo de algoritmos e fórmulas (caso das Matemáticas) cunha finalidade esencialmente propéutica. Claro que iso necesita tamén un serio **cambio curricular** nas etapas obrigatorias e del non se fala, parece tabú. Quedámonos co que consideramos positivo: mellorar as *ratio* e a formación do profesorado para saudar esta medida e atenderemos a como se pon en marcha e como se priorizan os investimentos.

* Outra iniciativa gobernamental sacode a actualidade despois de que voces alarmadas (e algunhas alarmistas) creen un estado de opinión desfavorable co **uso dos móbiles** nos centros. Esta vez as voces proceden de todos os sectores educativos (agás, comprensiblemente, do alumnado) e teñen pouca réplica pública. Ten tamén esta medida o acordo nada menos que do Consello Escolar do Estado e doutros como o de Cataluña. A presenza invasiva e incontrolable das redes sociais, a dependencia moitas veces obsesiva dos aparellos, a súa utilización perigosa (acoso, acceso dos menores á pornografía, enganos de todo tipo tamén delictivo etc.) forman unha rede de argumentos moi sólidos e convincentes para mesmo facer que o goberno anuncie a prohibición dos móbiles nas etapas de Infantil e Primaria e a regulación restritiva nas outras.

É un debate case sen réplica. Parece difícil razoar contra argumentos tan poderosos. Non é doado facer preguntas como as seguintes: Como prohibir na escola algo que está omnipresente na sociedade, como tamén no profesorado e no ámbito familiar?; os centros xa non permiten usar o móbil se están nunha actividade que non o necesita e polo tanto molesta, é necesaria esta prohibición xeral?, non o faremos coa súa prohibición un obxecto aínda mais desexado?, por que non se fala de incluír no currículo de xeito relevante a educación nos medios e na convivencia dixital?, como vamos prescindir por decreto dun instrumento tan poderoso que reúne practicamente todas as pantallas: televisión, cine, ordenador, tableta, navegador, lectores dixitais... e moitos instrumentos útiles: calculadora, gps, gravadora, enciclopedia, reloxo, axenda, correo, e infinitas máis?, é incómodo que o alumnado teña a un clip unha información que pode contradicir a que está recibindo na aula...? Contrastemos, fagámonos as preguntas aínda co risco de ser molestos e ir contra corrente, pois parece ser esta a única medida gobernamental non controvertida nin vilipendiada pola durísima oposición política.

* Outra volta co globo do **ensino bilingüe**, consistente en impartir materias nun segundo idioma (terceiro en Galicia). No seu día fixémonos eco nesta sección do estudo feito en Madrid por varias Universidades (Carlos III, Autónoma e University College de Londres), ao que se suma un outro estudo do Movemento de Renovación Pedagóxica Acción Educativa, agora entre o pro-

fesorado; todos eles indican poucos ou ningún avance na aprendizaxe do inglés, e claros retrocesos nas materias que se impartían nese idioma. Agora, para remachar, na revista *Language and education* publícase un estudo feito en colexios andaluces no que se afirma, ademais, que estes programas bilingües son discriminantes. Son máis atractivos para perfís sociais con máis expectativas académicas e desalentadoras para o resto. As familias con perfís socioeconómicos baixos temen (con razón) que necesiten facer un desembolso económico para procurar con clases adicionais que os seus fillos e as súas fillas non queden atrás nas materias que se imparten en inglés. Polo tanto, ademais de peores resultados, a medida produce tamén segregación escolar, que aparentemente era o que se pretendía evitar. As razóns para implantar estes programas eran mellorar o nivel de inglés nos centros públicos, onde acode o alumnado que non pode pagar clases extra ou non pode viaxar e/ou facer estudos noutros países. En Galicia, xa no cume da contradición, utilízase tamén para minorar o uso académico do galego alegando con razóns similares un presuntamente benéfico *trilingüismo*.

* A Consellería, mediante unha RESOLUCIÓN do 22 de setembro de 2023, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, convoca á participación no **programa de formación «Observa_Acción: desenvolvemento competencial desde a observación e o intercambio entre iguais»**, durante os cursos escolares 2023/24 e 2024/25, que se levará a cabo a nivel autonómico, estatal e internacional.

Faino coa finalidade de fomentar o desenvolvemento profesional nas Competencias Profesionais Docentes para a cooperación e colaboración, a construción conxunta de coñecemento e o liderado e xestión de centros a través do intercambio de boas prácticas e a observación entre iguais. Saudamos esta iniciativa aproveitando a oportunidade que propician a Unión Europea e o Goberno Español para aprender boas prácticas mediante intercambio entre os centros, propiciando ao tempo unha formación práctica, crible e en ocasións próxima, que pode resultar moi potente.

ARREDOR DA GALEGUIZACIÓN

A Escola Aberta de Formación Permanente da Universidade de Vigo vén de publicar a guía *Materiais didácticos para a promoción do galego nas aulas*, destinada ao alumnado que cursa a materia de Didáctica da lingua e da literatura infantil dentro do grao de Educación Infantil, que contén o deseño de sete prácticas dirixidas:

1. A voz, instrumento para lermos o mundo.
2. Que é ler? Do texto ao paratexto: todo conta.
3. Clásicos universais de tradición popular e as súas (re) visitasións: con que obxectivos son reescritos na actualidade?
4. Clásicos contemporáneos.
5. Poesía e música para a inclusión.
6. Álbums sen palabras: a esencia da alfabetización visual.
7. Lecturas para a diversidade, e remata cun apartado de referencias bibliográficas.

O documento, elaborado polas profesoras Isabel Mociño-González e Eulalia Agrelo-Costas, ten como obxectivo achegarse en profundidade á lectura e ao libro, con particular atención ao álbum ilustrado e ás súas múl-



Programa Escolas de fronteira

tiples dimensións (linguaxes, temáticas, formato...). Como se indica na Introducción, trátase dun traballo máis reflexivo e experiencial ao redor dos libros para as crianzas, que tenta incidir na concepción da lectura como un acto social que promove no espazo da aula un clima de confianza e afectividade entre docente e discentes, pero tamén no valor do libro como elemento transmisor de cultura e como medio capaz de fortalecer vínculos afectivos e lúdicos, a través de modelos lectores de referencia.

EXPERIENCIAS

Seis centros educativos públicos (entre Tui, A Limia e Verín) participan no programa **Escolas de fronteira**, que ten por obxecto promover as competencias bilingües e interculturais entre centros, docentes e alumnos de Galicia e Portugal en espazos fronteirizos. Este proxecto piloto tenta promover actividades culturais e pedagóxicas, así como a promoción da identidade común dos pobos galego e portugués dentro dunha perspectiva xeral de integración europea e do mundo lusófono. Para iso, faranse actividades interdisci-

plinarias que engloben as realidades de ambos os países e, en particular, o territorio fronteirizo no que se atopan as escolas. Cada centro participante realizará un proxecto en conxunto co seu centro espello portugués, e promoverase a creación e intercambio de recursos pedagóxicos.

A biblioteca é un recurso fundamental do centro educativo, mais tamén pode ser un núcleo importante de dinamización comunitaria. Oito colexios de Vigo na área de Coia participan nun programa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, «Lectura e Familia» que alenta as familias a implicarse no fomento da lectura con actividades en horario de tarde e tamén nas fins de semana, co obxecto de ofrecer as bibliotecas escolares dos centros ao conxunto da comunidade educativa. Esta iniciativa, que xa vai na segunda edición, transcende o uso tradicional da instalación como espazo de lectura para ser un núcleo dinámico de encontro e convivencia para toda a veciñanza do barrio de Coia. Mediante esta experiencia non só se reforza a competencia lectora no senti-

do máis académico senón outros formatos como o uso de tecnoloxía audiovisual e dixital. «Involucrar as familias e toda a veciñanza é moi enriquecedor. Ver que hai colas para recoller os libros é indescribible; a biblioteca escolar está viva, sempre en movemento e con ela todo o barrio», aclara a profesora Isabel Nuevo, directora dun dos colexios participantes, o CEIP «Illas Cíes».



Cartel das xornadas Terra de Miranda

ENCUNTROS E XORNADAS

Baixo o lema «Bebendo do pasado marcamos o rumbo do presente», a Casa de Cultura do Concello da Pontenova acolleu os días 10 e 11 de novembro as IV Xornadas da Terra de Miranda, organizadas por NOVA ESCOLA GALEGA. Os obxectivos que centraron estas Xornadas foron os de analizar e explicar, situándoa no seu contexto, a realidade educativa no medio rural galego, en xeral, e na Terra de Miranda en particular; identificar, a carón desa realidade educativa analizada, as características -naturais, económicas, sociais, asociativas...- que determinan o estado actual da

comarca; situar estes elementos analizados e identificados, no contexto de Galicia e na procura da concepción dunha estratexia global de desenvolvemento do medio rural e, particularmente, poñer en común experiencias educativas, asociativas e económicas que contribúan á planificación dunha estratexia galega de desenvolvemento concibida desde e para o medio rural.

O 2 de novembro de 2023 celebráronse as XVI Xornadas: «Os Recursos Educativos en Galego»: Materiais e Recursos Didácticos en Galego para unha perspectiva interxeracional. Relevancia para a normalización, organizadas pola Comisión de Cultura e Política Lingüística da Facultade de Ciencias da Educación da USC. Os seus obxectivos: «Coñecer os recursos educativos existentes en lingua galega para a educación das persoas adultas e maiores, e para o desenvolvemento dunha acción docente en perspectiva xeracional; definir estratexias e criterios para buscalos e escolmalos. Avaliar a súa relevancia para a normalización lingüística; promover a creación de recursos educativos e materiais didácticos propios adaptados ás necesidades contextuais e lingüísticas de Galicia, e impulsar a difusión de experiencias centradas na utilización e elaboración de recursos didácticos en lingua galega».

LIBROS E ENSAIOS

Educa desde el corazón. En el aula... contagia tu pasión (Editores Varios, 2023). Un compendio de textos dirixidos a profesores, mestres, familias, alumnado... «e a calquera educador que viva o ensino

e sinta os seus problemas», sinala o autor, José Antonio Labandeira Prieto, moitos anos docente comprometido no colexio dos Maristas de Vigo. Sallenta, ademais, que hai que avanzar, camiñar, nunca deterse. Na análise dos temas que aborda ao longo dos textos «vou presentando a posibilidade dun ensino activo, máis humano, libre, democrático e personalizado, onde o alumno se sinta protagonista da súa formación, responsable do seu traballo, participe da cultura e da historia, e coñecedor da sociedade que o rodea».

Pedro, o piloto de gaivotas (Editorial Belagua, 2023) é o personaxe protagonista dun conto infantil, pero tamén é o fillo do escritor Manuel Darriba, quen ideou este material para sensibilizar e dar visibilidade á discapacidade infantil a través da historia do seu pequeno de tres anos, un neno que padece unha doenza das denominadas raras, a chamada *síndrome de inversión duplicación do cromosoma 15*. *Pedro, o piloto de gaivotas* conta con ilustracións de Aida Alonso.



Cartel Premio Arume

O Premio Arume de poesía para a infancia que cada ano outorga a Fundación Xosé Neira Vilas recaeu na edición 2022 no texto *Os versos da mario-*

la, de Antón Cortizas, no que o autor reivindica a través dun xogo de palabras o xogo tradicional mediante a poesía e a ilustración. Un xogo literario sobre os vellos xogos da infancia e tamén un libro pensado para xogar coa súa lectura a través das propias ilustracións, «unha sorte de brincadeira coa palabra poética como vehículo para achegarse a un encontro entre a rapazada, máis alá da tecnoloxía ou as pantallas que predominan hoxe en día». Antón Cortizas conta cunha traxectoria ampla e sólida no mundo da literatura infantil e xuvenil: Premio Barco de Vapor en 1988 por *Memorias dun río*, e en 1995 por *Os gritos das illas Lobeiras*. Premio Merlín 2001 por *A merla de trapo*. Premio da Mostra de Teatro Xeración Nós en 1994 por *Incríble invento de Solfis, a pianista*. Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil en 2014 por *Xogando con gatos*. Ten destacado ademais, no eido da investigación no campo dos xogos tradicionais como autor de *Tastarabás. Enciclopedia de brinquedos tradicionais e uso lúdico da natureza*, que mereceu os premios Premio Rosalía de Castro á Iniciativa Editorial en 2013, e Premio Losada Diéguez de Investigación en 2014.

RECURSOS E MATERIAIS

Unha historia máis da represión franquista sobre o maxisterio. *El maestro que prometió el mar* é un filme estreado en 2023, dirixido por Patricia Font con guión de Francesc Escribano e Albert Val. Está baseado en *Desenterrando el silencio. Antoni Benaiques el maestro que prometió el mar (Desenterrant el silenci. Antoni Benaiques. el mestre que va prometre el mar*, títu-



Cabeceira da exposición *As mulleres do Seminario de Estudos Galegos*

lo en catalán), novela de 2013 do propio Escribano na editorial Blume. Narra a conmovedora historia baseada en feitos reais do mestre de orixe catalá Antoni Benaiques, destinado á Escola Nacional Mixta de Bañuelos de Bureba (Burgos) e do seu método, achegado á pedagogía de Freinet mediante a participación activa dos rapaces e o uso da imprenta escolar, que transformou a vida dos seus alumnos e tamén a de todo Bañuelos. Antoni Benaiques prometera aos seus alumnos e alumnas levalos ver o mar desde as terras burgalesas, pero a finais de xullo de 1936, o mestre desaparece. Durante máis de 75 anos, a memoria do seu traballo e da súa figura permaneceu entre familiares e antigos alumnos, ata que en 2010 un veciño de Bañuelos fixo emerxer o mestre asasinado, e traelo á realidade da foxa onde estaba sepultado.

EXPOSICIÓNS

«As mulleres do Seminario de Estudos Galegos», foi unha exposición bibliográfica, documental e gráfica situada na Biblioteca de Galicia, organizada no marco da celebración do centenario do SEG, sobre aquelas mulleres que tiveron algún tipo de relación co SEG. A exposición pretendeu mos-

trar o labor de mulleres como Pura Lorenzana, Sara Leirós, Luisa Cuesta ou Carmen Pardo Losada, que conformaban parte dunha elite intelectual con grandes inquiredanzas sobre Galicia; mulleres que entraron en espazos que ata ese momento estaban reservados só a homes, o que significou abrir camiños novos polos que transitaron posteriores xeracións de mulleres.

RECOÑECIMENTOS

Moaña, cidade amiga da infancia. O Ministerio de Mocidade e Infancia, a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), o Instituto Universitario de Necesidades e Dereitos da Infancia e a Adolescencia (Iundia) e Unicef, que conforman a Secretaría Permanente de Cidades Amigas da Infancia, recoñeceron na edición de 2023 o concello de Moaña como Cidade Amiga da Infancia polo seu labor continuado a este respecto. Un recoñecemento, que implica compartir a visión e realizar accións encamiñadas a que crianzas e adolescentes poidan gozar plenamente dos seus dereitos, contar con espazos reais de participación e desenvolverse plenamente na súa contorna máis próxima.


Xogar en galego, vivir en galego. Os nosos parabéns á Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional (AGXPT) que vén de celebrar o seu XX aniversario. A AGXPT leva dúas décadas realizando un valioso labor a prol da recuperación do patrimonio lúdico mediante a promoción e a práctica dos xogos e deportes tradicionais e populares galegos, dirixido a centros de ensino, asociacións de base, concellos ou comisións de festas... Ao longo destes vinte anos, a AGXPT vén desenvolvendo varias liñas de actuación, entre as que se atopan a creación dunha rede de información e de divulgación sobre as actividades lúdicas populares e tradicionais, a promoción e axuda á posta en marcha doutras asociacións ou entidades de ámbito local ou comarcal con finalidades semellantes ás da AGXPT, a organización de encontros, conferencias, congresos e, en xeral, calquera tipo de actividades sobre o tema, a edición de boletíns, revistas e libros, utilizando os medios audiovisuais para a información e a formación, ou a promoción e apoio de traballos de investi-

gación orientados ao inventario ou aplicación educativa, deportiva ou recreativa dos xogos e deportes tradicionais. A AGXPT forma parte —xunto cun bo número de colectivos e investigadores/as— do Observatorio do Patrimonio Lúdico Galego, e está integrada na Asociación Europea de Xogos e Deportes Tradicionais, entidade constituída por todo tipo de colectivos do continente.

Facémonos eco tamén aquí da celebración do XX aniversario do Grupo Cavila, de Nova Escola Galega, que presta a súa atención ás necesidades socioeducativas ao redor dos materiais e recursos curriculares e didácticos. Unha cuestión viva e decisiva dentro da educación actual, pois evolucionan á par dunha sociedade influída polo rápido avance das tecnoloxías. Paralelamente, as necesidades educativas varían tanto condicionadas polas demandas e intereses do propio alumnado e dos do profesorado, co que interactúan, como polas necesidades que presenta cada realidade contextual e polas das derivadas da propia evolución social, como o amplo abano de posibilidades que a dixitalización achega.



Celebración dos 20 anos da AGXPT



Chamamento á acción educativa en prol da paz e xustiza en Palestina

A DOR DE PALESTINA

Sumámonos desde aquí ás múltiples voces que denuncian ao tempo que se solidarizan coas vítimas do conflito en Oriente medio, mediante un *Chamamento á acción educativa en prol a paz e da xustiza en Palestina* elaborado polo Grupo de Traballo de Educadoras e Educadores pola Paz de Nova Escola Galega. Un chamamento que poña fin á incesante ofensiva israelí, que se remonta a máis de cinco décadas atrás, cunha crecente e desapiadada campaña de «lim-

peza étnica» executada mediante a expulsión de decenas de miles de palestinos das súas terras históricas no que se coñece como *al-nakba* –catástrofe en árabe– acompañada da destrución de aldeas, vilas e cidades palestinas e de duros e numerosos ataques con bombas, mísiles e artillería, e con diversas formas de ocupación, privación, contención, exclusión, *apartheid* e debilitación en xeral do pobo civil palestino. Como di o *Chamamento*, «trátase dunha opresiva política de persecución xenófoba continuada que ten todos os trazos para ser cualificada como un xenocidio gradual e que tornou a Franxa de Gaza nunha auténtica prisión sen teito». Esta devastadora agresión contra as 2,4 millóns de persoas palestinas de Gaza non só crea unha catástrofe humanitaria; implica crimes de guerra que atentan contra os Convenios de Xenebra, e incluso é cualificada como crime contra a humanidade, especialmente contra a poboación infantil.



A profesora María Lucía Iglesias da Cunha.
Imaxe do SEPA

UN RECORDO

A profesora da Facultade de Ciencias da Educación da USC María Lucía Iglesias da Cunha (Sao Paulo, 1965 – Santiago de Compostela, 2023) desenvolveu desde o comezo dos anos 90 do século XX unha moi importante actividade docente e investigadora, en particular no ámbito da educación ambiental, tendo sido presidenta da Sociedade Galega de Educación Ambiental. Desenvolveu a súa profesionalidade comprometida nos ámbitos da Educación Social. Mantevo interrelación singular fóra de fronteiras cara a Portugal, Brasil e Mozambique, e en todo poñía precisión analítica, corazón, diálogo e paz. Coa súa coidadosa coordinación editouse a obra colectiva *Metodoloxías de investigación cualitativa en Pedagogía Social y Educación Ambiental* e en 2023 asumiu a coordinación da Exposición *A Escola Nova... tamén entre nós (1921-2021)*, en colaboración con Antón Costa, presentada xunto co seu coidado catálogo no Pazo de Fonseca en Santiago.

ENGRACIA VIDAL ESTÉVEZ

Por Lois Ferradás

Engracia Vidal Estévez (Cambados 1930 – Pontevedra 2024), relixiosa do Sagrado Corazón, profesora de Educación Secundaria, escritora, teóloga, activista, galeguista, feminista, faleceu o pasado 23 de xaneiro.

Engracia desempeñou na súa xuventude tarefas de profesora, de directora de diversos colexios relixiosos como o de Praceres, na ría de Pontevedra, e o de Chamartín e de responsable de residencia de mozas estudantes, destacando polos impulsos de renovación pedagóxica, educación activa e participación na xestión dos colexios. As ansias de identificación coas clases populares lévarona a promover o uso da lingua galega e a poñer en marcha en Compostela unha residencia para mozas estudantes con poucos recursos económicos procedentes do medio rural, primeiro na rúa San Roque e despois na rúa Xazmíns, a residencia A Lareira, que foi tamén espazo de forxa de ideais de transformación social.

Colaborou co Secretariado de Catequese na formación de persoal e na elaboración de materiais en galego («Boa Nova») con perspectiva popular e liberadora na estela do Concilio Vaticano II. A súa formación e exercicio da teoloxía non se detivo nunca. Iniciada nos grupos de estudo con Andrés T. Queiruga, seguiu despois coa Asociación de Mulleres Cristiás Galegas «Exería» e fructificou nos seus escritos, entre os que destaca *Por unha Igrexa, tamén feminina*.

Nun plano menos destacado participou en iniciativas que se activaron nos primeiros anos da democracia (Ateneo, sindicato SGTE), especialmente



A profesora, activista galeguista Engracia Vidal Estévez

arredor da promoción do galego, da defensa do medio ambiente e do empoderamento das mulleres. Tamén a súa figura está ligada á difusión e sostemento da revista infantil *Vagalume*.

O gran servizo que Engracia fixo a Galicia chámase *Encrucillada*, a revista galega de pensamento cristián que desde 1977 sae puntualmente, sen fallar un só número, e xa van 232. Ela, como secretaria da mesa de redacción durante máis de tres décadas, fixo de todo: tramitación do permiso de publicación, xestión de suscripcións e finanzas, planificación de contidos, petición, seguimento e recepción de orixinais, ... Ela foi decisiva.

De corpo miúdo e ósos fráxiles, de onde tiraba ela as forzas para unha actividade constante, tantas veces contra corrente? Non se sabe, pero semellaba unha desas persoas que se senten chamadas a cumprir unha misión e a deixar pegada.

DOCENTES

XOSÉ TOMÁS

MEU VELLO MESTRE,
CANTO ME
GUSTARÍA QUE
ME PRESTASE UN
PAR DESAS
ENGURRAS!



EXPERIENCIAS

EMPATÍA 360



<https://tinyurl.com/yrvk86s9>

- **EMPATÍA 360°**

EMPATÍA 360° foi un festival de curtas organizado polo alumnado de 4º da ESO do IES As Barxas (Moaña, Pontevedra) centrado en traballar a empatía na adolescencia, dado o retroceso que tivo esta capacidade despois da pandemia. Por tanto, o obxectivo do proxecto consistía en recuperar e promover as relacións saudables entre estudantes, mellorar o clima escolar, resolver conflitos de forma positiva etc. Desta forma, a través da creación audiovisual o alumnado traballa e aplica os contidos citados. Esta experiencia recibiu o premio Boas Prácticas SIMO Educación 2023 na categoría de «Mellor experiencia docente de Educación Emocional».

- **Proxecto R.E.D.E.S (Recoñecemento E Descubrimiento de Espazos Seguros)**


Esta experiencia de innovación educativa no contexto universitario desenvolveuse durante o curso 2022/23 na materia de «Formación en Rede» impartida no 4º curso do Grao de Pedagogía da Universidade de Santiago de Compostela. Neste contexto, un grupo de alumnado creou unha canle de Youtube con vídeos interactivos no que o espectador é quen elixe as decisións que a protagonista vai tomando en cada un dos vídeos, creando historias diferentes para cada escolla. O obxectivo é amosar os perigos e riscos que a mocidade pode correr ao facer un mal uso de Internet e as redes sociais, dun xeito próximo e sinxelo.



<https://www.youtube.com/@proxectoredes>

- **Cantigas de Peto**

Cancioneiro elaborado pola comunidade educativa do CEIP As Covas - Meaño que recolle un repertorio centrado na música tradicional e popular de Galicia. O obxectivo desta publicación é revivir e manter o legado cultural musical entre as novas xeracións. Cada venres, antes do remate da xornada laboral, todo o alumnado do centro se xunta no patio e cantan colectivamente a cantiga proposta para esa semana e que previamente se ensaiou nas aulas.



<https://tinyurl.com/yurz8do9>

FERRAMENTAS

- TTS Proxecto Nós

Nós é un proxecto innovador posto en marcha pola Xunta de Galicia cuxo obxectivo está en crear recursos dixitais e lingüísticos que impulsen o desenvolvemento de aplicativos de Intelixencia Artificial (AI) e tamén as Tecnoloxías da linguaxe (TL). Deste xeito, téntase promover a presenza do dixital en lingua galega, proporcionando ferramentas de alta calidade entre a que destaca, entre outras, o *TTS Demo*. Esta ferramenta é un sistema de conversión de texto a voz en lingua galega baseado en redes neuronais artificiais. Está dispoñible de forma ilimitada e gratuíta na rede e pode resultar de especial utilidade para o apoio nas aulas.



<https://tts.nos.gal/>

- Dando a nota

Canle de Youtube de Nerea Seijoso, mestra de Educación Musical na escola pública, que conta con case un centenar de recursos audiovisuais para traballar coa música na Educación Infantil e Primaria. Destacan as adaptacións de cancións tradicionais galegas así como diferentes materiais relacionados coas festas e celebracións (samaín, magosto, nadal etc.).



<https://tinyurl.com/ymzwl56p>

- Guía para o desenvolvemento do plan de benestar emocional

Publicación da Consellería de Educación que pretende dotar a comunidade educativa (alumnado, profesorado e familias) de estratexias e recursos que contribúan ao coidado do equilibrio e do benestar emocional dentro dunha contorna participativa, de comunicación e apoio. Neste documento describíense diferentes situacións comúns e cotiás nos centros educativos no ámbito da convivencia e achéganse ferramentas variadas para poder afrontalas do mellor xeito posible.

GUÍA PARA
O DESENVOLVEMENTO
DO PLAN DE BENESTAR EMOCIONAL



PROFESORADO ALUMNADO FAMILIAS

<https://tinyurl.com/ymlxrn22>

NON DEIXES DE CONSULTAR...

- Igaxes

<https://www.igaxes.org/es/>

Igaxes é unha ONG creada no contexto galego para intentar combater e minimizar o número de cativada e mocidade adulta que se atopa en situación de exclusión social por causa da pobreza. Nesta organización intentan velar polo seu crecemento, coidado e desenvolvemento no ámbito educativo e profesional. Por tanto, ofrecer unha educación de calidade vólvese unha das súas prioridades. Esta páxina pode resultar de interese para aqueles docentes que teñan alumnado en situación de vulnerabilidade ou incluso para a mocidade que queira continuar os seus estudos e precise de apoios ou axudas económicas. Ademais, existe a posibilidade de colaboración directa coa organización facéndose socio da mesma.

- Web MUVi

<https://muvi.gal/>

O MUVi é o museo do videoxogo, localizado na vila de Cangas do Morrazo. O seu obxectivo é amosar a evolución histórica do videoxogo dun xeito completamente interactivo, permitindo aos visitantes do museo explorar as diferentes consolas da súa colección. Conta cunha páxina web moi interesante na que informan sobre charlas e cursos que se imparten nas instalacións do museo de xeito gratuíta, sendo moitos deles centrados na situación do videoxogo no contexto galego: a súa evolución, principais limitacións, xogos máis coñecidos do mercado etc.

- Escola de Vilarello

<https://linktr.ee/escoladevilarello>

Ligazón que permite o acceso a diferentes contidos web da Escola de Vilarello que forma parte do Colexio Rural Agrupado de Valga e na que se imparte o 2º ciclo de Educación Infantil (de 3 a 6 anos). Este espazo está organizado en cinco apartados: coñécenos un pouco máis, recursos imprimibles, localización da escola de Vilarello, páxina web e blog do CRA de Valga. Dende estas ligazóns pódese acceder a unha gran cantidade de materiais didácticos para descargar, así como coñecer todas as actividades que se organizan no día a día tanto na escola de Vilarello como nas demais escolas que conforman o CRA de Valga.

RECENSIONES

Docentes de infantil. Luthiers del futuro

Abelleira Bardanca, A., Abelleira Bardanca, I. (2023). Barcelona: Octaedro.

Por ACR



Ángeles e Isabel Abelleira Bardanca, irmás, son dúas destacadas docentes no concello de Ames, á beira de Compostela, que de modo continuado veñen alimentando con creatividade e con xenerosidade unha web, apreciada e recoñecida por moitas mestras e por nais e pais no Estado español, mais tamén desde Colombia ou Brasil, lugares onde transcendeu o seu traballo formativo. Falamos de «InnovArte. Educación Infantil», en dupla versión galega e española. En certo modo, o hórreo ou cabozo onde van gardando, de modo aireado, os grans cos que logo van compoñendo os textos e libros, que nalgúns casos foron tamén merecentes de premios desde a mirada da renovación pedagóxica.

Docentes de infantil. Luthiers del futuro é a terceira entrega. Na primeira, *Os fíos de infantil*, baixo o símil dunhas tecedoras de mantas, as autoras establecían as vinte constantes que deben estar presentes en toda práctica educativa infantil. No segundo, *O latexo dunha aula infantil*. Eloxio do cotián, trazaron dez eixos temáticos que cabe abordar na etapa, e agora céntranse na docencia, o como ser e estar na escola nun momento tan complexo como o actual, no que, ás dificultades derivadas dos hábitos ou tendencias imperantes, súmanse as consecuencias da crise económica e social que tanto impacta nas vidas de nenas e nenos.

Partindo da comparación da docencia co oficio dos luthiers, procuran aproximarse a cuestións como as concepcións e principios educativos, a didáctica, a diversidade, a formación do profesorado, as actividades e a satisfacción profesional. Afirmar que a acción máis crucial é «poñer a alma», esa minúscula peza que conecta a parte inferior coa superior, cuxa carencia produce un son oco, disperso e desordenado. As irmás Abelleira analizan as polarizacións pedagóxicas e didácticas que se viviron nas últimas décadas e delimitan o espazo que queda entre o 'todo vale' e o 'nada está ben'; entre a idealización romántica e a descarnada realidade; entre a tiranía do activismo e as ataduras do *laissez faire*; entre a condescendencia emocional e a asepsia académica; entre a aculturación elitista e a banalización festiva; entre o adiantar acontecementos e o retardar tempos; entre a sacralización dos recursos e ferramentas e o anacoretismo tecnolóxico; entre o pesimismo colectivo e o heroísmo fatuo; e entre a diferenza niveladora e a igualdade segregadora. Un libro necesario para quen queira coñecer como se vive unha profesión con compromiso coa sociedade actual e a do futuro, norteadas polo humanismo e a utopía posible.

Un texto para lectura acalmada, con anxeio de formarse, sabendo e aprendendo que educar é unha 'profesión de risco', porque enchoupa a vida enteira das e dos educadores. ■

REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932
Páx. 90 - 92

SELMA LAGERLÖF OU A CONCILIACIÓN ENTRE LITERATURA E ESCOLA

O emperador de Portugalia.


Selma Lagerlöf: Versión galega de David A. Álvarez Martínez. Aira Editorial, 2023.

Por Miguel Vázquez Freire

O nome da escritora sueca Selma Lagerlöf equivale a palabras maiores na historia da literatura infantil universal. Atreveríame a dicir que, de entre todos os autores recoñecidos co Premio Nobel de Literatura, é a única, se cadra a carón de Ruyard Kipling (como non lin nin a todos nin, moito menos!, todas as obras dos Premios Nobel, de aí o atrevemento), que ten acadado a súa excelencia literaria, alén do conseguido noutros eidos, na creación de obras dirixidas especificamente ao lectorado infantil. No seu caso, ademais, cunha obra concibida como un «libro de texto», é dicir, para o seu uso como material didáctico escolar. Ese libro foi *A marabillosa viaxe de Nils Holgersson cos gansos salvaxes* (1906), escrito pola autora, que era mestra, en resposta a un encargo do ministerio de educación do seu país, Suecia, que pretendía renovar os obsoletos modelos de manuais de libros escolares. O resultado foi un singularísimo libro de xeografía que convida os nenos e nenas lectoras a acompañar a Nils, un neno traste que, en castigo á súa mala conduta, vese reducido a un tamaño minúsculo e, trocado nunha especie de gnomo, vai percorrer as terras escandinavas de a cabalo do ganso Martín, rebelde coma el, que se une ao voo dos gansos salvaxes. Un percorrido que non se limita ao descubrimento do espazo físico senón que se abre con toda naturalidade ao espazo cultural dos mitos e lendas tradicionais. O seu éxito foi instantáneo, e non só en Suecia. En castelán e en portugués contamos con varias edicións, non todas íntegras, porque, ao ser o libro moi extenso, desde ben cedo circularon edicións abreviadas, que eluden as partes máis didácticas (e máis vinculadas ao contexto escandinavo) para centrarse en exclusiva nas aventuras do pequeno Nils.

A magnífica recepción do libro por parte dos pequenos lectores, á marxe da intervención dos mediadores escolares, demostra que a pretensión educadora non ten por que converterse necesariamente nun lastre á hora de comunicarse con eles.

E, paralelamente, o recoñecemento literario que tamén obtivo axiña proba que o modelo que, de xeito simplificado (e sen dúbida non moi apropiado), chamarei «ludista», que tiña (e ten aínda) nas *Alicias* de Lewis Carroll o seu paradigma, non é o único co que chegar á rapazada lectora. A conclusión: o educativo tamén pode ser divertido e esteticamente conseguido.





Óleo de Carl Larsson, 1908

Polo momento non contamos con ningunha tradución á nosa lingua da obra máis coñecida da autora sueca. Se a traio a estas páxinas é porque a editorial Aira vén de publicar *O emperador de Portugalía*, en atenta tradución de David A. Álvarez Martínez, unha novela aparecida en 1914. Cómpre advertir que, *sensu stricto*, non se trata dun texto para a infancia, aínda que si creo que pode interesar a lectores consolidados a partir dos 12 anos. A novela presenta dúas partes ben diferenciadas. Na primeira asistimos ao nacemento, infancia e adolescencia de Klara Fina, filla dos pobres labregos Jan e Kattrina. Esta parte si pode asemellarse máis á concepción do libro infantil, polo protagonismo da filla, aínda que xa desde o inicio o auténtico protagonista é o pai, Jan, e é desde a percepción deste que imos descubrindo os cambios da intelixente e fermosa Klara Fina. Aínda que a voz narradora é unha terceira persoa omnisciente, o acerto da autora reside en situar esa voz sempre moi próxima do universo mental de Jan, que opera coma un filtro a partir do cal se observa e interpreta canto vai acontecendo,

desde a inesperada transformación que sofre cando a parteira lle pon nos brazos a criatura que vén de nacer, ata que Klara Fina abandona a aldea para «saír ver o mundo». É un filtro que transforma todo canto rodea á filla dunha especie de halo luminoso e embelecador.

Na segunda parte (parte que non corresponde coa división en capítulos, senón coa marcha da filla, que se produce no inicio do segundo dos catro capítulos que compoñen o libro) cambia radicalmente a luz do relato, que se vai tornando máis e máis escuro ata adquirir ao remate un clímax melodramático extremo, debedor das fórmulas románticas máis desatadas, que quizais non sexa ben aceptado por parte do lectorado contemporáneo. Porén, de novo é a figura de Jan a que actúa como filtro que fai aceptable e verosímil o que doutro xeito sería visto coma inadmisíbel exceso. Pola contra, aínda cando o drama do pai, que enlouquece ao non poder aceptar tanto a ausencia como as novas que chegan da súa filla, acabe arrincando bágoas dos lectores e lectoras máis emocionais, eu considero que sería inxusto valorar *O emperador de Portugalía* como unha novela sentimentaloides. Ben ao contrario, paréceme unha moi defendible mostra de bo melodrama literario, na liña do mellor Dickens. Porque o drama do pai pobre e a filla «descarreirada» aparece enmarcado nun contexto social de inxustiza visto a través dun coidadoso retrato de figuras humanas que non se reducen a un simple esquema maniqueo. Hai, si, os personaxes ruíns característicos do melodrama (aquí, sobre todo, o xenro do cacique que o acaba substituíndo á morte deste), mais o que predomina é unha galería de personaxes vistos, non só desde a complexidade, senón mesmo cunha

ollada comprensiva que acaba atopando un fondo de humanidade, entre xeneroso e, ás veces, ferido, na maior parte deles.

Desde a perspectiva do lector actual galego, poida que sorprenda descubrir ese mundo rural sueco extremadamente pobre, aínda sometido a un réxime de dependencia caciquil con resonancias case feudais, mais isto tamén proporciona unha afinidade co noso propio pasado que seguramente reforce o interese da lectura.

Afinidade salientada, en certo xeito, por esa sorprendente elección do reino de Portugalía como refuxio imaxinario da mente doente do pobre vello Jan. ■

A RGE, UNHA PORTA SEMPRE ABERTA A TI

Indicacións para a presentación de orixinais

A *Revista Galega de Educación* (RGE) ten as súas páxinas abertas a todas aquelas persoas que desexen publicar as súas colaboracións. O que segue a continuación é un extracto de normas mínimas que se poden consultar completas na nosa web:

1. As colaboracións deben ser orixinais e inéditas. Cada autor/a faise responsable do contido do seu traballo como corresponde aos dereitos de autoría. As achegas poderán estar dirixidas ás diferentes seccións da RGE e deberán axustarse á extensión de caracteres determinada para cada unha delas (sempre con espazado incluído; ver web).

2. As achegas deberán ser remitidas en formato dixital .odt ou .docx, de xeito preferente por correo electrónico, ao enderezo rge.redaccion@neg.gal. Caso de seren enviadas por correo postal (CD ou memoria USB) farase ao enderezo:

Revista Galega de Educación
Nova Escola Galega
Rúa Luís Freire, 5, Baixo.
15706 Santiago de Compostela (A Coruña)

3. Nas referencias e citas bibliográficas procederase de acordo coas normas da APA (www.apastyle.org).

Na cabeceira do artigo figurará: o título, a autoría, profesión e lugar ou centro de traballo, no seu caso.

Na parte final, os datos de localización: enderezo de correo

electrónico e postal, mais teléfono/s de contacto.

Toda a información necesaria recollerase no modelo de *Ficha de entrega dun artigo para a RGE* que figura na páxina web.

4. As explicacións correspondentes ás notas, numeradas no texto correlativamente, indicaranse con superíndices, e deben incluírse ao remate do traballo baixo a epígrafe de *Notas*.

5. As colaboracións de texto deberán acompañarse das ilustracións (fotografías, imaxes, gráficos, cadros...) que se consideren necesarias, en arquivos complementarios e indicados con orde, sinalándose claramente no texto, mediante anotación entre parénteses, o lugar aproximado onde deben reproducirse: (INSERIR IMAXE: «aula_natureza.jpg»)

Enviaranse as fotografías ou outras imaxes e gráficos en formato dixital, cunha resolución mínima de 300 ppp (puntos por polgada), en formato JPG, TIF, PNG ou PDF. Ademais, estas sempre deben ser enviadas como documento autónomo, fóra do documento de texto.

6. Nas normas completas publicadas na web pode verse un esquema referencial para a publicación de experiencias (coas adaptacións precisas).

7. As achegas que formen parte dun monográfico da RGE deberán ir acompañadas por un resumo de 5 liñas en galego, inglés e español, así como de 5 palabras chave (galego, inglés e español) que, na medida do posible, serán extraídas do Tesouro Europeo de

Educación (<http://www.eurydice.org/portal/page/portal/Eurydice/TEE>) ou do Tesouro de ERIC (Education Resources Information Center, en www.eric.ed.gov).

8. Os traballos deberán estar escritos en lingua galega. A Redacción resérvase o dereito de elixir os títulos e subtítulos que considere máis oportunos para a publicación da colaboración, como tamén o de facer pequenas correccións para manter o estilo da RGE. Acéptanse tamén orixinais en catalán, portugués, castelán, francés e inglés. Os artigos en castelán, francés e inglés serán publicados en galego.

9. A RGE comunicarlles a cada un/ha dos/as autores/as a recepción do seu traballo e, no seu momento, a súa aceptación ou non para a publicación. No caso de devolución dun artigo aos seus/súas autores/as para a súa corrección, dispoñerase de 15 días para o seu reenvío á Redacción.

10. Os artigos enviados á *Revista Galega de Educación* serán valorados por dous ou dúas revisores/as externos de forma confidencial e anónima, segundo o sistema usual de revisión por pares, que emitirán un breve informe ao Consello de redacción sobre a conveniencia ou non da publicación. En calquera caso, o Consello de redacción resérvase a decisión final sobre a publicación ou non dos artigos presentados. Os artigos orixinais enviados á Redacción non serán devoltos. ■

LA RGE, UNA PUERTA SEMPRE ABIERTA A TI

Indicaciones para la presentación de originales

La *Revista Galega de Educación* (RGE) tiene sus páginas abiertas a todas aquellas personas que deseen publicar sus colaboraciones. Lo que sigue a continuación es un extracto de normas mínimas que se pueden consultar completas en nuestra web:

1. Las colaboraciones deben ser originales e inéditas. Cada autor/a se hace responsable del contenido de su trabajo como corresponde a los derechos de autoría. Las aportaciones podrán estar dirigidas a las diferentes secciones de la RGE y deberán ajustarse a la extensión de caracteres determinada para cada una de ellas (siempre con espaciado incluido; ver web).

2. Las aportaciones deberán ser remitidas en formato digital .odt o .docx, preferentemente por correo electrónico, a la dirección rge.redaccion@neg.gal. Caso de ser enviadas por correo postal (CD o memoria USB) se hará a la dirección:

Revista Galega de Educación
Nova Escola Galega
Rúa Luís Freire, 5 – Baixo
15706 Santiago de Compostela (A Coruña)

3. En las referencias y citas bibliográficas se procederá de acuerdo con las normas de la APA (www.apastyle.org).

En la cabecera del artículo figurará: el título, la autoría, profesión y lugar o centro de trabajo, en su caso.

En la parte final, los datos de localización: dirección de correo electrónico y postal, y el

teléfono/s de contacto. Toda la información necesaria se recogerá en el modelo de *Ficha de entrega dun artigo para a RGE* que figura en la página web.

4. Las explicaciones correspondientes a las notas, numeradas en el texto correlativamente, se indicarán con superíndices, y deben incluirse al final del trabajo bajo el epígrafe de *Notas*.

5. Las colaboraciones de texto deberán acompañarse de las ilustraciones (fotografías, imágenes, gráficos, cuadros...) que se consideren necesarias, en archivos complementarios e indicados con orden, señalándose claramente en el texto mediante anotación entre paréntesis, el lugar aproximado donde deben reproducirse: (INSERTAR IMAGEN: «aula_naturaleza.jpg»).

Se enviarán las fotografías u otras imágenes y gráficos en formato digital, con una resolución mínima de 300 ppp (puntos por pulgada), en formato JPG, TIF, PNG o PDF. Además, estas siempre deben ser enviadas como documento autónomo, fuera del documento de texto.

6. En las normas completas publicadas en la web puede verse un esquema referencial para la publicación de experiencias (con las adaptaciones precisas).

7. Las aportaciones que formen parte de un monográfico de la RGE deberán ir acompañadas por un resumen de 5 líneas en gallego, inglés y español, así como de 5 palabras clave (gallego, inglés y español) que, en la medida de lo posible, serán extraídas del Tesoro Europeo de Educación (<http://www.eurydice.org/portal/page/portal/>

[eurydice.org/portal/page/portal/](http://www.eurydice.org/portal/page/portal/) o del Tesoro de ERIC (Education Resources Information Center, en www.eric.ed.gov). Los artículos destinados a otras secciones deberán incluir solamente el resumen en gallego.

8. Los trabajos deberán estar escritos en lengua gallega. La Redacción se reserva el derecho de elegir los títulos y subtítulos que considere más oportunos para la publicación de la colaboración, como también el de hacer pequeñas correcciones para mantener el estilo de la RGE. Se aceptan también originales en catalán, portugués, castellano, francés e inglés. Los artículos en castellano, francés e inglés serán publicados en gallego.

9. La RGE comunicará a cada uno/a de los/las autores/as la recepción de su trabajo y, en su momento, su aceptación o no para la publicación. En el caso de devolución de un artículo a sus autores/as para su corrección, se dispondrá de 15 días para su reenvío a la Redacción.

10. Los artículos enviados a la *Revista Galega de Educación* serán valorados por dos revisores/as externos de forma confidencial y anónima, según el sistema usual de revisión por pares, que emitirán un breve informe al Consejo de redacción sobre la conveniencia o no de la publicación. En cualquier caso, el Consejo de redacción se reserva la decisión final sobre la publicación o no de los artículos presentados. Os artículos originales enviados a la Redacción no serán devueltos. ■

THE RGE, A DOOR ALWAYS OPEN TO YOU

Guidelines for the submission of manuscripts

The *Revista Galega de Educación* (RGE) is open to all those who wish to publish their contributions. The following is an extract of minimum standards that can be consulted in full on our website:

1. Contributions must be original and unpublished. Each author is responsible for the content of his/her work as corresponds to the rights of authorship. Submissions may be addressed to the different sections of the RGE and must conform to the length of characters determined for each of them (always with spacing included; see web).

2. Contributions should be sent in digital format .odt or .docx, preferably by e-mail, to the email address rge.redaccion@neg.gal. If they are sent by post (CD or USB memory stick), they should be sent to the address:

Revista Galega de Educación
Nova Escola Galega
Rúa Luís Freire, 5, baixo.
15706 Santiago de Compostela (A Coruña)

3. References and bibliographic citations should be made in accordance with APA standards (www.apastyle.org). The title, authorship, profession and place or centre of work, if applicable, should appear at the head of the article. In the final part, the location data: e-mail and postal address as well as contact telephone number(s). All the necessary information must be included in *the model article submission form for the RGE*, which can be found on the website.

4. Explanations of the notes, numbered consecutively in the text, are indicated by superscripts and should be included at the end of the work under the heading *Notes*.

5. The text contributions must be accompanied by the illustrations (photographs, images, graphs, tables...) that are considered necessary, in complementary files and indicated in order, clearly indicating in the text, by means of an annotation in brackets, the approximate place where they should be reproduced: (INSERT IMAGE: «[aula_natureza.jpg](#)») Photographs or other images and graphics should be sent in digital format, with a minimum resolution of 300 dpi (dots per inch), in JPG, TIF, PNG or PDF format. In addition, these must always be sent as a stand-alone document, outside the text document.

6. A reference outline for the publication of experiences (with the necessary adaptations) can be found in the complete rules published on the website.

7. Contributions that form part of a RGE monograph must be accompanied by a 5-line abstract in Galician, English and Spanish, as well as 5 key words (Galician, English and Spanish) which, as far as possible, will be taken from the European Education Thesaurus (<http://www.eurydice.org/portal/page/portal/Eurydice/TEE>) or the ERIC Thesaurus (Education Resources Information Center, at www.eric.ed.gov).

8. Papers must be written in Galician language. The Editor reserves the right to choose the titles and subtitles that he/she considers most appropriate for the publication of the contribution, as well as to make minor corrections to maintain the style of the RGE. We also accept original articles in Catalan, Portuguese, Spanish, French and English. Articles in Spanish, French and English will be published in Galician.

9. The RGE will communicate to each of the authors the reception of their work and, in due course, their acceptance or rejection for publication. If an article is returned to its authors for correction, they will have 15 days to send it back to the Editorial Office. ■

Onde podo conseguir a Revista Galega de Educación?

Podes solicitala en calquera librería de Galicia ou ben escribirmos directamente ao correo da asociación para que cha enviemos a onde nos indiques:
neg@neg.gal

Queres subscribirte?

REVISTAGALEGA DE EDUCACIÓN

Se desexas subscribirte á Revista Galega de Educación, cubre o boletín e envíao ao seguinte enderezo:

- NOVA ESCOLA GALEGA (Revista Galega de Educación)
R/ Luís Freire, 5 baixo. 15706 Santiago (A Coruña)
Subscricións por correo-e: rge.subscricions@neg.gal

boletín de subscrición

Si, desexo subscribirme á REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN, tres números ao ano, polo prezo de 34 euros. Subscribome desde o número ____.

DATOS DO/A SUBSCRITOR/A

Apelidos e nome: _____ NIF: _____

Enderezo: _____

Localidade: _____ Provincia: _____

Teléfono: _____ Correo electrónico: _____

FORMA DE PAGAMENTO (sinalar cun "X" e completar)

Domiciliación bancaria en conta (IBAN)

Titular da conta (se non é a mesma persoa)

Transferencia bancaria contra presentación de factura.

Reembolso (inclúense os gastos).

Sinatura

_____, _____ de _____ de 202__